HUB AUDIOVISUAL INDUSTRIA CULTURAL GALEGA

INFORME DE CONTEXTO E RESULTADOS

XUNTA DE GALICIA

MENU
CANCEL
Rec
MF
AWB
RAW
SLOT SELECT
DISP. / BATT. INFO
INDEX
REMOTE
AEB
Exp.SIM
CHECK
0
100%
Intelligent Li-ion Battery
DC IN
8.4V

XUNTA
DE GALICIA

Realización Axencia Galega das Industrias Culturais

Análise de impacto económico Equipo POSMARK (Universidade de Santiago de Compostela)

Santiago de Compostela, 2024

Axencia Galega das Industrias Culturais
Xunta de Galicia
Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel: 881 996 078 / 077
agadic@xunta.gal | **https://industriasculturais.xunta.gal/**

HUB AUDIOVISUAL INDUSTRIA CULTURAL GALEGA

INFORME DE CONTEXTO E RESULTADOS

Axencia Galega das Industrias Culturais

XUNTA DE GALICIA

Un impulso decisivo

Publicamos este documento coa convicción de poñer a disposición pública unha ferramenta para o seguimento dos resultados do programa **Hub Audiovisual - Industria Cultural Galega**, impulsado pola Xunta de Galicia para reforzar a posición da nosa Comunidade como un referente competitivo global en toda a cadea de valor da industria cultural e creativa.

Foi en setembro de 2021 cando puxemos en coñecemento do sector e buscamos a súa complicidade para levar adiante, de maneira conxunta, toda unha planificación de investimento, sen precedentes polas contías consignadas e pola especialización que buscabamos en cada una das liñas de axuda deseñadas. Estabamos daquela nun momento delicado, coas consecuencias da crise sanitaria aínda moi presentes, pero con toda a intención e o optimismo de poder contribuír de maneira determinante a superar moitas das dificultades que as nosas industrias culturais, nomeadamente as do eido audiovisual, estaban a vivir.

Así, durante o trienio 2021-2023, o Goberno galego foi quen de poñer en marcha toda unha serie de accións extraordinarias de apoio ao sector, cun investimento de 9,6 M€ do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional dentro do eixo REACT-UE do programa operativo FEDER 2014-2020 para facerlles fronte aos efectos da Covid-19 e coa idea de dinamizar a economía, incrementar a competitividade e favorecer o desenvolvemento deste sector estratéxico para Galicia.

Foron tres anos de traballo intenso, de revisión continua de puntos de partida, de xestión dinámica conforme as necesidades prioritarias de cada momento, nunha sinerxía na que intensificamos aínda máis a relación con axentes culturais de Galicia. E acadamos, tamén, sumar canles de acción específicas para o eido musical, así como para a dotación de equipamentos e materiais técnicos que puideron adquirir empresas e entidades nun proceso de mellor capitalización tecnolóxica de cara ao futuro.

Pasado este tempo, e á vista do estudo que agora se presenta, elaborado polo grupo de investigación **Posmark** (Persoas, Organizacións Sostibles e Márketing) da Universidade de Santiago de Compostela, non podemos máis que certificar que o esforzo de todos e todas se traduciu en cifras moi alentadoras, que sitúan a industria cultural e creativa galega nunha mellor posición de cara a enfrontar retos futuros. Retos que podemos asumir con maior solvencia económica e, por suposto, co talento dos e das nosas profesionais, como demostra ter pechado un ano 2023 no que celebramos tantos éxitos do noso audiovisual, referente nas pantallas de todo o mundo e premiado nos principais festivais do circuíto internacional.

O estudo aborda ademais o comportamento do sector durante este período, facilitando datos que resultan imprescindibles para avaliar o impacto das políticas públicas nun exercicio de obrigada transparencia e necesaria validación dos procesos realizados. Neste sentido, a elaboración deste documento afonda no estreito proceso colaborativo levado a cabo, converténdose nunha ferramenta de alto valor para detectar prioridades, atopar equilibrios, recoller as achegas dos distintos interlocutores da industria implicados, e promover a visión estratéxica e transversal do programa.

Os resultados que se extraen desta investigación son, sen lugar a dúbidas, positivos e estimulantes. O Hub acadou un impacto económico de máis de 32 M€, contribuíu á materialización de 109 proxectos de distintas naturezas e disciplinas artísticas, creou 777 postos de traballo anuais equivalentes a tempo completo e acadou cunha taxa de retorno para a Administración galega do 21,82 % sobre o investido.

Mais non debemos considerar este documento como unha simple compilación de datos e gráficos, senón como un punto de partida para inspirar e conducir a nosa industria cultural a novos retos. E podemos facelo deixando patente unha foto fixa incontestable: a fortaleza e o pulo de todo un país cara á recuperación económica e a construción de oportunidades de futuro para a nosa cultura en toda a súa amplitude e potencialidade.

ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

O Hub Audiovisual - Industria Cultural Galega
Informe de contexto e resultados

ÍNDICE

P	Presentación	9
1.	Hub Audiovisual - Industria Cultural Galega no contexto do sector	13
2.	Os principais resultados do Hub Audiovisual - Industria Cultural Galega	37
3.	As liñas do Hub Audiovisual	57
4.	Fichas dos proxectos beneficiados	93
C	Conclusións	271
A	Anexo metodolóxico	275

PRESENTACIÓN

MENU
CANCEL
Rec
MF
AWB
RAW
SLOT SELECT
DISP. / BATT. INFO
INDEX
REMOTE
AEB
Exp.SIM
CHECK
0
100%
Intelligent Li-ion Battery
DC IN
8.4V

O sector audiovisual vén de enfrontar unha transformación substancial nos últimos anos. Diversos aspectos contribuíron a acelerar o cambio de paradigma coa aparición de novos modelos de negocio, tecnoloxías disruptivas e alteracións drásticas na produción e distribución de contidos audiovisuais. Por outra banda, tras a crise sanitaria global, produciuse un importante impulso na posta en marcha de medidas para recuperar as cifras anteriores á pandemia por parte de distintas entidades e administracións. Xunto cunha renovada e crecente demanda de novos contidos e produtos, o sector encarou unha inxección substancial de traballo nun escenario de grandes mudanzas.

A pandemia global da Covid-19 supuxo un peche abrupto e traumático de praticamente todos os sectores económicos, incluído o cultural. Desde o primeiro momento, deseñáronse e executáronse diferentes medidas para paliar os efectos negativos causados pola pandemia, que incidiron inicialmente nos gastos e no mantemento das estruturas empresariais. Así mesmo, as comunidades autónomas e outras administracións puxeron en marcha distintos programas de reactivación do ámbito cultural. No caso de Galicia, grazas ao desenvolvemento do Xacobeo, sectores como o das artes escénicas e a música se viron beneficiados tanto de fondos europeos como de fondos propios da Xunta de Galicia.

A Administración autonómica detectou a necesidade de completar e complementar estes esforzos no eido audiovisual, especialmente na parte de capacitación empresarial e de consolidación do sector, xunto con proxectos de nova creación, potenciando así un efecto incentivador (creación de emprego, sostibilidade, innovación, etc.).

A partir desta necesidade xurdiu o **Hub Audiovisual – Industria Cultural Galega**, vinculado ao Fondo REACT da Unión Europea e promovido pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia. En colaboración cos axentes do sector, procurou a recuperación a curto prazo das industrias culturais e creativas galegas, especialmente do sector audiovisual, tras a pandemia da Covid-19. O principal obxectivo foi o de contribuír ao incremento da produción de contidos, do emprego e da proxección internacional do sector. Adicionalmente, buscouse impulsar o fortalecemento do talento, a capacitación e a competitividade das industrias culturais e creativas de cara ao futuro, con medidas específicas encamiñadas a esa finalidade.

O Hub Audiovisual – Industria Cultura Galega estableceu o sector audiovisual como principal eixe de actuación, definido de forma ampla como un conxunto de subsectores que abranguen a creación e produción audiovisual de diverso formato, así como todas aquelas industrias da cadea de valor do audiovisual (produción, distribución e exhibición). A Axencia Galega das Industrias Culturais, consciente de que os esforzos do programa debían ser transversais, abriu un segundo eixe dentro do Hub Audiovisual dirixido á industria cultural e creativa galega no seu conxunto.

O programa foi dotado con 9,6 millóns de euros destinados a nove liñas de apoio, así como tamén ao desenvolvemento do proxecto da Galicia Film Commission, coa plataforma tecnolóxica para a entidade e a dixitalización de contidos audiovisuais pertencentes ao arquivo da Filmoteca de Galicia. Pola súa banda, as liñas de apoio dirixíronse á atracción de rodaxes a Galicia, á creación de propostas audiovisuais para facilitar o seu desenvolvemento, á exhibición cinematográfica de películas europeas e galegas con menor visibilidade comercial, á promoción de videoxogos, á organización de concertos en espazos da Rede Galega de Música ao Vivo, ao apoio ao sector musical co impulso de proxectos musicais galegos e á dotación de equipamentos e activos para a industria cultural e creativa co fin de aumentar a súa competitividade nun mercado globalizado.

Na procura de transparencia informativa, a Axencia Galega das Industrias Culturais pon a disposición de toda a cidadanía a presente publicación, que analiza os distintos aspectos relacionados co Hub Audiovisual – Industria Cultural Galega. Os contidos desta publicación divídense en diferentes capítulos:

O **capítulo 1** presenta e enmarca o desenvolvemento do Hub Audiovisual dentro do contexto do ámbito cultural galego da súa evolución recente, para describir as características e a cronoloxía de implantación e execución do mesmo.

O **capítulo 2** analiza os resultados globais obtidos polo Hub Audiovisual, con información estatística cuantitativa relacionada co número de liñas, axudas, contías económicas e produtos ou actuacións desenvolvidas. Analízase tamén o impacto económico que o programa tivo tanto no ámbito cultural como no conxunto da economía galega.

O **capítulo 3** detense polo miúdo en cada unha das liñas que conformaron o Hub Audiovisual, con información sobre as súas características, obxectivos concretos, posta en marcha e desenvolvemento, beneficiarios e proxectos desenvolvidos.

O **capítulo 4** achega, a xeito de fichas, información resumida de cada unha das axudas recibidas e das actuacións realizadas e estruturada por liñas, con datos das empresas, dos proxectos presentados, imaxes descritivas, actuacións e produtos obtidos, etc.

Coa presente publicación a Axencia Galega das Industrias Culturais quere darlles visibilidade e recoñecemento a todas as persoas que fixeron realidade o Hub Audiovisual e contribuíron ao éxito acadado tras estes anos de desenvolvemento, así como servir de referencia para futuras iniciativas de promoción da industria cultural e creativa de Galicia.

CAPÍTULO 1

HUB AUDIOVISUAL INDUSTRIA CULTURAL GALEGA NO CONTEXTO DO SECTOR

MENU
CANCEL
Rec
MF
AWB
RAW
SLOT SELECT
DISP. / BATT. INFO
INDEX
REMOTE
AEB
Exp.SIM
CHECK
0
100%
Intelligent Li-ion Battery
DC IN
8.4V

1.1. Introdución

O Hub Audiovisual – Industria Cultural Galega é posible a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) dentro do Eixe REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da Covid-19.

Desenvolvido pola Axencia Galega das Industrias Culturais, tivo como finalidade potenciar a recuperación das industrias culturais e creativas galegas, especialmente do sector audiovisual, tras a pandemia da Covid-19, contribuíndo á mellora da produción de contidos, do emprego e da proxección internacional do sector.

Tamén influíu noutras industrias culturais e creativas de forma significativa co obxectivo de fortalecer o talento, a capacitación e a competitividade do sector de cara ao futuro.

O impulso da industria audiovisual galega resulta estratéxico para a Xunta de Galicia, xa que permite situar a nosa comunidade como un referente na creación e produción audiovisual dentro de España e de Europa, constituíndose, deste xeito, como motor principal para o desenvolvemento doutras industrias culturais e creativas.

Coa posta en marcha do Hub Audiovisual – Industria Cultural Galega, as cifras das principais estatísticas sectoriais do audiovisual indican o impacto significativo para a industria cultural e creativa do programa de axudas europeas xestionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais.

O presente capítulo analiza, en primeiro lugar, o contexto do sector audiovisual nos seus principais aspectos, atendendo a fontes estatísticas primarias e secundarias (Observatorio Audiovisual Europeo, Instituto Nacional de Estadística, Consello da Cultura Galega, etc.) co obxectivo de establecer un marco comparativo e unha situación actualizada do sector. Adicionalmente, e de forma moi resumida, aténdense estatísticas relacionadas con outros sectores culturais para establecer un marco contextual evolutivo do sector.

En segundo lugar, o capítulo describe polo miúdo a definición, os principais obxectivos, as liñas e as medidas postas en marcha dentro do Hub Audiovisual durante os seus case tres anos de desenvolvemento.

1.2. O contexto do sector audiovisual

A partir de diversas fontes estatísticas e documentais (Instituto Nacional de Estadística, Consello da Cultura Galega[1], Ministerio de Cultura y Deporte, Eurostat...), este apartado establece de forma sintética unha situación do sector audiovisual en Europa, en España e, especialmente, en Galicia nos últimos anos, para analizar tanto as consecuencias da crise provocada pola pandemia global como a recuperación e os cambios substanciais que está a vivir o sector.

Emprego no sector

490K — **Número de persoas empregadas no sector audiovisual en Europa[2]**

2.597 — **Número de persoas ocupadas no sector audiovisual en Galicia en outubro de 2023**

4,1 % — **Representación sobre o total das algo máis de 62.800 persoas ocupadas dentro do sector no conxunto de España**

0,6 % — **Representación sobre o total europeo**

[1] O sector audiovisual en Galicia 2023. *Pode consultarse en http://conselloda cultura.gal/publicacion.php?id=4487*
[2] The European Media Industry Outlook, *publicado pola Comisión Europea en maio de 2023.*

Distribución do emprego do sector audiovisual en Europa, España e Galicia (%)

Eurostat SBS (2020) e Seguridade Social (outubro 2023)

A distribución de emprego por ámbitos é similar en Europa, España e Galicia. O maior peso atópase na produción cinematográfica e de vídeo, onde desenvolven o seu labor **catro de cada dez persoas** que traballan no sector audiovisual. Un pouco por detrás sitúanse as persoas empregadas no ámbito da televisión, se ben en Galicia o peso é algo superior á media española e europea (case o **43% do total**). Pola súa banda, a exhibición cinematográfica supón **entre o 10 e o 12%** do sector audiovisual, mentres que a posprodución se atopa **entre o 6 e o 9%** e a distribución de cine e vídeo se sitúa **entre o 1,4% e o 2,9%** do total de persoas empregadas[3].



[3] Non existen datos de emprego das empresas dedicadas en exclusiva á distribución de vídeo baixo demanda, pero a cifra total resultante non variaría os datos de forma substancial, xa que estas empresas empregan globalmente unha cantidade reducida de persoas (por exemplo, en 2022 Netflix tiña 12.800 empregados en todo o mundo).

Evolución do emprego do sector audiovisual en España e Galicia (2018-2023)

Seguridade Social (Outubro 2023)

En canto á evolución do emprego no sector audiovisual, en Galicia a Covid-19 tivo un impacto perceptible, coa perda do **2,4%** de ocupación no sector, pero a partir de 2021 e, especialmente en 2022 e 2023, o emprego recuperou a senda ascendente, aumentando un **23%** durante o período 2018-2023.



Evolución do emprego na produción e posprodución en Galicia (2018-2023)

Seguridade Social (Outubro 2023)

Os ámbitos que máis medraron no sector audiovisual no período entre 2018 e 2023 foron o da produción e posprodución de cine e vídeo. A produción pasou de 600 persoas ocupadas ata as pouco máis de **1.000**, cun **crecemento do 67%**. Pola outra banda, o ámbito da posprodución de cine e vídeo pasou de 65 persoas empregadas en 2018 ata as 146 en outubro de 2023, cun **incremento do 125%** na súa cifra nun período curto de tempo e cunha evidente tendencia de crecemento, especialmente nos últimos dous anos.



Evolución do emprego na programación e emisión de TV e na exhibición cinematográfica (2018-2023)

Seguridade Social (Outubro 2023)

Polo lado contrario, o ámbito da exhibición de cine sufriu os efectos da Covid-19 (en 2020 o emprego neste ámbito descendeu case un **22%** con respecto ao ano anterior), recuperando case na súa totalidade durante o mes de outubro de 2023 as cifras de emprego do ano 2019. O emprego no ámbito da programación e emisión de programas de televisión diminuíu un **3,6%**, mentres que o resto de ámbitos se mantiveron con poucos cambios, incrementándose durante os últimos dous anos pero aínda por debaixo das cifras máximas obtidas no período prepandemia.



Empresas do sector

En canto ao número de empresas do sector audiovisual, a información recollida pola Comisión Europea contabiliza **máis de 140.000 empresas** na UE. Pola súa banda, os datos da *Estadística Estructural de Empresas: Sector Servicios* do Instituto Nacional de Estadística sinalan a existencia de **155 empresas** en Galicia (2021) que se dedican ao ámbito audiovisual, o que supón o **4,84%** das 3.200 empresas contabilizadas polo INE en España e o **0,1%** de Europa. Estas empresas rexistraron unha cifra de negocio de **máis de 110 millóns de euros** (o **1%** de España), con **7 millóns** de euros de investimento en activos materiais (o **5,3%** do total). Dúas de cada tres empresas están situadas na provincia da Coruña, mentres que unha cuarta parte están en Pontevedra. Por último, a meirande parte se dedican á produción de cine e vídeo (**57%** do total).

Produción cinematográfica

Durante o ano 2022 rexistráronse en Galicia **28 empresas produtoras de cine** con actividade fronte ás 494 existentes en España, o que supón o **5,7% do total**, situando a Galicia en sexta posición só por detrás da Comunidade de Madrid, Cataluña, Andalucía, País Vasco e Comunidade Valenciana.

De 2018 a 2022, **o número de empresas aumentou un 56%**, pasando 18 a 28, e cun incremento especialmente importante en 2021 e 2022. Aínda que o número de empresas de produción cinematográfica tamén crece en España neste período, este é case a metade ao rexistrado en Galicia. Cinguindo os datos ao período 2020-2022, en España o incremento é do 45%, mentres que no caso de Galicia é do 87%.

Por outra banda, as empresas produtoras galegas de cine participaron na realización de **172 películas** entre os anos 2018 e 2022, das cales algo máis da metade foron longametraxes.

Exhibición cinematográfica

Europa rexistraba **8.700** espazos de exhibición no ano 2020. En 2022, Galicia contaba con **38 cines e 189 salas de exhibición**. En proporción aos datos estatais, supón o **5,2%** de equipamentos audiovisuais do total de España (**731** cines e **3.650** salas de exhibición). A pesar de producirse unha leve diminución no número de cines desde o ano 2018 (cando se rexistraron **44** cines), o número de salas apenas variou entre 2018 e 2022.

Evolución do número de títulos proxectados en cines en Galicia e España (2018-2022)

Ministerio de Cultura y Deporte (2023)

Durante o ano 2022, en Galicia exhibíronse **615 películas** diferentes, unha cuarta parte dos máis de 2.500 títulos proxectados en España, o que sitúa a Galicia no **sétimo** posto en comunidades autónomas con maior número de títulos exhibidos. Coa pandemia, o número de filmes descendeu un **23,5%** e a variedade pasou de algo **máis do 30%** de títulos con respecto do total de España a **apenas o 24%**. En 2022 a cifra supera por primeira vez os datos de 2019, o que indica un proceso de recuperación do ámbito sectorial en canto a títulos proxectados.



Evolución do número de títulos proxectados en cines en Galicia e España (2018-2022)

Ministerio de Cultura y Deporte (2023)

En 2022, os cines de Galicia tiveron **2,5 millóns** de espectadores, fronte aos **59,1 millóns** de España, o que supón o **4,2%** do total. Por outra banda, Galicia é a **quinta** comunidade autónoma con maior número de espectadores de cine, ao mesmo nivel que comunidades como o País Vasco ou Castela e León. As cifras de espectadores de 2022 sitúanse aínda un **40%** por debaixo das recollidas no ano 2019, cun proceso de recuperación lento pero constante.



Evolución da recadación en cines en Galicia e España (2018-2023)

Ministerio de Cultura y Deporte (2023)



Por último, en 2022 a recadación dos cines en España achegouse aos **368 millóns** de euros, e en Galicia a preto dos **15 millóns** de euros (**4,1%** do total). Estas cifras son en Galicia un **38%** inferiores ás de 2019, en consonancia coas cifras de espectadores, e a súa evolución reflicte unha situación de recuperación en marcha, sen alcanzar aínda as cifras previas á pandemia.

Televisión

Sobre o sector audiovisual na Unión Europea:

ANO
2022

SERVIZOS DE TELEVISIÓN
12.275

3 de cada 4
PARTES

SERVIZOS
Lineais

(9.080 canles de televisión distribuídas en 4.000 emisoras)

1 de cada 4
PARTES

SERVIZOS
Non lineais

(Servizos de vídeo á carta e plataformas de intercambio de vídeo)

EN
España

700
EMISORAS

30
CON CAPACIDADE DE OPERAR EN GALICIA

4,3 %
DO TOTAL DE ESPAÑA

Con respecto á propiedade, o mercado europeo da televisión comprende, por unha banda, un sector público con programación principalmente xeneralista dispoñible nas redes de TDT (**8% do total**); e, pola outra, un amplo sector privado que inclúe tamén canles por cable e por satélite. A pesar de ter un peso baixo, as emisoras de servizo público representan case un terzo do tempo total de visualización en Europa.

Porcentaxe de cotas de distribución de televisión en España e Galicia

Barlovento Comunicación (2022)



En España[4], o **73%** da cota de sistemas de distribución de televisión correspóndese coa Televisión Dixital Terrestre (TDT). Por outra banda, **case o 17%** son servizos de televisión por protocolo de internet, ou IPTV (as televisións das provedoras como Movistar, Vodafone, Orange...), un **7,7%** son servizos de televisión por cable (Vodafone, Ono, Mundo-R...), e o restante **2,7%** son sistemas de satélite dixital e outros. No caso de Galicia, a preponderancia da TDT é maior que a media estatal (**76,5%**) en detrimento dos servizos de IPTV, con **apenas un 11%**, e un uso significativo de sistemas de distribución de televisión por satélite dixital, co **3,7% do total**, o que supón a porcentaxe máis elevada de toda España.

En Europa, a televisión segue a ser o servizo preferido para ver filmes e series, e **sete de cada dez persoas** consomen este tipo de produtos audiovisuais polas canles tradicionais de televisión polo menos unha vez ao mes. Ademais, a pesar de que a tendencia das consumidoras é a incrementar o consumo dos servizos de *streaming*, a televisión aínda mantén o seu nivel de interese (o **79%** da poboación española ve a televisión todos os días).

[4] Análisis de la industria televisiva-audiovisual 2022, *Barlovento Comunicación*.

Audiencia televisiva das 10 principais cadeas de televisión en España e Galicia

Barlovento Comunicación (2022)



En canto á distribución xeral de cota de pantalla en España e Galicia, durante o ano 2022, só Antena 3 e Tele 5 superaron en España a barreira 10% de audiencia media. Non obstante, o caso de Galicia é particular, xa que Televisión de Galicia se sitúa como **segunda cadea máis vista** no territorio, co **11,5%** de cota de pantalla, e por riba de Tele 5, mentres que no conxunto de España as cadeas autonómicas **apenas superan o 8%.**

Modelos de negocio de vídeo baixo demanda (OTT)

O Observatorio Audiovisual Europeo (EAO)[5] cifra no ano 2022 preto de **1.500 modelos de negocio** de vídeo baixo demanda (VoD), mentres que en España existen uns 80 (**5,4%**) coas seguintes características:

Os modelos de negocio de subscrición baixo demanda (SVoD) supoñen o 72,5% do total: 1.064 en Europa e 56 en España (5,2%). Estes servizos son os segundos máis utilizados tras a televisión, cun 60% de usuarios regulares.

O modelo de transacción de vídeo baixo demanda (TVoD) conta en Europa con 217 modelos de negocio, dos cales 13 están en España (6%).

O resto de servizos de *streaming* gratuítos (FoD), como a transmisión de vídeo baixo demanda (BVoD) ou os vídeos baixo demanda con publicidade (AVoD) acadan o terceiro e cuarto posto, co 51% e 35% respectivamente das preferencias dos consumidores da Unión Europea. En Europa existe un total de 187 servizos con estes modelos de negocio, e en España contabilízanse 10 servizos en 2022 (5,3% do total europeo).

En canto á orixe de títulos de películas nos catálogos dos servizos de vídeo baixo demanda, o informe do Observatorio Audiovisual Europeo recolle:

[5] Film and Tv content in TVoD, SVoD and FoD catalogues. 2022 Edition. *Euroepan Audiovisual Observatory.*

FILMES
Únicos
CASE
116.000

PRODUCIÓNS DA
Unión Europea
42.000
TÍTULOS

PRODUTOS AUDIOVISUAIS
Españois
4.400
TÍTULOS

EN PLATAFORMAS DE TRANSACCIÓN
2.400

EN PLATAFORMAS DE VÍDEO GRATUÍTO
436

EN PLATAFORMAS DE SUBSCRICIÓN
>3.000

No que respecta á produción, o Observatorio Europeo do Audiovisual[6] sinala que en 2022 España foi o país de Europa con máis nivel de producións de ficción para plataformas (**39** en total). Mentres o investimento das plataformas de *streaming* en Europa é do **16%**, en España duplica a súa porcentaxe ata o **37%.** Este interese responde a unha estratexia comercial, xa que a produción española atende tamén o mercado latinoamericano.

Non obstante, o investimento público na produción de ficción en España é tan só a metade que a media europea, o que provoca que, a nivel global de títulos de ficción (incluíndo investimento de televisións públicas e privadas), España se sitúe na **cuarta** posición, con **85 producións** fronte ás 336 de Alemaña. Como consecuencia deste escenario, en España as coproducións internacionais entre distintas linguas foron tamén moito menores.

A finais de 2021 os tres principais provedores (todos dos Estados Unidos) aglutinaban o **71% das 189 millóns de subscricións** no mercado europeo: Netflix (**36%**), Amazon Prime (**23%**) e Disney+ (**12%**). Por plataformas, e igual que sucede no resto de Europa, as subscricións en España aglutinan nos tres primeiros postos a Netflix (que chega ao **55%** dos subscritores), Amazon Prime Video (que está presente **na metade dos fogares** con

[6] The promotion of European Works *(https://rm.coe.int/avmsdigest-the-promotion-of-european-works/1680ad9231)*.

subscrición) e Disney+ (co **22%**). En Galicia o estudo *Consumo audiovisual en Galicia 2023* de ICMedia Galicia[7] sinala que Netflix tamén é plataforma máis utilizada, con algo máis de dous terzos de subscritores, seguida de Amazon Prime Video (co **53,1%**) e Movistar+ (co **28%**). Igual que ocorre no conxunto de España, en Galicia a plataforma de Disney+ tamén se sitúa no **22%** de subscricións. Das persoas subscritas a plataformas, **un terzo** tan só manexa unha subscrición, mentres que **case a metade** teñen dúas ou tres subscricións, e o restante **17%** está subscrito a catro ou máis plataformas.

Actualmente, **oito de cada 10 persoas** contan en España con acceso nos seus fogares a contidos de pago (case 30 millóns), dos cales o **88%** son persoas de **entre 25 e 34 anos**, mentres que no extremo contrario están os **maiores de 70 anos**, con pouco máis de **dous terzos**. Cada persoa con acceso a estes servizos gasta de media **38 euros mensuais**. No caso do estudo de ICMedia Galicia, na comunidade galega as cifras son moi similares, con **algo máis do 82%** de persoas subscritas a algunha plataforma dixital, incrementándose esa cifra ata o **90%** no caso de persoas entre **12 e 16 anos.**

Ademais de ser a que ten maior penetración, Netflix tamén é o servizo con maior alcance, con **algo máis do 32%** de cota de pantalla, seguido a distancia por Amazon Prime Video (**18,7%**) e Movistar+ (**11,7%**).

Videoxogos

Segundo os datos da Seguridade Social pertencentes ao mes de outubro de 2023, en España están afiliadas **preto de 4.000 persoas** ao sector da produción de videoxogos, das cales un total de **70** están en Galicia (o **1,8% do total**).

En termos económicos, o mercado dos videoxogos en España é o **quinto** máis grande de Europa e o **décimo terceiro** no mundo, cun volume de negocio de **1.200 millóns** de euros en 2021. No que respecta a empresas, para o ano 2022 o *Libro Blanco del desarrollo español de videojuegos*[8] indica a existencia para Galicia de **24 empresas**, o **3,7%** do total estatal, o que sitúa a Galicia na **quinta** comunidade con máis empresas, tan só por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía e Valencia. Por outra banda, a Base de Datos del Videojuego Español (DeVuego)[9] sinala a existencia en España de case **800** estudios a outubro de 2023 (só contan como estudios aqueles que desenvolven os seus propios videoxogos), fronte aos **583** estudos de 2018, o que supón un incremento do **36,5%**. Deses últimos, **dous terzos** están constituídos como empresa. No caso de Galicia rexístranse un total de **56** estudios (o **4,8%** do total de España).

Por outra banda, as cifras da base de datos de DeVuego indican que en 2022 se publicaron **267** videoxogos, un **48%** máis que no ano 2018, cun crecemento continuado dende o ano 2020. No caso de Galicia, en 2022 publicáronse **9** videoxogos (un **3,4%** do total).

[7] *Pódese consultar en: https://icmediagalicia.es/consumo-audiovisual-en-galicia-2023*
[8] *Pódese consultar en https://spainaudiovisualhub.mineco.gob.es/es/actualidad/libro-blanco-del-desarrollo-espanol-de-videojuegos-2022*
[9] *Pódese consultar en https://www.devuego.es/*

Datos do conxunto do ámbito da cultura en Galicia

Os datos do sector audiovisual galego presentados neste capítulo indican a evolución positiva que tivo nos últimos anos, pero cómpre contextualizalos dentro do ámbito da cultura galega no seu conxunto.

O Consello da Cultura Galega[10] sinala que no último trimestre de 2023 o emprego en Galicia se situou en **36.600 persoas**, 600 máis que no mesmo trimestre de 2022 (un aumento do **1,64%**). A cifra é a maior rexistrada nos últimos anos e supera o emprego que había antes da pandemia. A proporción sobre o total do emprego sitúase no **3,3%**, apenas unha décima por debaixo da media de España, cunha tendencia converxente no rexistro histórico do indicador.

As afiliacións á Seguridade Social das actividades culturais amosan igualmente unha tendencia positiva nos últimos anos, con **20.553 persoas** afiliadas en setembro de 2023, 156 máis que no mesmo mes de 2022. Isto supón un incremento de apenas o **0,8%**, inferior á evolución do total de afiliacións en Galicia (**3,0%**), o que indica que aínda hai sectores da cultura en proceso de recuperación. Destas afiliacións, os traballadores de réxime de autónomos son os que máis incremento experimentaron nos últimos anos.

O Consello da Cultura Galega detecta certa debilidade estrutural no conxunto do ámbito cultural debido tanto á baixa porcentaxe de afiliacións como a tendencia negativa do indicador na provincia da Coruña, que é onde se concentra a meirande parte da industria cultural da comunidade. O propio informe sinala que as cifras reflicten, en moitos casos, a estacionalidade do ámbito cultural en diversos sectores (períodos escolares para actividades relacionadas coa educación cultural, período estival para actividades musicais e escénicas...).

En canto ao número de empresas, o informe sinala unha evolución crecente, con **2.112** en total inscritas en setembro de 2023 (**33 máis** que no mesmo mes do ano 2022, un aumento do **1,56%**). Isto é debido a que, entre novembro de 2022 e outubro de 2023 se produciu un incremento do **28%** de empresas, fronte ao 7% do período inmediatamente anterior. As actividades con maior crecemento foron as de creación, artísticas e de espectáculos, publicidade, edición e audiovisual.

O informe conclúe que os indicadores económicos trimestrais do ámbito da cultura marcan un inicio cara á moderación tras un período de evolución positiva con cifras significativas de crecemento, superando, en moitos dos indicadores, as cifras recollidas antes da pandemia.

[10] Conxuntura estatística do ámbito cultural. Decembro de 2023. *Pódese consultar en https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4489*

1.3. Obxectivos do Hub Audiovisual no marco da Estratexia Europea 2020

O plan **Hub Audiovisual-Industria Cultural Galega**, vinculado ao programa REACT da Unión Europea, que promove a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, buscou aumentar a capacidade competitiva das empresas culturais galegas e incentivar a creación de empregos sostibles que integren a totalidade da cadea de valor desta industria.

A **Estratexia Europa 2020** (EE2020) fixa o marco xeral de actuación cara ao que deben enfocarse os esforzos da política de cohesión europea, que financian os fondos estruturais e de investimento europeos, entre eles o Fondo de Desenvolvemento Rexional (Feder). A EE2020 establece tres modelos de crecemento e desenvolvemento, así como os criterios de intervención para logralos:

1. **Desenvolvemento intelixente:** favorecer unha economía fundamentada no coñecemento e na innovación.
2. **Desenvolvemento sostible:** promoción dunha economía máis eficiente no uso dos recursos, máis ecolóxica e competitiva.
3. **Desenvolvemento integrador:** fomento dunha economía con altas taxas de emprego que permita avanzar na cohesión social territorial.

Neste contexto, a UE recomenda que a intervención dos fondos FEDER no ámbito da cultura debe ir dirixida ao apoio dos sectores culturais estreitamente ligados á innovación e á creatividade. Por iso resulta tan importante o impulso ás industrias culturais e creativas, co fin de desenvolver a competitividade para que contribúa ao emprego e ao crecemento, e é onde o sector audiovisual xoga un papel destacado e especial.

O Hub Audiovisual – Industria Cultura Galega centrou os seus esforzos no **ámbito audiovisual**, definido como un conxunto de subsectores que abranguen a creación e produción audiovisual de diverso formato, así como todas aquelas industrias da cadea de valor do audiovisual (produción, distribución e exhibición). A Axencia Galega das Industrias Culturais, consciente de que os esforzos do Hub tiñan que ser transversais, abriu un segundo ámbito dentro do programa dirixido á **música**, considerando as súas posibilidades de crecemento e consolidación empresarial. Adicionalmente, sumou un ámbito xeral, para inxectar capital ás empresas culturais, destinado á adquisición de activos e de inmobilizado. Xa que logo, decidiuse establecer unha serie de liñas de apoio tamén para outros sectores culturais que puidesen beneficiarse das axudas europeas.

O Hub Audiovisual consta dos seguintes **obxectivos ou finalidades principais:**

Impulsar a industria audiovisual de Galicia co fin de situar a comunidade como referente na creación audiovisual, converténdoa en destino idóneo de rodaxes na esfera nacional e internacional.

Facilitar a agrupación empresarial para a creación audiovisual, proporcionando a innovación tecnolóxica necesaria ás empresas do sector para aumentar a súa competitividade e abrindo novos mercados no campo dos videoxogos e contidos dixitais.

Reforzar a creación de emprego no sector de forma directa, pero tamén de forma indirecta a través do seu efecto tractor sobre o resto de subsectores da industria cultural e creativa galega.

Como último obxectivo, de carácter transversal ao resto de finalidades da actuación, **crear a plataforma da Galicia Film Commission**, entendida como ferramenta de promoción, visibilidade e carta de servizos do audiovisual en Galicia.

A ferramenta para desenvolver estes obxectivos foi a creación dun sistema de axudas distribuídas en liñas de actuación ao que se destinaron **9,6 millóns** de euros entre os anos 2021 e 2023.

Misión

Recuperación das industrias culturais e creativas galegas, especialmente do sector audiovisual, tras a pandemia da Covid-19, contribuíndo á mellora da produción de contidos, do emprego e da proxección internacional do sector.

Visión

- Aumentar o desenvolvemento de contidos creativos e do talento.

- Mellorar a situación das industrias culturais e creativas galegas, especialmente do sector audiovisual.

- Xerar novos polos de aceleración sectorial e contribuír á mellora da oferta laboral.

- Consolidar o país como centro produtor de contidos culturais e creativos competitivos e con proxección global.

Os eixes e mais os obxectivos de actuación do Hub Audiovisual – Industria Cultural Galega foron os seguintes:

1. Incremento do investimento no sector cultural a curto prazo para compensar os efectos da pandemia.

- 1.1. Promover programas de rodaxes audiovisuais en Galicia.
- 1.2. Potenciar actividades culturais no ámbito da exhibición cinematográfica.
- 1.3. Impulsar a exhibición e difusión de producións musicais.
- 1.4. Apoiar a produción e desenvolvemento de videoxogos.

2. Fortalecemento do talento, capacitación e competitividade das industrias culturais e creativas de cara ao futuro.

- 2.1. Propiciar o desenvolvemento de proxectos audiovisuais tanto en formato individual como en paquetes de propostas.
- 2.2. Promover a capacitación e desenvolvemento de proxectos musicais unitarios e colectivos.
- 2.3. Impulsar a renovación do equipamento e do fondo tecnolóxico das empresas e industrias culturais e creativas.
- 2.4. Desenvolver o proxecto da Galicia Film Commission.

EIXE 1.

INCREMENTO DO INVESTIMENTO NO SECTOR CULTURAL A CURTO PRAZO PARA COMPENSAR OS EFECTOS DA PANDEMIA

Este eixe abordou a creación de distintas liñas de actuación para darlles unha resposta áxil e inmediata aos efectos negativos ocasionados pola pandemia global na industria cultural e creativa galega mediante accións e axudas directas e a curto prazo, sentando así unha base sólida para revitalizar e impulsar os sectores culturais máis afectados.

OBXECTIVO 1.1. Promover programas de rodaxes audiovisuais en Galicia.

Este obxectivo procurou a recuperación e consolidación do sector audiovisual galego. Desenvolvéronse axudas para proxectos que tiveron como destino principal a rodaxe de producións audiovisuais para a súa exhibición cinematográfica comercial, en canles de televisión ou plataformas de servizos baixo demanda (VoD) con implantación xeográfica nacional e internacional.

OBXECTIVO 1.2. Potenciar actividades culturais no ámbito da exhibición cinematográfica.

Este obxectivo impulsou proxectos dirixidos a innovar e mellorar o funcionamento dixitalizado e sostible das salas de exhibición cinematográfica establecidas en Galicia. A liña tamén tivo como finalidade fomentar medidas de captación de público e de adaptación aos novos hábitos de consumo audiovisual en distintos espazos de exhibición audiovisual en Galicia con actividades culturais como ciclos de cine.

OBXECTIVO 1.3. Impulsar a exhibición e difusión de producións musicais.

Este obxectivo procurou contribuír á recuperación do sector tras a pandemia mediante a contratación de grupos e artistas de Galicia para o desenvolvemento de concertos de música en espazos da Rede Galega de Música ao Vivo, fomentando así accións de consolidación e fomento do ámbito cultural.

OBXECTIVO 1.4. Apoiar a produción e o desenvolvemento de videoxogos.

O obxectivo permitiu apoiar proxectos dirixidos ao desenvolvemento de produtos dentro do sector do videoxogo en calquera fase do proceso, aumentando a súa visibilidade e estimulando a participación do sector privado. Tamén fomentou a profesionalización e a vertebración do sector, procurando a igualdade de xénero na industria.

EIXE 2.

FORTALECEMENTO DO TALENTO, CAPACITACIÓN E COMPETITIVIDADE DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE CARA AO FUTURO

Este eixe centrouse en asegurar o desenvolvemento das industrias culturais e creativas de Galicia a partir dunha base sólida e dinámica tanto no talento dos profesionais como na adquisición de activos e equipamentos que permitiron aumentar a competitividade no sector, facéndoo máis resiliente.

OBXECTIVO 2.1. Propiciar o desenvolvemento de proxectos audiovisuais tanto en formato individual como en paquetes de propostas.

Este obxectivo dirixiuse a entidades constituídas como produtoras audiovisuais para a posta en marcha de proxectos audiovisuais en fase de preprodución (escrita de guión, dereitos, procura de equipo técnico e artístico, obtención de socios para coprodución e financiamento, etc.) que, dependendo das liñas de axudas, podían realizar unha produción independente ou un paquete de propostas de entre tres e cinco proxectos.

OBXECTIVO 2.2. Promover a capacitación e desenvolvemento de proxectos musicais unitario e colectivos.

Este obxectivo tivo por finalidade a mellora da calidade dos proxectos musicais unitarios e colectivos desenvolvidos en Galicia, procurando a consolidación da cadea de valor da industria musical nas súas diferentes fases produtivas.

OBXECTIVO 2.3. Impulsar a renovación do equipamento e do fondo tecnolóxico das empresas e industrias culturais e creativas.

Con este obxectivo procurouse que a industria cultural e creativa galega se dotase de recursos e activos que fomentasen a súa innovación e competitividade mediante proxectos de investimento en activos fixos vencellados con especial atención á dixitalización, á xeración de novos públicos e á eficiencia enerxética sostible.

OBXECTIVO 2.4. Desenvolver o proxecto da Galicia Film Commission.

O obxectivo buscou o desenvolvemento dunha plataforma dixital para a atracción e o apoio na realización de rodaxes en Galicia, coordinando e apoiando o traballo das *film commission* que actúan localmente no territorio, así como para a promoción do audiovisual galego e os seus contidos fóra de Galicia. Adicionalmente, realizáronse labores de dixitalización dos fondos de arquivo da Filmoteca de Galicia co fin recuperar e poñer a disposición da cidadanía parte do rico e amplo patrimonio audiovisual galego.

1.4. Cronoloxía do Hub Audiovisual - Industria Cultural Galega

O Programa FEDER Galicia 2014-2020, no marco da política de cohesión da UE 2014-2020, asignou algo máis de **2.000 millóns de euros** a Galicia, dos cales **913** corresponderon ao programa específico para o territorio. O **80%** desa cantidade veu da axuda comunitaria, o **16,3%** do cofinanciamento da Xunta de Galicia, e o restante **3,7%** do sector privado. Enfocouse en prioridades estratéxicas como a investigación, innovación, tecnoloxías da información, competitividade e pequenas e medianas empresas, economía baixa en carbono, adaptación ao cambio climático, inclusión social, educación e formación. O programa tivo por obxectivos fundamentais abordar os desafíos económicos, fomentar a converxencia coa UE e avanzar cara aos obxectivos de cohesión rexional e de desenvolvemento sostible.

A este proceso sumáronse os recursos adicionais do Fondo de Reactivación económica da UE (REACT-UE) para favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia da Covid-19 e as súas consecuencias sociais e para preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía.

O **4 de decembro de 2020**, o director da Axencia Galega das Industrias Culturais compareceu no Parlamento de Galicia para presentar os orzamentos e liñas de actuación para o ano 2021. Nesa comparecencia presentouse o Hub Audiovisual – Industria Cultural Galega co obxectivo de incrementar as súas capacidades e acelerar a súa reactivación, vinculado ao programa REACT da Unión Europea e cunha dotación de **9,6 millóns** de euros.

2020

Asignación de fondos e inicio de expediente

4 decembro 2020

Comparecencia no Parlamento para explicar o programa

Xaneiro - xuño 2021

Reunións co sector

Tendo en conta a importancia do programa, con iniciativas cuxa finalidade era a de mellorar a competitividade das empresas culturais galegas e a xeración de postos de traballo, a Axencia Galega das Industrias Culturais tomou a decisión, desde o primeiro momento, de que o proceso tivese un carácter participativo e dialogado. Para cumprir este obxectivo, entre **xaneiro e xuño de 2021** organizáronse **20 encontros** entre a administración e distintos ámbitos culturais (empresas, artistas, entidades....) que achegaron propostas para a súa inclusión no Hub Audiovisual.

Entre os sectores que participaron nas reunións estiveron varias empresas e entidades relacionadas coa produción e exhibición audiovisual (Academia Galega do Audiovisual, Asociación de Empresas Galegas do Audiovisual, Asociación Galega de Produtoras Independentes, Clúster Audiovisual Galego, Asociación de Empresas Tecnolóxicas e Servizos Culturais de Galicia, empresas de exhibición cinematográfica comercial, etc.), pero tamén houbo reunións con outros sectores como o do videoxogo (asociación Videoxogo.gal e outros representantes do sector), ou o da música (Asociación Galega de Empresas Musicais, representantes de festivais, etc.).

O **10 de setembro de 2021** preséntanse de forma oficial as liñas mestras do Hub Audiovisual – Industria Cultural Galega, comezando a súa andaina ese mesmo mes coa publicación da convocatoria para a primeira edición do fondo de atracción a rodaxes en Galicia. Durante **dous anos** (entre setembro de 2021 e agosto de 2023) activáronse **9 liñas de axudas**, con **121 proxectos beneficiados** inicialmente e dos cales, finalmente, se executaron **109**.

10 setembro 2021
Presentación oficial do programa

Xaneiro 2023
Convocatoria da última liña

Setembro 2023
Fin do programa

CAPÍTULO 2

OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO HUB AUDIOVISUAL INDUSTRIA CULTURAL GALEGA

- Desenvolvéronse nove liñas de actuación e 109 proxectos cunha dotación de fondos europeos de 9,6 millóns de euros entre os anos 2021 e 2023.
- Seis de cada dez proxectos foron destinados ao sector audiovisual, cunha achega executada de 5,8 millóns de euros. Outros sectores beneficiados foron o musical e o dos videoxogos, ademais dunha liña de axudas de carácter transversal para a dotación de equipamentos e activos para o fomento da innovación e da competitividade nas empresas culturais galegas.
- Leváronse a cabo licitacións para o desenvolvemento da plataforma para a Film Commission e para a dixitalización de contidos da Filmoteca de Galicia.
- As axudas tiveron un importante impacto económico, cun retorno próximo aos catro euros por cada euro investido. Xeraron actividade por un volume de 28 millóns de euros, deron lugar a un incremento da produción superior aos 32 millóns de euros e supuxeron a creación de 777 empregos equivalentes a tempo completo.
- As axudas do Hub Audiovisual, ademais de apoiar o ámbito do audiovisual e da música en actuacións a curto prazo, estableceron ferramentas co obxectivo de fortalecer o sector de cara ao futuro.

2.1. Introdución

Neste capítulo revísanse as cifras xerais do desenvolvemento e resultados do Hub Audiovisual – Industria Cultural Galega. Nunha primeira parte analízanse os datos das entidades que se presentaron ás liñas propostas conxuntamente entre o sector e a Axencia Galega das Industrias Culturais, así como o nivel de interese amosado e os proxectos remitidos.

Ademais, estúdanse aspectos descritivos como a distribución territorial das entidades beneficiarias, as epígrafes de actividade cultural das ditas entidades ou a distribución das accións realizadas por tipografía, entre outros.

Unha segunda parte do capítulo analiza, pola súa banda, os principais resultados económicos do programa e o impacto resultante na economía tanto do sector como do conxunto de Galicia.

2.2. As cifras do Hub Audiovisual. Proxectos e entidades beneficiarias

As liñas de axudas do Hub Audiovisual – Industria Cultural Galega

Para o Hub Audiovisual **establecéronse 10 liñas de axudas** ou subvencións, das cales 9 foron desenvolvidas con éxito. A décima liña, destinada á creación dunha aceleradora de videoxogos e dunha entidade encargada da aceleradora non se desenvolveu debido á baixa demanda por parte do sector.

Co fin de optimizar os fondos europeos recibidos, os recursos financeiros das liñas de axuda con menor demanda foron reasignados, cando foi posible, a outras liñas que experimentaron unha maior demanda da inicialmente prevista.

Presentáronse 249 solicitudes iniciais, con especial demanda na liña de axudas ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais e na liña das axudas para a dotación de equipamentos e activos para a industria cultural galega. Estas dúas liñas, xunto coa de desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais, recibiron unha ampliación de crédito para tratar de atender a alta demanda.

LIÑAS DE AXUDAS
Iniciais
10

LIÑAS DE AXUDAS
Executadas
9

SOLICITUDES PRESENTADAS
Totais
249

PROXECTOS BENEFICIADOS
121

PROXECTOS DESENVOLVIDOS
109

ENTIDADES BENEFICIARIAS
90

Cadro. *Número de proxectos do Hub Audiovisual por liñas, solicitudes, concesións e execución*

Liñas do Hub	Solicitados / Valorados	Total concedidos	% solicitados	Total executados	% concedidos
Fomento e promoción de rodaxes audiovisuais (I e II) [12]	12 / 11	10	83,30%	9	90,00%
Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais	29 / 26	13	44,80%	13	100,00%
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais	82 / 57	17	20,70%	16	94,10%
Proxectos desenvolvidos por empresas galegas de exhibición cinematográfica	16 / 16	12	75,00%	10	83,30%
Promoción de videoxogos	4 / 4	4	100,00%	2	50,00%
Promoción e difusión de proxectos musicais profesionais	18 / 11	11	61,10%	10	90,90%
Programación musical na Rede Galega de Música ao Vivo	16 / 12	12	75,00%	11	91,70%
Dotación de equipamentos e activos da industria cultural e creativa galega	72 / 61	42	58,30%	38	90,50%
TOTAL	**249 / 198**	**121**	**48,60%**	**109**	**90,10%**

[12] *Co fin de facilitar a comprensión dos datos neste informe, as dúas convocatorias das liñas de axuda denominada* ***Fomento e promoción de rodaxes audiovisuais*** *trátanse como unha única liña. Por iso, aínda que existan nove liñas de axuda total executadas, para os cálculos estatísticos e na presentación deste informe considéranse un total de oito liñas.*

Unha vez revisadas as propostas iniciais de cada liña, pasaron á **fase de valoración 198 proxectos**, o que supón a avaliación de oito de cada dez solicitudes iniciais. Tras a fase de valoración, **concedéronse axudas a 121 proxectos nas 9 liñas** (o 61,1% do total de valorados). Durante a fase de execución producíronse sete renuncias e cinco perdas de dereito á axuda por non presentar as xustificacións correspondentes. En consecuencia, **executáronse un total de 109 proxectos** (o 55,1% dos expedientes valorados e o 90,1% dos proxectos concedidos).

Na desagregación por liñas de axuda dos proxectos desenvolvidos no Hub Audiovisual destaca a de **dotación de equipamentos e activos, con algo máis dun terzo do total.** O resto de liñas, agás a de promoción de videoxogos (con tan só dous proxectos realizados), tivo unha execución de entre 9 e 16 proxectos (do 8 ao 15%).

***Gráfico**. Distribución xeográfica de entidades beneficiarias do Hub Audiovisual*



***Gráfico**. Distribución de proxectos por liñas do Hub Audiovisual*



Entidades beneficiarias

No marco do Hub Audiovisual, beneficiáronse un total de **90 entidades diferentes** (empresas e persoas autónomas), das cales dous terzos teñen a súa sede na provincia da Coruña, e unha sexta parte en Pontevedra. Lugo engloba o 9% das entidades beneficiarias, mentres que Ourense acolleu unicamente un 3%. Un total de catro empresas tiñan sede fóra de Galicia, aínda que con oficinas ou infraestruturas comerciais na comunidade autónoma.

Do total de entidades beneficiarias, **79 recibiron unha única axuda**, mentres que oito recibiron dúas axudas e tres empresas recibiron entre catro e cinco axudas (Ficción Producciones, Coruña Films e Portocabo TV).

En canto á fórmula societaria das entidades beneficiarias, **tres de cada catro son sociedades limitadas**, mentres que o **10% son persoas autónomas** e o case o 9% sociedades cooperativas. Por último, tan só se rexistra unha Sociedade Anónima (S.A.) e unha Agrupación de Interese Económico (A.I.E.).

A análise das epígrafes primarias da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) das entidades beneficiarias revela que a meirande parte se adscriben ás **actividades relacionadas co sector audiovisual** (o **41% do total**), especialmente as vinculadas coa produción cinematográfica, que suman case o 28% do total).

As epígrafes relacionadas directa ou indirectamente coas **artes escénicas** supoñen **unha de cada catro entidades beneficiarias**, das que o 17% desenvolven un traballo directo e o restante 7,4% se corresponden con servizos auxiliares. Cómpre considerar que un número significativo de entidades cun CNAE baixo a epígrafe de compañías de teatro desenvolven tamén actividades de produción audiovisual.

***Gráfico**. Actividades das entidades beneficiarias*



Un terceiro bloque está constituído polas entidades que desenvolven de forma directa **actividades do sector musical,** tamén con aproximadamente **unha de cada catro beneficiarias**. Inclúense aquí, ademais das epígrafes de edición e produción musical, os espazos de hostalería que desenvolven actividades de música, salas de concertos e outros espazos recreativos.

O último bloque, denominado **"outros"** engloba **nove empresas** (10%) que realizan actividades de comercio de libros, de informática, de creación artística e literaria e outros non relacionados directamente co ámbito da cultura.

Produtos e actuacións desenvolvidas. Cifras globais

Os principais produtos e actuacións culturais desenvolvidas grazas ao Hub Audiovisual entre os distintos proxectos foron:

Realización de **9 rodaxes audiovisuais** en Galicia, cifra que inclúe 3 longametraxes e 5 series de ficción (unha delas en dúas temporadas) de **6 entidades distintas**.

Preprodución de **64 obras audiovisuais de 25 entidades diferentes**, das cales 16 foron proxectos audiovisuais individuais e as restantes 48 formaron parte de 13 paquetes de propostas. Do total de obras, contabilizáronse 49 longametraxes (36 de ficción e 13 documentais) e 15 series (12 de ficción e 3 documentais). Por último, 6 das 64 obras foron concibidas para ser de animación (2 longametraxes de ficción, 3 longametraxes documentais e 1 serie de ficción).

Desenvolvemento de **4 aplicacións** de xestión cultural ou administración e **dúas aplicacións** para o ámbito da exhibición cinematográfica.

Realización de **221 concertos** en **11 salas da Rede Galega de Música ao Vivo**, e na que actuaron máis de 100 grupos musicais diferentes.

Edición de **5 discos musicais**, **9 sinxelos**, **24 vídeos musicais** e máis de **360 concertos e actuacións musicais** dentro das axudas para o desenvolvemento de proxectos musicais profesionais que beneficiaron a **23 grupos musicais e 10 entidades**.

Adquisición de **equipamento audiovisual** en 13 empresas, **equipos de iluminación ou son** en 11 empresas e **doutros equipos** (impresión, accesibilidade, eventos...) en 4 entidades.

Actividades de **exhibición cinematográfica e promoción** de novos públicos en 11 salas de cine de Galicia por parte de 7 entidades.

Desenvolvemento de **2 videoxogos** en dúas empresas.

Modernización de **infraestruturas escénicas ou de produción audiovisual** en 5 entidades.

As liñas do Hub vinculadas exclusivamente co sector audiovisual (promoción de rodaxes, desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais, paquetes de propostas, así como a liña de exhibición cinematográfica) **engloban o 44% do total dos proxectos executados.** Adicionalmente, dos 38 proxectos que forman a liña transversal de dotación de equipamentos e activos, 17 propostas foron destinadas a entidades do sector audiovisual. En concreto, 13 proxectos tiveron por obxectivo a adquisición de equipamento para a produción audiovisual (escenarios, cámaras, etc.), e outros catro proxectos destináronse á adecuación de infraestruturas e espazos de traballo para actividades relacionadas principalmente coa posprodución audiovisual.

En consecuencia, **seis de cada 10 proxectos do Hub foron destinados directamente ao sector audiovisual de Galicia**, nas súas fases de preprodución, produción e posprodución, así como na exhibición cinematográfica e dotación de equipamentos e activos. Estes proxectos recibiron 5,8 millóns de euros, o 60% da dotación inicial do Hub Audiovisual e o 80% do importe total xustificado finalmente nas liñas.

O segundo sector con máis proxectos desenvolvidos dentro do Hub Audiovisual foi o da **música, con algo máis do 20%**, incluídos algúns pertencentes á liña de dotación de equipamentos e activos. O terceiro bloque, algo menor, incluíu o sector das artes escénicas na súa modalidade de organización de eventos, montaxe de escenarios, aluguer de equipos de luz e son, etc. Por último, o 7% de proxectos englobou diferentes tipos de sectores, como o de videoxogos ou o sector editorial.

2.3. As cifras do Hub Audiovisual. Datos e impacto económico

Importes económicos globais do Hub Audiovisual

O **investimento inicial** previsto para o Hub Audiovisual – Industria Cultural Galega foi de **9,6 millóns de euros** entre os anos 2021 e 2023. Debido a que algunhas liñas non se adxudicaron de forma íntegra (como por exemplo a primeira convocatoria da liña destinada á promoción de rodaxes audiovisuais), foi necesario desenvolver unha estratexia para a **xestión dinámica dos fondos**.

Xa que logo, **o crédito excedente reinvestiuse para ampliar a dotación de liñas con máis demanda** cando foi posible facelo. En concreto, a liña de desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais, a concibida para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais e a de dotación de equipamentos e activos da industria cultural galega recibiron unha ampliación de crédito, asignándoselles unha suma total de **845.000 euros** durante o período de vixencia do Hub Audiovisual.



Cadro. *Dotación inicial das liñas do Hub Audiovisual, ampliacións de crédito, importes concedidos e importes xustificado (cantidades redondeadas a euro e sen IVE)*

	Dotación inicial	Ampliación	Importe concedido	Importe xustificado	% Dotación total
Fomento e promoción de rodaxes audiovisuais (I e II)	4.000.000 €	--	3.229.271 €	**2.778.515 €**	**69,50%**
Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais	1.200.000 €	65.000 €	1.265.000 €	**1.209.651 €**	**95,60%**
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais	300.000 €	80.000 €	380.000 €	**349.976 €**	**92,10%**
Proxectos desenvolvidos por empresas galegas de exhibición cinematográfica	500.000 €	--	173.560 €	**130.754 €**	**26,20%**
Promoción de videoxogos	500.000 €	--	180.000 €	**88.250 €**	**17,70%**
Promoción e difusión de proxectos musicais profesionais	1.200.000 €	--	1.036.386 €	**759.840 €**	**63,30%**
Programación musical na Rede Galega de Música ao Vivo	600.000 €	--	242.050 €	**221.079 €**	**36,90%**
Dotación de equipamentos e activos da industria cultural e creativa galega	1.300.000 €	700.000 €	2.000.000 €	**1.709.397 €**	**85,50%**
TOTAL	**9.600.000 €**	**845.000 €**	**8.506.267 €**	**7.247.461 €**	

Outra parte dese excedente de crédito foi dirixido a xestionar as licitacións do proxecto Galicia Film Commission, tanto da plataforma tecnolóxica do organismo como da dixitalización de fondos de arquivo da Filmoteca de Galicia. En concreto, para as dúas licitacións estimouse unha cantidade de algo máis de 407.000 euros, que finalmente resultou nun **importe executado de 386.150 euros** (un 94,7% do previsto inicialmente).

Por último, debido á carga de traballo administrativo que supuxo este programa durante os anos 2021 a 2023, viuse a necesidade de asignar, con excedente de crédito, a contratación de persoal relacionado coa administración e xestión do Hub Audiovisual. Foron asignados a estas **contratacións preto de 430.000 euros**.

O **importe total executado para o Hub Audiovisual foi de 8.062.893 euros**, o 86,3% do importe total concedido (9,3 millóns de euros), e o 84% da dotación inicial prevista (9,6 millóns de euros).

Cadro. *Distribución e porcentaxe do importe concedido e executado do Hub Audiovisual (cantidades redondeadas a euro e sen IVE)*

	Importe concedido	Importe executado	Porcentaxe
Liñas de axuda	8.506.267 €	7.247.461 €	85,20%
Licitacións	407.641 €	386.150 €	94,73%
Contratación de persoal	429.282 €	429.282 €	100,00%
Totais	**9.343.190 €**	**8.062.89 3€**	**86,30%**

Gráfico. *Porcentaxe de execución das liñas do Hub Audiovisual*



A porcentaxe media de execución das liñas de axuda con respecto ao total concedido dentro do Hub Audiovisual **foi do 85,2%**. A liña que maior grao de execución tivo foi a de desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais, con case un 96%, seguido do desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais e de programación de concertos para a Rede Galega de Música ao Vivo, tamén por riba do 90% de execución. A liña de promoción de videoxogos foi a que menor porcentaxe de execución tivo, xa que finalmente só se desenvolveron dous dos catro proxectos aos que se lle concederon axudas.

Impacto económico

A cuantificación do impacto económico dos proxectos integrados no programa do Hub Audiovisual baséase na **metodoloxía de Leontief**[13], utilizando para isto as táboas *input-output* da economía galega. A partir destas, estímanse os principais agregados macroeconómicos –produción e emprego–, así como os ingresos recadados por impostos e cotizacións por parte das Administracións públicas.

Para estimar o impacto dos proxectos desenvolvidos no marco do programa, calcúlanse tres tipos de impacto:

- **Directo**. Reflicte a actividade directamente realizada polos proxectos desenvolvidos coas axudas concedidas polo Hub Audiovisual.
- **Indirecto**. Transcende o efecto directo. Os proxectos desenvolvidos necesitan de consumos noutros sectores da economía, xerando un ciclo secundario de transaccións. Os provedores destes consumos intermedios incrementan os seus pedidos aos seus propios provedores, xerando riqueza e emprego no conxunto da economía galega.
- **Inducido**. O aumento da produción xera ingresos para as persoas, en forma de salarios, ingresos mixtos e excedentes. Estes ingresos adicionais aumentan a demanda de bens e servizos, parte dos cales serán satisfeitos pola produción da economía galega, o que levará a novos incrementos na produción e na creación de emprego.

Coa finalidade de calcular estes impactos aplicando a metodoloxía referida, procedeuse á **análise dos proxectos máis representativos de cada unha das liñas** de actividade integradas no Hub Audiovisual. Esta análise ten por obxecto desagregar o gasto dos diferentes proxectos entre aqueles destinados á remuneración de persoal e os destinados a consumos intermedios. Para estes últimos, analizouse a tipoloxía e peso relativo dos produtos ou actividades demandados ao resto de sectores económicos.

Coa referida información, **cuantificouse o impacto directo e indirecto na produción, así como o emprego directo e indirecto** xerado polos proxectos analizados, extrapolando os ditos resultados ao resto de actividades integradas en cada unha das liñas que compoñen o programa do Hub Audiovisual.

Por outra banda, tendo en conta o emprego directo e indirecto xerado e as retribucións asociadas ao dito emprego, así como os posibles descontos polas achegas a Seguridade Social e o pago do IRPF, **estimouse o potencial de consumo familiar**. Para realizar a estimación do impacto inducido na economía galega, aplícase a este consumo o coeficiente de consumo privado, cuantificando tamén o incremento da produción e do emprego asociado ao mencionado consumo.

Así mesmo, cuantificamos os **retornos** que toda esta actividade –directa, directa e inducida– ten en forma de **ingresos para as diferentes administracións públicas** asociados ao pago de impostos (IRPF, Imposto sobre Sociedades, IVE e outros impostos sobre o consumo), e das cotizacións á Seguridade Social. Tamén se calculou a taxa de retorno para a Administración autonómica, tendo en consideración as axudas concedidas e os ingresos asociados ao IRPF e ao IVE que finalmente acaban na Administración autonómica no marco do Sistema de Financiamento Autonómico.

Os principais resultados do impacto económico a partir dos cálculos realizados nas axudas outorgadas e na actividade xerada no conxunto de liñas do Hub Audiovisual son os seguintes:

[13] O modelo de Leontieff permite analizar como as distintas ramas dunha economía interactúan entre si, mostrando como a produción dun sector depende dos insumos dos outros sectores. O Anexo Metodolóxico explica a dita técnica e os cálculos realizados.

Resumo gráfico sobre o impacto do Hub Audiovisual

Subvencións

7,25 M€

ACTIVIDADE XERADA

28,50 M€

Multiplicador
DE ACTIVIDADE

3,93

INCREMENTO PRODUCIÓN

32,30 M€

POSTOS DE TRABALLO

776,90

Retorno
ADMINISTRACIÓNS

8,63 M€

RETORNO ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

1,58 M€

Taxa retorno
SOBRE ACTIVIDADE

30,29%

SOBRE SUBVENCIÓN

119,11%

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA SOBRE SUBVENCIÓN

21,82%

MULTIPLICADOR DE ACTIVIDADE

3,93

Por cada euro de axuda concedida, xeráronse case catro euros en actividade económica no sector. Este dato resulta particularmente notable e sinala un forte vínculo entre o conxunto de axudas outorgadas e a actividade económica da industria audiovisual, cun efecto encadeado robusto.

INCREMENTO DA PRODUCIÓN

32,30 M€

A actividade xerada no sector con estas axudas impactou no resto da economía de Galicia, acadando unha cifra de 32,3 millóns de euros, máis que a actividade xerada no propio sector (28,5 millóns de euros). O dato pon de manifesto o significativo efecto que tivo o Hub Audiovisual, que se capilariza no conxunto da economía galega.

POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES

776,90

A capacidade de xerar postos de traballo directos e indirectos a tempo completo é un indicador importante do impacto dun investimento ou subvención. Ademais, cómpre salientar que, en termos xerais, a meirande parte dos 777 postos de traballo equivalentes xerados foron de calidade, contribuíndo á produtividade e á economía autonómica e reducindo a volatilidade no mercado laboral. Os investimentos que xeran emprego destas características teñen un impacto máis positivo na economía e na sociedade.

Este é posiblemente un dos datos máis significativos. Ao superar a taxa de retorno sobre as axudas a barreira do 100%, (alcanzando case o 120%), o investimento inicial foi recuperado sobradamente a través dos ingresos xerados para as administracións públicas, o que indica un investimento eficiente.

TAXA DE RETORNO SOBRE AXUDAS

119,11%

Aínda que a meirande parte dos ingresos xerados nas administracións públicas son recadados pola Administración Central, os recursos que finalmente acaban na Administración Autonómica –que ademais non teñen carácter finalista– son un bo indicador da eficiencia das axudas e subvencións, xa que pon de manifesto a existencia de beneficios financeiros directos no nivel autonómico. No marco do Hub Audiovisual, alcanzou o 21,82%.

RETORNO NA ADMINISTRACIÓN GALEGA

21,82%

En xeral, os datos suxiren que **as axudas supuxeron un investimento eficiente** que xerou actividade económica, incrementou a produción e o emprego, ademais de acadar retornos financeiros significativos para as administracións públicas.

Impacto económico do Hub Audiovisual por liñas



Incremento de produción. Distribución porcentual por liñas

Cómpre sinalar que a liña de promoción de rodaxes recibe o **38,3% do total das axudas**, montante co que acada os resultados comentados, mentres que a menor cantidade recibida foi para a liña de promoción de videoxogos. Isto indica que a industria do audiovisual foi a principal destinataria dos fondos, reflectindo unha aposta para potenciar un sector cun amplo impacto económico e cultural. Practicamente o 70% do total do incremento de produción do Hub Audiovisual pertence á liña de promoción de rodaxes.

Actividade económica xerada. Distribución porcentual por liñas

Na análise dos resultados obtidos por cada liña de axuda, a partida destinada a **rodaxes destaca como o proxecto máis rendible** en termos de xeración de actividade económica, creación de emprego e retorno financeiro. Os resultados acadados por esta liña de axudas supón un **77% da actividade económica** xerada, o **69% do incremento de produción**, e case un **84% do volume de emprego** creado. A liña de fomento e promoción de rodaxes audiovisuais tamén é a que ten un maior efecto multiplicador de actividade, próximo a oito euros de actividade xerada por cada euro investido. Séguelle A liña para a dotación de equipamentos e activos, que xerou unha actividade do 10% do total. Hai que ter en conta que esta liña, ao contrario da de rodaxes, está pensada para dar rendemento a medio e longo prazo.



Axuda executada e actividade xerada (miles de euros). Distribución en liñas

A liña de fomento e promoción de rodaxes audiovisuais tamén destaca polo seu **impacto significativo na actividade económica**, xerando o maior volume de negocio e actividade económica adicional. Este dato é indicativo da capacidade deste sector para impulsar outras industrias, engadir valor e estimular o gasto en diversos sectores relacionados. No caso das liñas de desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais e de desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais, a actividade xerada practicamente iguala a axuda recibida, o que suxire que estes proxectos teñen resultados inmediatos e directos.





Multiplicador da actividade por liñas

O elevado multiplicador de actividade (**7,94**) da liña destinada ás rodaxes audiovisuais implica que, por cada euro investido neste sector, se xeraron preto de oito euros en actividade económica, un efecto substancialmente superior en comparación coas outras liñas do Hub Audiovisual. Igualmente, a liña destinada á realización de rodaxes en Galicia amosa o maior incremento na produción, reafirmando a eficacia do investimento neste sector. En contraste, a partida de promoción de videoxogos, a pesar de recibir a subvención máis pequena, mostra un incremento relativo na produción máis alto que o esperado, o que subliña tamén a eficiencia do investimento neste sector de alta tecnoloxía e innovación.

Postos de traballo equivalentes. Distribución por liñas

A liña de Fomento e promoción de rodaxes audiovisuais xerou a maior cantidade de emprego, con máis de 651 postos de traballo a tempo completo (o 83,8% do total), confirmando que o investimento neste sector ten un impacto directo e significativo no emprego. A eficacia na creación de emprego é igualmente notable na liña de creación de paquetes de propostas audiovisuais, así como tamén na de desenvolvemento proxectos musicais (especialmente na modalidade de proxectos colectivos).

A pesar de ser unha liña pensada para a adquisición de activos, unha parte da axuda á dotación de equipamentos foi destinada á modernización de infraestruturas e espazos, o que implicou a contratación de persoal especializado. As liñas con menor potencial na creación de emprego relacionáronse coa exhibición cinematográfica e coa programación de concertos da Rede Galega de Música ao Vivo por ser axudas de programación de actividades para estes espazos.





Taxa de retorno da actividade. Distribución por liñas

En correspondencia con estes efectos, a liña destinada ás rodaxes en Galicia rexistra unha **taxa de retorno** sobre as axudas recibidas extraordinariamente alta (**261,20%**), demostrando unha alta eficiencia e eficacia na conversión de investimento público en retorno económico. Na mesma liña, o desenvolvemento de videoxogos supón un retorno para a Administración autonómica próximo a un 47%, e o desenvolvemento de proxectos musicais supera o 44%, confirmando así que estes investimentos son beneficiosos tanto para a economía como para a recadación fiscal.

Aínda que o retorno no resto de liñas é menor do 35%, hai que ter en conta que algunhas liñas teñen obxectivos de actuación a medio e longo prazo (a relacionada coa dotación de equipamentos, as liñas audiovisuais de proxectos individuais e de paquetes de propostas...).

2.4. Métricas de éxito

Establecéronse unhas métricas sinxelas para contabilizar de forma obxectiva o grao de éxito do programa do Hub Audiovisual – Industria Cultural Galega. Os principais indicadores foron os seguintes:

- **Porcentaxe de utilización dos fondos europeos.**
  Dos 9,60 millóns de euros de dotación, o programa do Hub Audiovisual adxudicou inicialmente **9,48 millóns de euros** (o **98,5%** do total), sendo o importe final executado de 8,11 millóns de euros (**84,5%**). Cómpre sinalar que a porcentaxe de **renuncias** e de perdas de dereito a cobro do total de axudas e subvencións concedidas foi **inferior ao 10%**, ao que hai que sumar as minoracións efectuadas na fase de xustificacións. Por outra banda, sempre que foi posible, o crédito sobrante das liñas con menor demanda foi reinvestido noutras con demanda superior.

- **Incremento nas estatísticas de produción cultural en Galicia.**
  Tal e como se observa no capítulo 1 do presente informe, as cifras relacionadas co sector audiovisual en Galicia medraron significativamente, en especial en 2022 e 2023, anos clave de actuación do Hub Audiovisual (cun impulso do emprego en distintos ámbitos do sector de entre o 33% e o 90%; un incremento no número de empresas audiovisuais superior ao 85% entre 2020 e 2022; un aumento do 40% no número de exhibicións cinematográficas e de espectadores, etc.). Estes datos confirman a consecución dun dos obxectivos prioritarios do programa, contribuír á **aceleración e á recuperación da actividade e do investimento no sector** despois da pandemia. Ademais, a listaxe de accións e producións culturais desenvolvidas grazas ao programa dá unha idea aproximada do impacto cuantitativo e cualitativo que o dito programa tivo en Galicia a curto prazo, quedando por determinar en futuros informes sectoriais os resultados dos proxectos para accións a medio e longo prazo.

- **Impacto económico positivo no sector cultural e na economía galega.**
  Os datos analizados neste capítulo apuntan o efecto beneficioso do plan tanto para a cadea de valor da industria cultural e creativa galega como para a economía de Galicia, cun efecto multiplicador que practicamente **cuadriplica o investimento inicial** realizado nos resultados a curto prazo.

CAPÍTULO 3

AS LIÑAS DO HUB AUDIOVISUAL

MENU
CANCEL
Rec
MF
AWB
RAW
SLOT SELECT
DISP. / BATT. INFO
INDEX
REMOTE
AEB
Exp.SIM
CHECK
0
100%
Intelligent Li-ion Battery
DC IN
8.4V

3.1. Introdución

As liñas de axudas do Hub Audioviusual – Industria Cultural Galega financiáronse ao 100% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020. Concretamente:

- **Eixe prioritario: 20.** Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia da Covid-19 e as súas consecuencias sociais e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía.
  - **Obxectivo específico OE 20.1.3.2 - OE REACT-UE 3.2.** Apoio a medidas de axuda económica nas rexións máis dependentes dos sectores máis afectados pola crise da Covid-19.

E dentro delas, as tres principais actuacións relacionadas co sector audiovisual e cultural foron:

- **Actuación CPSO 20.1.3.2.4.** Axudas para o impulso da industria cultural e creativa galega.
- **Actuación CPSO 20.1.3.2.5.** Hub da industria cultural e creativa galega: desenvolvemento dunha Film Commission galega.
- **Actuación CPSO 20.1.3.2.6.** Hub da industria cultural e creativa galega: polos de aceleración sectorial e desenvolvemento de talento.
  - **Campo de intervención 067.** Desenvolvemento empresarial das pemes, apoio ao espírito de empresa e a incubación (incluíndo o apoio a empresas incipientes e empresas derivadas).
  - **Liña de actuación 81.** Medidas de impulso do sector audiovisual.

Neste capítulo descríbense polo miúdo as diferentes liñas de axudas do Hub Audiovisual, así como as actuacións do proxecto de desenvolvemento da Film Commission galega. Para cada unha das liñas indícanse datos xerais (dotación, tipo de proxecto, períodos de implantación, etc.), obxectivos que perseguiu a liña de axudas e, por último, a relación de entidades beneficiadas cos importes percibidos e unha análise de resultados de cada unha das liñas.

3.2. Liña de axudas para o fomento e promoción de rodaxes audiovisuais

Datos xerais[13]

Denominación.
Axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, da Axencia Galega das Industrias Culturais, para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector.

Dotación.
Catro millóns de euros, repartidos entre 2021 e 2023. Realizáronse dúas convocatorias (2021-22 e 2022-23), cun reparto de dous millóns para cada convocatoria.

Persoas beneficiarias.
Persoas físicas e xurídicas constituídas como produtoras audiovisuais independentes (con iniciativa e responsabilidade na produción audiovisual e sen influencia dominante por parte dunha empresa que preste servizos de comunicación/difusión audiovisual nin dun titular de canle televisiva) con máis do 20% de participación no proxecto audiovisual. Con consideración de pequenas ou medianas empresas e ter unha serie de producións previas para garantir unha alta calidade de produción.

Proxecto.
Produción audiovisual en formato de serie de ficción (de polo menos 150 minutos) ou de longametraxe de ficción ou animación (de polo menos 60 minutos).

Porcentaxe da subvención.
Entre o 10% e o 20% segundo a porcentaxe de propiedade industrial, e sempre para proxectos que superaron a cantidade de 1.000.000 de euros de gasto en Galicia para longametraxes de ficción e animación, e 1.500.000 euros no caso das series de ficción.

Cantidades para percibir.
A contía máxima situouse entre 300.000 e 350.000 euros, dependendo da intensidade da axuda, do tipo de produción e da porcentaxe da propiedade intelectual.

Período de gasto.
A primeira convocatoria, contou con dous tramos: ata o 31 de decembro de 2021 e ata o 1 de decembro de 2022). A segunda convocatoria tivo tamén dous tramos: ata o 20 de decembro de 2022 e ata o 15 de agosto de 2023).

[13] A efectos de análise, para o presente informe as dúas liñas de promoción de rodaxes audiovisuais, correspondentes ás anualidades de 2021-2022 e de 2022-2023, trátanse como unha única liña.

Obxectivos

Recuperación do sector audiovisual galego.
Promovéronse proxectos audiovisuais de calidade orientados á recuperación e á consolidación da industria, contribuíndo ao fortalecemento do sector nos seus distintos ámbitos.

Aumento da presenza da produción audiovisual galega nos mercados.
Apoiáronse proxectos cuxo destino principal era a exhibición cinematográfica comercial ou a emisión en canles de televisión ou plataformas de servizos de vídeo baixo demanda (VoD) con implantación xeográfica nacional e internacional.

Beneficiarios

Para as dúas convocatorias presentáronse 11 solicitudes, das cales resultaron beneficiados 10 proxectos de seis empresas distintas, cun importe total de 3.229.271,20 euros (o 81% da dotación prevista inicialmente). Tras unha renuncia sucedida na segunda convocatoria, desenvolvéronse finalmente **nove proxectos**, pertencentes a cinco empresas diferentes, cun importe xustificado que suma para as dúas anualidades **2.778.514,86 euros** (case o 70% da dotación inicial prevista e o 86% da cantidade concedida), repartidos en preto de 1,3 millóns na primeira convocatoria e 1,5 millóns na segunda convocatoria.

CONVOCATORIA 2021-2022

	Entidades beneficiarias	Proxecto	Importe xustificado	Total actividade
1	Portocabo TV. S.L.	Serie *Rapa*	1.286.329,34 €	10.159.760,44 €
2	Vaca Net Tv, S.L.	Serie *Hasta el cielo*		
3	Portocabo TV. S.L.	Serie *Argonautas*		
4	13 E Movie A.I.E.	Longametraxe *13 exorcismos*		

CONVOCATORIA 2022-2023

	Entidades beneficiarias	Proxecto	Importe xustificado	Total actividade
5	Undodez, S.L.	Longametraxe *Amigos hasta la muerte*		
6	Ficción Producciones, S.L.	Serie *Operación Marea Negra II*		
7	Ficción Producciones, S.L.	Longametraxe *Tratamos demasiado bien a las mujeres*	**1.492.185,34 €**	**11.900.775,64 €**
8	Portocabo TV. S.L.	Serie *Rapa II*		
9	Portocabo TV. S.L.	Serie *Los enviados II*		
		TOTAL	**2.778.514,86 €**	**22.060.536,08 €**

En canto aos proxectos, dous terzos foron series (no caso de *Rapa*, cunha temporada para cada convocatoria) e un terzo foron longametraxes. Todas as entidades beneficiarias tiñan a sede na provincia da Coruña e estaban constituídas como empresas de sociedade limitada agás unha agrupación de interese económico. Exceptuando esta última, todas as empresas están na epígrafe 5915 do CNAE 2009 (Actividades de produción cinematográfica e de vídeo).

Analizando o impacto económico global destes proxectos, pódese observar que nas dúas anualidades os nove proxectos beneficiados desenvolveron unha actividade superior aos **22 millóns de euros**, polo que o apoio do programa de axudas a rodaxes activou un executado case oito veces superior á axuda recibida. Na convocatoria de axudas para 2021-22 o investimento dos proxectos de rodaxes sumou case 10,2 millóns de euros, mentres que na segunda convocatoria foi de 11,9 millóns de euros.

Tipo de gasto	Total actividade (2021-2022)	Total actividade (2022-2023)	Total actividade liñas
Guión e música	326.139,80 €	215.301,88 €	541.441,68 €
Persoal	6.065.998,15 €	6.729.965,02 €	12.795.963,17 €
Escenografía	746.602,85 €	1.256.706,26 €	2.003.309,11 €
Estudos de rodaxe, sonorización e produción	725.869,90 €	654.363,24 €	1.380.233,14 €
Maquinaria de rodaxe e transporte	790.653,69 €	1.474.977,69 €	2.265.631,38 €
Desprazamento, aloxamento e manutención	980.846,33 €	1.335.734,05 €	2.316.580,38 €

Tipo de gasto	Total actividade (2021-2022)	Total actividade (2022-2023)	Total actividade liñas
Publicidade e promoción	70.663,73 €	136.377,69 €	207.041,42 €
Informe de auditoría	8.300,00 €	11.500,00 €	19.800,00 €
Subministracións	4.876,63 €	15.472,65 €	20.349,28 €
Gastos xerais	439.809,36 €	70.377,16 €	510.186,52 €
TOTAL	**10.159.760,44 €**	**11.900.775,64 €**	**22.060.536,08 €**

Distribución do investimento por partidas

Por partidas, o **58% do investimento foi destinado ao persoal**, seguido polos gastos de maquinaria de rodaxe e os gastos de loxística e desprazamento, con algo máis do 10% en cada epígrafe. A escenografía supuxo o 9,1% do total, mentres que o gasto en estudios de rodaxe, a sonorización e a produción alcanzou o 6,3% dos gastos. O restante 6% repártese en apartados como o guión e a música (2,5%), os gastos xerais (2,3%), o investimento en publicidade e promoción das obras audiovisuais (0,9%), etc.



3.3. Liña de axudas para o desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais

Datos xerais

Denominación.
Subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, da Axencia Galega das Industrias Culturais, para o desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector.

Dotación.
1.200.000 euros repartidos en dous terzos para o ano 2022 e un terzo para a anualidade de 2023. Debido á demanda ampliouse o crédito ata os 1.265.000 euros.

Persoas beneficiarias.
Persoas físicas e xurídicas constituídas como produtoras audiovisuais independentes (con iniciativa e responsabilidade na produción audiovisual e sen influencia dominante por parte dunha empresa que presta servizos de comunicación/difusión audiovisual nin dun titular de canle televisivo). Segundo o número de proxectos, a entidade debía cumprir unha serie de condicións adicionais na produción de obras audiovisuais concretas desde 2015.

Proxecto.
Presentación dun paquete de propostas de entre tres e cinco proxectos individuais e independentes entre si.

Porcentaxe da subvención.
100% dos gastos subvencionables.

Cantidades para percibir.
A contía máxima foi de 150.000 euros, establecéndose un baremos segundo o cadro da páxina seguinte.

Período de gasto.
Primeira anualidade, ata o 1 de decembro de 2022. Segunda anualidade, do 1 de xaneiro ata o 15 de agosto de 2023.

Finalidade da obra	Modalidade	Contía máxima
Obras cinematográficas	Proxecto de longametraxe de animación	30.000 €
	Proxecto de longametraxe de ficción	25.000 €
	Proxecto de longametraxe documental	15.000 €
Obras audiovisuais para TV e plataformas	Proxecto de serie de ficción ou animación	30.000 €
	Proxecto de serie documental	20.000 €

Obxectivos

Promoción de contidos audiovisuais competitivos.
Apoiar os procesos previos á produción audiovisual de cara a fomentar contidos sólidos, ambiciosos e competitivos no mercado global da difusión de cine e televisión.

Fortalecemento do sector audiovisual.
Promover proxectos de propiedade industrial galega que contribúan ao fortalecemento do sector nos seus distintos ámbitos.

Beneficiarios

Debido ao número de propostas recibidas (un total de 29), decidiu-se utilizar parte do crédito non gastado do Hub Audiovisual para ampliar a dotación prevista, pasando dos 1.200.000 ata os 1.265.000 euros (un 5,4% adicional). Das 29 propostas, 26 pasaron á fase de valoración, resultando **beneficiados 13 proxectos**, cun importe solicitado que cubría o 100% da dotación para a liña.

Finalmente, tras un axuste nos proxectos cunha renuncia parcial e unha minoración, o importe total de axudas recibidas nos proxectos ascendeu ata os **1.209.651,09 euros**, o que supón o 100,8% da dotación inicial e o 95,6% do importe concedido. A axuda activou un **executado de 1.290.051,31 euros.**

	Persoas beneficiarias	Proxecto	Importe xustificado	Total das actividades
1	Ficción Producciones, S.L.	Ficción Producciones Slate		
2	Vaca Films Studio, S.L.	Slate de Vaca Films		
3	Maruxiña Film Company, S.L.	Maruxiña Slate		
4	Abano Producciónes, S.L.	Un mundo animado		
5	Somadrome Films, S.L.	Somadrome Slate		
6	CTV, S.A.	CTV Desenvolvemento 2022-2023		
7	Zeitun Films, S. L.	Zeitun Slate	**1.209.651,09€**	**1.290.051,31 €**
8	Portocabo TV, S.L.	Portocabo Slate		
9	Cósmica Producións S.L.	Cósmica Slate		
10	Filmika Galaika, S.L.	Fílmika Galaika Slate		
11	Frida Films, S.L.	Slate de Frida		
12	Miramemira, S.L.	Miramemira Slate		
13	Sétima Sociedade Coop. Galega	Sétima Slate		

Practicamente todas as entidades beneficiarias son sociedades limitadas, e a totalidade de empresas son da provincia da Coruña menos unha (7,7%) que ten a súa sede na provincia de Pontevedra.

Por outra banda, hai dúas entidades que non desenvolven o seu labor primario no sector audiovisual (unha é unha compañía de teatro, que tamén realiza labores de produción audiovisual, e outra está asignada a actividades comerciais).

Adicionalmente, a maioría das entidades figuran na epígrafe da CNAE 2009 como empresas de produción (5915) e na SIC (Clasificación Industrial Estándar) como produtoras de películas cinematográficas (7813). Non obstante, tres figuran na epígrafe CNAE 2009 co código 5912 (posprodución de cine, vídeo e programas de televisión) e dúas entidades figuran fóra das epígrafes de empresas audiovisuais.

Os 13 proxectos engloban a **preprodución de 48 propostas audiovisuais**, das cales dous terzos teñen formato de longametraxe e o restante terzo son series. A maior parte son de ficción, aínda que 11 obras son documentais. A animación tamén ten un peso relevante nas propostas presentadas polas empresas, e das seis obras de animación que se presentaron, a metade son longametraxes (unha delas documental) e a outra metade series (dúas delas documentais).

Distribución do investimento por partidas



En canto a partidas de investimento, algo máis dun terzo do total executado foi para **gastos de persoal** (440.000 euros), seguido pola adquisición de **dereitos das obras** audiovisuais, adaptacións, etc., cun investimento de case 300.000 euros. Unha cuarta parte do total repártese entre gastos de asesoría e consultaría (183.000 euros) e a elaboración de materiais (informes, *dossieres*, vídeos promocionais, *teaser*, etc., cun total de 140.000 euros). Finalmente dedicáronse uns 75.000 euros para gastos de loxística e participación en marcados ou foros de negocio.

3.4. Liña de axudas para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

Datos xerais

Denominación.
Axudas, en réxime de concorrencia competitiva, da Axencia Galega das Industrias Culturais, para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais que favorezan a recuperación económica do sector.

Dotación.
300.000 euros. Debido á alta demanda ampliouse nun 26,7% o crédito inicial ata os 380.000 euros.

Persoas beneficiarias.
Persoas físicas (autónomas) e xurídicas constituídas como produtoras audiovisuais independentes (con iniciativa e responsabilidade na produción audiovisual e sen influencia dominante por parte dunha empresa de servizos de comunicación/difusión audiovisual nin dun titular de canle televisiva). Tamén debían ter a opción de compra de dereitos sobre as partes nas que actuaba o proxecto, así como un acordo ou contrato previo cun director ou guionista e estar comprendidas nas definicións de pequena ou mediana empresa.

Proxecto.
O texto da convocatoria definiu como proxecto audiovisual individual aquelas accións e tarefas previas á produción da obra audiovisual (escrita ou mellora do guión ou do guión gráfico, localizacións, xestións de obtención de recursos económicos, plans de venda e distribución, asesoramentos de terceiros relacionados con aspectos tecnolóxicos, adquisición de dereitos, investigación en arquivos, etc.). Segundo a convocatoria, o destino último será a súa produción para a distribución cinematográfica ou difusión en calquera televisión ou plataforma de servizo de vídeo baixo demanda de ámbito nacional e internacional. Tiñan que encadrarse en proxectos de longametraxe cinematográfica de ficción, animación ou documental de carácter creativo (cun mínimo de 60 minutos), proxectos de series de ficción (duración mínima de 150 minutos) ou proxectos de series de animación ou documentais (duración mínima de 100 minutos).

Porcentaxe da subvención.
100% dos gastos subvencionables.

Cantidades para percibir.
A contía máxima foi de 30.000 euros, establecéndose un baremo segundo o cadro seguinte:

Finalidade da obra	Modalidade	Contía máxima
Obras cinematográficas	Proxecto de longametraxe de animación	30.000 €
	Proxecto de longametraxe de ficción	25.000 €
	Proxecto de longametraxe documental	15.000 €
Obras audiovisuais para TV e plataformas	Proxecto de serie de ficción ou animación	30.000 €
	Proxecto de serie documental	20.000 €

Período de gasto.
Primeira anualidade, ata o 1 de novembro de 2022. Segunda anualidade, do 1 de xaneiro ata o 15 de xuño de 2023.

Obxectivos

Promoción de contidos audiovisuais competitivos.
Apoiar os procesos previos á produción audiovisual de cara a promover contidos sólidos, ambiciosos e competitivos no mercado global da difusión de cine e televisión.

Fortalecemento do sector audiovisual.
Promover proxectos de propiedade industrial galega que contribúan ao fortalecemento do sector nos seus distintos ámbitos.

Fomento do talento creativo e a creación de emprego.
Impulsar o talento creativo para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais.

Beneficiarios

Para esta liña de axudas presentáronse 82 solicitudes, das cales dúas foron inadmitidas e outras seis desistiron por non resolver as emendas presentadas. Ante o gran número de propostas presentadas, tomouse a decisión de ampliar o crédito da dotación inicial en 80.000 euros. Finalmente, pasaron á fase de valoración 57 propostas, resultando beneficiados 17 proxectos de 13 entidades diferentes por importe de 380.000 euros, quedando os restantes 37 en lista de agarda por esgotamento de crédito.

Tras unha renuncia á axuda por parte dunha entidade e minoracións noutros proxectos, o importe percibido polos **16 proxectos executados de 12 entidades diferentes** foi dun total de **349.975,63 euros**, o 116,7% da dotación inicial e o 92,1% con respecto ao importe concedido. Tendo en conta que a porcentaxe da subvención cubría ata o 100% do proxecto, o **total das actividades foi de 364.850,81 €**, o 95,9% procedente da subvención e o restante 4,1% dos fondos propios das entidades beneficiarias.

	Entidades beneficiarias	Proxecto	Importe xustificado	Total das actividades
1	Primerbeat Films, S.L.	*Aquagym*		
2	Pulsa Control Z, S.L.	*O público non vai ao cine para ver cristais rotos*		
3	Rebordelos, S.L.	*Atántico Ceo*		
4	Nós Productora Cinematográfica Galega, S.L.	*Mil ourelas*		
5	Agallas Films, S.L.	*Vilamiseria*		
6	Zenit Television, S.A.	*María Casares, a diva estranxeira*		
7	Xamalú Filmes, S.L.	*A música*		
8	Xamalú Filmes, S.L.	*Sombras de agosto*	**349.975,63 €**	**364.850,81 €**
9	Producións A Fonsagrada, S.L.	*As voces do lenzo*		
10	Pulsa Control Z, S.L.	*Paraíso*		
11	Xiana Gómez Díaz	*Lección de botánica*		
12	Indígena Films, S.L.	*Alevosía*		
13	Indigena Films, S.L.	*Lucy e os Pottokas*		
14	Kraken Media, S.L.	*Adeus, Berta*		
15	Ringo Media, S.L.	*Porto Alegre*		
16	Nós Productora Cinematográfica Galega, S.L.	*Prefiro condenarme*		

Agás Ringo Media, que ten sede en Barcelona, todas as entidades beneficiarias desta liña son da provincia da Coruña. E, por clasificación por epígrafes de CNAE, o 75% realizan como actividade principal a produción cinematográfica e de vídeo. Unha das empresas desenvolve actividades de posprodución cinematográfica e outras dúas desenvolven actividades relacionadas coas artes escénicas.

Analizando o tipo de proxectos presentados, **15 das 16 propostas están concibidas como longametraxes**, sendo dous terzos de ficción e un terzo documentais. Só unha das propostas está concibida como miniserie documental (*As voces do lenzo*).

Distribución do investimento por partidas



Dos 365.000 euros executados nesta liña, o **45% destinouse a persoal** (165.000 euros), mentres que case o 23% serviu para adquirir os dereitos para a produción de obras audiovisuais (83.000 euros). O 13% do total executado cubriu servizos de asesoría e consultaría (47.500 euros), e o restante 19% (69.000 euros) repartiuse entre gastos de elaboración de materiais, gastos xerais e os relacionados coa loxística e participación en mercados promocionais.

3.5. Liña de subvencións para proxectos de empresas de exhibición cinematográfica comercial

Datos xerais

Denominación.
Subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, da Axencia Galega das Industrias Culturais, para proxectos de empresas de exhibición cinematográfica comercial que contribúan a garantir e fortalecer a súa viabilidade, favorecer a captación de público, promover a difusión do cinema comunitario e doutras cinematografías con baixa cota de pantalla en España, e impulsar a actividade empresarial, para o ano 2023.

Dotación.
500.000 euros.

Persoas beneficiarias.
Persoas físicas (autónomas) e xurídicas titulares ou arrendatarios de salas de exhibición cinematográfica independentes situadas en Galicia e habilitadas legalmente para a exhibición comercial de películas. Debían ter consideración de pequenas ou medianas empresas e estar en funcionamento.

Proxecto.
Un único proxecto por local. As empresas con máis dun local tiveron a opción de presentar ata catro proxectos.

Porcentaxe da subvención.
80% dos gastos subvencionables.

Cantidades para percibir.
- **Cines de 1 a 3 pantallas:** ata 16.000 euros.
- **Cines de 4 a 6 pantallas:** ata 20.000 euros.
- **Cines con 7 ou máis pantallas:** ata 24.000 euros.
- Para os cines situados en **localidades de ata 30.000 habitantes,** a cantidade máxima establecida acadou 4.000 euros máis.
- Para os cines en **que máis do 50 % das películas non nacionais programadas se proxectaron en versión orixinal con subtítulos** e foron computadas sobre a totalidade de sesións realizadas durante o período subvencionable, a cantidade máxima establecida podía acadar 4.000 euros máis.

Período de gasto.
Ata o 15 de agosto de 2023.

Obxectivos

Promoción e atracción de público.
Creación de iniciativas orientadas á creación de público, como estudos de impacto, campañas individuais ou colectivas de comunicación e márketing, deseño e realización de materiais de promoción.

Impulso do cine minoritario europeo e de terceiros países.
Desenvolvemento programacións especiais ou regulares, dun mínimo dunha semana de duración consecutiva en carteleira, de cinema de países con baixa representación na cota de pantalla anual por número de sesións.

Impulso do cinema galego en lingua galega.
Desenvolvemento programacións especiais o regulares dun mínimo dunha semana de duración consecutiva en carteleira de cinema de autoría ou produción galegas en versión orixinal galega.

Desenvolvemento de eventos de carácter cinematográfico.
Realización de campañas orientadas á promoción da cinematografía galega: eventos de presentación de películas, organización de faladoiros relacionados cos títulos exhibidos, presenza de autores e membros do equipo nas proxeccións ou outros que fomenten a interacción entre as películas e o seu público.

Promoción mediante prezos especiais para colectivos específicos.
Campañas de entradas a prezo especial dirixidas a público infantil ou xuvenil e ao colectivo de persoas maiores.

Beneficiarios

Tras a fase de avaliación, resultaron propostos para recibir axudas un total de 16 proxectos. Desa cantidade, aceptaron a axuda 12 proxectos de nove empresas por importe de 173.560 euros. Debido a dúas perdas de dereito a axuda, realizáronse finalmente **10 proxectos de sete empresas** distintas e unha contía de axudas que alcanzou os **130.754,29 euros**, un 26,2% da dotación prevista inicialmente e un 75,3% respecto do importe concedido.

	Entidades beneficiarias	Proxecto	Importe xustificado	Total das actividades
1	Numax, S. Coop. Galega	Cinema NUMAX 2015-2023. 8 anos de cinema independente	130.754,29 €	190.427,40 €
2	Nocturama, S.L.	Programación cinema Dúplex		
3	Cine Donde No Hay Cine, S.L.	Programación cines Viveiro		
4	Atlántico Multicines, S.L.	Ciclo de cine europeo e galego		
5	Sons Galiza Comunicacion, S.L.	Proxección de cine galego europeo		
6	Exhibiciones Cinematográficas Pato & Miguel, S.L.	Proxección cinematográfica galega e europea		
7	Coruña Films, S.L. – Pontevella	Proxección cinematográfica galega e europea		
8	Coruña Films, S.L. – Gran Arousa	Proxección cinematográfica galega e europea		
9	Coruña Films, S.L. – Barbanza	Proxección cinematográfica galega e europea		
10	Coruña Films, S.L. – Bergantiños	Proxección cinematográfica galega e europea		

As axudas activaron un executado total nos proxectos de **190.427,40 euros**, dos cales o 68,7% provén da axuda do Hub Audiovisual e o restante 31,3% das achegas propias das entidades. Por partidas, **dous terzos do total foron destinados á contratación de películas** (126.000 euros), mentres que a contía restante serviu para a captación de públicos mediante campañas publicitarias, creación de aplicacións para a xestión de entradas e promocións de prezos para a asistencia de espectadores (64.400 euros en total).

A metade dos cines que recibiron a axuda estaban situados na provincia da Coruña, dous son de Lugo e outros dous de Pontevedra, e un está localizado en Ourense.

3.6. Liña de axudas para a promoción de videoxogos

Datos xerais

Denominación.
Subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, da Axencia Galega das Industrias Culturais, para a promoción de videoxogos.

Dotación.
500.000 euros (repartidos ao 50% entre 2022 e 2023).

Persoas beneficiarias.
Empresas ou persoas autónomas do sector dos videoxogos e que teñan oficina ou sucursal en Galicia, ou que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia. Deben considerarse pequenas ou medianas empresas e estar en funcionamento.

Proxecto.
Un único proxecto por empresa, dirixido ao desenvolvemento dun videoxogo en todo o seu proceso de creación, deseño e programación, comercialización, distribución e difusión, así como na súa fase de prototipo.

Porcentaxe da subvención.
Entre o 25 e o 75% do gasto subvencionable segundo as dúas modalidades establecidas.

Cantidades para percibir.
Un máximo entre 50.000 e 100.000 euros segundo dúas modalidades establecidas:

- **Modalidade A:** Proxectos con orzamento subvencionable de máis de 200.000 euros; a porcentaxe máxima foi do 25% ata un máximo de 100.000 euros.
- **Modalidade B:** Proxectos con orzamento subvencionable entre 40.000 e 200.000 euros, a porcentaxe máxima foi do 75% ata un máximo de 50.000 euros.

Período de gasto.
Primeira anualidade, ata o 1 de decembro de 2022. Segunda anualidade, ata o 1 de xullo de 2023.

Obxectivos

Apoio dos procesos da cadea de valor do sector dos videoxogos.
Co fin de promover proxectos de propiedade intelectual galega que contribúan ao fortalecemento do sector, estas axudas serven para promover contidos sólidos e competitivos dentro do mercado global no relacionado cos videoxogos.

Impulso do sector dos videoxogos.
O sector dos videoxogos ten un campo de expansión e potencial estratéxicos que cuxa promoción é imprescindible.

Beneficiarios

Resultaron beneficiados inicialmente un total de 4 proxectos por un importe de 180.000 euros (36% da dotación prevista). Debido a unha renuncia e a unha perda de dereito á axuda, finalmente se desenvolveron tan só **dous proxectos de dúas empresas** distintas por un importe concedido de **88.250 euros** (17,7% da dotación inicial prevista e o 49% da contía concedida).

	Persoas beneficiarias	Proxecto	Importe xustificado	Total das actividades
1	Iseltec, S.L.	Apasiño	**88.250,00 €**	**127.236,24 €**
2	Chessforedu, S.L.	Caissa		

As empresas beneficiarias teñen a sede na Coruña e Baleares, se ben esta última con oficina na provincia de Pontevedra. O **total executado das actividades foi de 127.236,24 euros**, e as axudas recibidas cubriron o 69,4% do total, mentres que o 30,6% restante foi achegado polas entidades.

Por partidas, case o **52%** do total executado foi investido en contratación de **servizos profesionais**, outro 45% en persoal e o restante 3,6% noutros gastos como loxística, ferramentas de programas ou equipo informático.

3.7. Liña de subvencións para a promoción, capacitación e desenvolvemento de proxectos musicais

Datos xerais

Denominación.
Subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, da Axencia Galega das Industrias Culturais, para a promoción, capacitación e desenvolvemento de proxectos musicais unitarios e colectivos.

Dotación.
1.200.000 repartidas ao 50% en dúas anualidades (2022 e 2023).

Persoas beneficiarias.
Persoas ou entidades dadas de alta nalgunha das epígrafes da IAE relacionadas coa actividade subvencionable: cantantes ou intérpretes (032, 033), diversas empresas de espectáculos (965, e os seus subapartados 1,2,3 e 4), representantes e axentes relacionados co espectáculo (851, 853), e outros servizos relacionados co espectáculo (983).

Proxecto.
Establecéronse dúas modalidades.

- **Modalidade A:** Proxectos musicais unitarios (aqueles desenvolvidos ao redor dun só artista: solista, grupo ou banda).
- **Modalidade B:** Proxectos musicais colectivos (polo menos catro artistas musicais).

Porcentaxe máxima da subvención.
Un máximo do 70%.

Cantidades para percibir.
Na modalidade A o máximo para percibir estableceuse en 40.000 euros, mentres que o máximo establecido na modalidade B foi de 200.000 euros.

Período de gasto.
Na primeira anualidade, ata o 1 de decembro de 2022. Na segunda anualidade, ata o 20 de agosto de 2023.

Obxectivos

- **Mellorar a calidade dos proxectos musicais** producidos en Galicia.
- **Axilizar a modernización** da industria musical, o crecemento de uso de novas tecnoloxías e a dixitalización nas diferentes fases da produción musical.
- **Consolidar a cadea de valor da industria musical**, con criterios de sustentabilidade e rendibilidade do investimento público.

Beneficiarios

Para esta axuda recibíronse un total de 18 solicitudes (11 na modalidade A de proxectos musicais unitarios e 7 na modalidade B de proxectos musicais colectivos), das cales 4 da modalidade A foron non admitidas por diversas causas e outras 3 (unha da modalidade A e dúas da B) desistiron.

O importe total concedido ascendeu a 1.036.386,38 euros, o que supón o 86,4% da dotación inicial prevista, con seis propostas para a modalidade A (cun importe concedido de 195.460,82 euros), e outras cinco para a modalidade B (cunha concesión de 840.925,56 euros).

Finalmente, tras a renuncia dun dos proxectos na modalidade A e varias minoracións, a cantidade percibida finalmente nos **10 proxectos beneficiarios** foi de **759.839,56 euros**, o 63,3% da dotación inicial e o 73,3% do importe concedido.

	Persoas beneficiarias	Proxecto	Importe xustificado	Total das actividades
		MODALIDADE A (Unitarios)		
1	Xabier Díaz	Xabier Díaz – 2022/2023	**142.756,62 €**	**252.586,24 €**
2	Cultura Activa Soc. Coop. Galega	Gaudí Galego - *Roibén*		
3	Lopregos, S.L.	Creación, desenvolvemento e promoción do novo traballo de Budiño 2022-2023		
4	Nordesía Producións, S.L.	A Pedreira		
5	Xonix Records, S.L.	Promoción e difusión do proxecto musical de Pauliña		

	Persoas beneficiarias	Proxecto	Importe xustificado	Total das actividades
		MODALIDADE B (Colectivos)		
1	Plan Play, S.L.U.	Playplan		
2	Kalderón Producciones Musicales, S.L.	Promoción e posicionamento de mercado artistas galegos de Kakderón		
3	Ernie Producciones, S.L.	Ernie Records 2022-2023	**617.082,94 €**	**1.167.749,71 €**
4	Esmerarte Industrias Creativas, S.L.	Desenvolvemento de artistas de Esmerarte Industrias Creativas		
5	Music Arte Rey Saavedra Soc. Coop.	Artistas Musicarte		
		TOTAL	**759.839,56 €**	**1.420.335,95 €**

Por ámbito xeográfico, as entidades beneficiarias repártense a partes iguais entre a provincia da Coruña e a de Pontevedra. A meirande parte son sociedades limitadas, e ,atendendo á epígrafe CNAE primaria, a metade das entidades desenvolven o seu labor no sector das artes escénicas, tres no sector da música, unha sitúase na epígrafe de produción audiovisual e unha en actividades artísticas e literarias.

Os resultados en produtos e actividades culturais desenvolvidas é bastante significativa. Por poñer algúns números:

- As axudas impulsaron a actividade de **10 entidades e 23 grupos musicais.**
- Editáronse **tres discos, varios sinxelos e 24 videoclips**, ademais de numeroso material audiovisual promocional.
- Organizáronse **máis de 360 concertos e actuacións** no ámbito galego, peninsular e internacional.
- Desenvolvéronse **outras accións**, como preprodución de proxectos musicais, colaboracións, residencias, actos promocionais, asistencias a feiras de negocio, etc.

Distribución do investimento por partidas

Esta axuda activou **un executado de 1,18 millóns de euros,** o 62,7% por parte do Hub Audiovisual e o restante 37,3% procedente das achegas das entidades beneficiarias. Tanto a partida dedicada á **produción** como á relativa ao **persoal** distribuíronse case a partes iguais **seis de cada 10 euros** investidos nos proxectos. Os concertos e xiras supuxeron o 22% do total, e os gastos de promoción e comunicación case o 9%. O restante 8,6% repartiuse entre gastos de comercialización, gastos xerais, de consultaría e de distribución dixital.



3.8. Liña de subvencións para o desenvolvemento de proxectos de programación musical na rede galega de música ao vivo

Datos xerais

Denominación.
Subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, da Axencia Galega das Industrias Culturais, para o desenvolvemento de proxectos de programación musical na Rede Galega de Música ao Vivo en salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais con público, dentro da programación do Xacobeo 21-22.

Dotación.
600.000 euros repartidos ao 50% en dúas anualidades.

Persoas beneficiarias.
Persoas físicas e xurídicas privadas (pequenas ou medianas empresas), propietarios, ou posuidores de calquera título válido en dereito, de espazos de exhibición musical privados, situados en Galicia, habilitados legalmente e con licenza ou permiso para organizar espectáculos musicais en directo con público.

Proxecto.
Un único proxecto por solicitante, en dúas modalidades.

- **Modalidade A**: Proxecto para a programación da Rede Galega de Música ao Vivo (concertos con gastos de persoal contratado asociado ao proxecto, produción, xestión de dereitos de autor e comercialización, promoción e publicidade).
- **Modalidade B**. Proxecto para a programación complementaria da Rede Galega de Música ao Vivo (concertos con gastos de produción, de xestión de dereitos de autor e de comercialización, promoción e publicidade).

Porcentaxe máxima da subvención.
100% para a modalidade A e 80% para a modalidade B.

Cantidades para percibir.
Máximo de 50.000 euros (25.000 euros por cada modalidade respectando os réximes establecidos de compatibilidade).

Período de gasto.
Primeira anualidade ata o 10 de decembro de 2022. A segunda anualidade ata o 30 de setembro de 2023.

Obxectivos

Contribuír á promoción da actividade musical.
Desenvolver accións de consolidación, fomento e crecemento dese ámbito cultural.

Potenciar a Rede Galega de Música ao Vivo.
Promover o desenvolvemento ordinario da programación das salas en 2022 e 2023 e colaborar coas salas de música ao vivo.

Beneficiarios

Presentáronse **12 proxectos** en dúas quendas (7 proxectos na primeira e 5 na segunda), cunha concesión inicial de **242.000 euros.** Finalmente, tras unha renuncia e minoracións, executáronse **11 proxectos** cun importe xustificado de **221.079 euros** (o 37,3% da dotación inicial prevista e o 91,34% do importe concedido).

	Persoas beneficiarias	Proxecto	Importe concedido	Total das actividades
1	Laroom Producciones, S.L.	Unha caixa de músicas	221.079,04 €	256.615,63 €
2	Santamaria Somoza, S.L.	A Pousada da Galiza Imaxinaria		
3	Fernando Casal Neira	Rede Galega de Música ao Vivo na Sala Pub Gatos		
4	Dois, Soc. Coop.	Rede Galega Música ao Vivo - Sala Guión Club		
5	Noemi Vázquez Nogueiras	A Arca da Noe		
6	Club Clavicémbalo, S.L.	Programación RGMV 2022 // Clavicémbalo		

	Persoas beneficiarias	Proxecto	Importe concedido	Total executado
7	Eustaquio González Rodríguez	Borriquita Belém – Proxecto Jazz & Love	221.079,04 €	256.615,63 €
8	La Sonrisa De Vigo, S.L.	La Fábrica de Chocolate Club		
9	Fonosaurios, S.L.	Programación Musical Sala Krazzy Kray		
10	Taboada Y Paz, Soc. Coop.	Programación RGMV 22-23 - Auriense Café Cultural		
11	Casa Das Crechas, S.L.	Casa das Crechas – Ciclo Musical da Diversidade 2022/2023		

Seis das entidades beneficiarias localízanse na provincia da Coruña, dúas en Pontevedra, outras dúas en Ourense e unha sitúase en Lugo. Por outra banda, seis son sociedades limitadas, tres son autónomas e dúas son sociedades cooperativas. Agás unha entidade, que se encadra no ámbito escénico, as restantes pertencen ao ámbito da hostalería, co código CNAE 5630.

O **total executado foi de 256.615,63 euros**, dos cales o 86,2% pertence á axuda do Hub Audiovisual e o 13,8% ás achegas das entidades beneficiarias. A actividade principal desenvolvida foi a organización de concertos. En total tiveron lugar nestes locais con escenario habilitado para concerto **157 concertos dentro da programación principal** da Rede Galega de Música ao Vivo, así como tamén **64 concertos en programación complementaria,** o que fai **un total de 221 concertos** dentro desta liña de axudas.

Por partidas de investimento, **oito de cada dez euros foron destinados á contratación do persoal artístico** para os concertos (case 205.000 euros), mentres que os gastos de produción ascenderon ata o 16,2% (41.500 euros). O restante 4% dividiuse entre gastos de comercialización e promoción e pagos da xestión dos dereitos de autor.

3.9. Liña de axudas para a dotación de equipamentos e activos

Datos xerais

Denominación.
Axudas, en réxime de concorrencia competitiva, da Axencia Galega das Industrias Culturais, para a dotación de equipamentos e activos que fomenten a innovación e a competitividade da industria cultural e creativa galega (equipamentos, fixos materiais e inmateriais, servizos SaaS e adecuación do espazo físico para a colocación dos equipamentos).

Dotación.
1.300.000 euros inicialmente. Debido á alta demanda, ampliouse o crédito ata os 2.000.000 de euros.

Persoas beneficiarias.
Persoas autónomas e empresas privadas, consideradas pequena ou mediana empresa, desenvolvendo a súa actividade principal en Galicia nalgunha destas 14 epígrafes CNAE 2009: relacionadas coa edición de libros e actividades artísticas e literarias (5811, 9003), edición de videoxogos (5821), actividades audiovisuais diversas (5912, 5915, 5916, 5917, 5918, 6020), actividades de música e son (1820, 5920), actividades fotográficas (7420), artes escénicas (9001, 9002) e alugueiro de maquinaria, equipamentos e bens tanxibles (7739).

Proxecto.
Un único proxecto por empresa. O investimento realizado tivo que estar localizado nun centro de traballo en Galicia.

Porcentaxe máxima da subvención.
80% como máximo.

Cantidades para percibir.
Entre 25.000 e 100.000 euros.

Período de gasto.
Primeira anualidade, ata o 1 de decembro de 2022. Segunda anualidade, ata o 1 de xullo de 2023.

Obxectivos

Promoción da dixitalización e innovación.
Aumentar os procesos en marcha de dixitalización e innovación das empresas culturais galegas, o que permitirá incrementar tamén a xeración de novos públicos e a sostibilidade ambiental.

Apoio á actividade produtiva das empresas culturais.
Impulsar proxectos de investimento en activos fixos vinculados á actividade produtiva das empresas culturais galegas.

Beneficiarios

Para esta axuda recibíronse 72 solicitudes, das cales 10 foron inadmitidas por non axustarse á totalidade das bases, e unha desistiu. Debido ao gran número de solicitudes, foi necesario ampliar a dotación inicial de 1,3 millóns de euros ata os 2,0 millóns de euros definitivos, o que supuxo un aumento en crédito do 54% adicional. Das 61 solicitudes revisadas, 42 proxectos acadaron suficiente puntuación para poder ser beneficiarias, cun importe solicitado de 2,2 millóns de euros e un importe concedido de 2,0 millóns de euros. A pesar deste esforzo por aumentar a dotación inicial, un total de 17 proxectos quedaron na lista de agarda por esgotamento de crédito. Debido a renuncias nas fases intermedias e finais da liña de subvencións, finalmente foron **38 os proxectos beneficiarios**, cunha cantidade total outorgada de **1.707.667,96 euros**, o que supón o 131,4% da dotación inicial e o 85,4% do importe concedido.

	Persoas beneficiarias	Proxecto	Importe xustificado	Total das actividades
1	Global Setup, S.L.	Investimento en equipamento para a realización de eventos de primeira categoría	1.707.667,96 €	2.775.697,24 €
2	Tex 45 Producions, S.L.	Acondicionamento de instalación como escenario de produción audiovisual		
3	Abano Producións, S.L.	Transformación e innovación dixital Abano		
4	Tanxarina, S.L.	Modernización das estruturas de xestión da compañía anxarina para favorecer a súa competitividade		
5	Ficcion Producciones S.L.	Innovación do proceso produtivo		
6	Urdime, Soc Cooperativa Galega	Escena dixital 23		
7	Igmar Servicios Acústicos, S.L.	Adquisición de novos equipos de son		
8	David Machado Domínguez	Actualización e mellora de equipación para novos formatos de son inmersivo		

	Persoas beneficiarias	Proxecto	Importe xustificado	Total das actividades
9	A.S. A-Son, S.L.	Adquisición de equipamento e outros activos fixos materiais		
10	Kachet Loxística, S.A.	Adquisición de novo equipamento sonoro		
11	Miramemira, S.L.	Actualización de equipos de gravación e son		
12	Alfonso Vázquez Cortizo	Plancto Estudo de Xas Films		
13	Game Over Productions, S.L.	Equipamento de son e iluminación		
14	Miraveo Assets, S.L.	Novo equipamento en Miraveo para gañar competitividade		
15	Casa Do Retrato, S.L.	Dotación de equipamentos e activos		
16	Tamboura Films, S.L.	Creación de contados de realidade virtual orientados ao entretemento e con obxectivos terapéuticos		
17	Chiripa Producións S.L.U.	CulturaENVIVO. Proxecto para a xestión integral dos eventos culturais promovendo a dixitalización		
18	Gaitafilmes, S.L.	Ampliación de equipamento e infraestrutura de Gaitafilmes e Gaitafilmes Estudio	**1.707.667,96 €**	**2.775.697,24 €**
19	Nuria Sotelo Rodríguez	Investimento para a innovación e mellora da produtividade, ficiencia e sostibilidade ambiental de "A Casa Vella"		
20	Viva Zapata & Villar, S.L.	Escenario virtual de Stop Motion (Stagecraft)		
21	Producciones Audiovisuales Sete Media, S.L.	Proxecto de dixitalización de equipamento tecnolóxico integral		
22	Técnicas & Gramaxe, S.L.	Adquisición de máquinas de impresión		
23	Zeitun Films, S. L.	Equipamentos Zeitun Films		
24	A Xanela Do Maxin S.L.	Innovación teatral A Xanela do Maxín		
25	Producións Teatrais Excéntricas	Dotación de activos e equipamentos de "Excéntricas"		
26	Aine Producions, S.L.	Incorporación de ferramentas de medición de espectadores		
27	Máis Deseño Silleda, S.L.	Adquisición de equipamento para mellora empresarial		
28	Babalu Studios, S.L.	Actualización de equipamento e software con adaptación dos espazos requiridos		

	Persoas beneficiarias	Proxecto	Importe xustificado	Total das actividades
29	Etiqueta Negra Producciones, S.L.	Etiqueta Negra – Plan de modernización	1.707.667,96 €	2.775.697,24 €
30	Pista Catro Productora de Soños, S.L.	Dotación de equipamentos e activos		
31	Nalgures Producións, S.L.	Servizos adicionais		
32	Play Plan Cultural, S.L.U.	Mellora da competitividade, eficiencia e sostibilidade de Play Plan		
33	Vilas y Puga Asociados, Soc. Coop.	Adquisición de equipamentos para a mellora da competitividade da empresa		
34	Jairo Iglesias Martínez	Mellora do fluxo de traballo e dos sistemas de iluminación en rodaxe		
35	Frida Films, S.L.	Equipamento de Frida Films		
36	Producciones Emsac S.L.	Adquisición de equipos de iluminación		
37	Thinkingupevents S.L.	Futuro Thinking Up		
38	Work On Sunday, S.L.U.	WOS – Plan de modernización – Fase 1		

A axuda do Hub activou un executado que ascendeu ata case os **2,78 millóns de euros**, co 61,5% do total procedente da axuda e o restante 38,5% dos fondos das entidades.

Analizando o tipo de equipamentos e bens adquiridos polas entidades beneficiarias, un terzo dos proxectos beneficiarios foron destinados á adquisición **de equipamento audiovisual** como obxectivo principal. Estes 13 proxectos recibiron algo máis de 550.000 euros de axudas e activaron un executado de aproximadamente 900.000 euros. O segundo bloque, conformado por 12 proxectos, tivo como obxectivo a adquisición de **equipamento escénico** (equipos de son, de iluminación, etc.), os cales recibiron axudas por importe de 686.000 euros para un total executado de case 900.000 euros. O terceiro bloque engloba seis proxectos para a adecuación de **espazos e infraestruturas** para o desenvolvemento de actividades escénicas ou de produción e posprodución audiovisual. Estes proxectos recibiron 270.000 euros en axudas e executaron un investimento de preto de 478.000 euros. O último bloque engloba entre proxectos de equipamento informático, aplicacións de xestión administrativa e cultural e a adquisición de equipamento para a industria editorial.

En canto ao reparto por partidas, o **91,8% do total executado foi destinado á adquisición de equipamentos e doutros activos fixos materiais**, un 4,8% a activos fixos inmateriais (incluíndo licenzas de programas informáticos), e o restante 3,4% dividiuse entre unha partida de adquisición de servizos *Software as a Service* (SaaS) e outra destinada á adecuación do espazo físico para a colocación dos equipamentos.

3.10. Plataforma tecnolóxica da Galicia Film Comission

Datos xerais

Denominación.
Desenvolvemento, posta en marcha e mantemento da plataforma tecnolóxica da Galicia Film Commission.

Dotación.
O contrato tivo asignado un crédito inicial de 315.997,80 euros (382.357,33 euros con IVE), con anualidades axustadas para adecualas ao plan de execución dos traballos do contrato entre 2022 e 2025.

Duración do contrato.
A data de inicio foi o 2 de novembro de 2022 cunha duración do contrato de 36 meses.

Obrigas xenéricas da adxudicataria.
As obrigas da empresa foron:

1. Cumprir as disposicións vixentes en relación á actividade desenvolvida, así como a seguridade e a protección da saúde no lugar de traballo.
2. Cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme o Convenio Colectivo sectorial de aplicación, ademais das obrigas fiscais e da seguridade social.
3. Ter persoal necesario para a realización do obxecto do contrato (tanto cobertura dos postos como a categoría e aptitude do persoal asignado), tendo en conta as disposicións en materia de igualdade de oportunidades e non discriminación.
4. Manter a confidencialidade de calquera dato de carácter persoal derivado do proxecto.

Obxecto e alcance do contrato

Obxecto do contrato:
Posta en marcha dunha Film Commission entendida como un espazo de encontro e de traballo do sector público e o sector privado, onde os seus profesionais podan ter un escaparate onde ofrecer os seus produtos e os seus servizos. O obxecto foi a creación dun portal web de recursos que cumpra a función de guía para todos os que desexen realizar en Galicia os seus proxectos audiovisuais, convertendo a comunidade nun grande estudio de gravación e nun foco de posprodución. Sumado ao portal, considerouse a creación dunha oficina virtual, un asistente virtual e outros servizos de asesoramento e tramitación.

Alcance do proxecto:

Entre as finalidades que perseguiu este proxecto están:

1. Creación dun novo portal web con deseño e funcionalidades modernas, accesible dende múltiples plataformas e soportes.
2. Mellora do servizo prestado a usuarias, persoas físicas ou xurídicas, fomentando o uso e utilidade das novas tecnoloxías.
3. Xestión do portal e contidos de forma dinámica e intuitiva, que permita a autoxestión.
4. Migración de contidos da web da Axencia Galega das Industrias Culturais vinculados ao audiovisual.
5. Sistema de participación profesional, con rexistro de usuarios a través dunha zona de acceso restrinxido.
6. Formación de xestores de contidos, administradores do sistema e do sector profesional.
7. Soporte íntegro do sistema.

Adxudicación

Tras a publicación do procedemento na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, constatouse a presentación catro ofertas de participación na licitación no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX).

O 2 de novembro de 2022, a Mesa de Contratación propuxo como adxudicataria do contrato á empresa **UTE BALIDEA-ILUX** por resultar a mellor oferta tras aplicar os criterios de valoración establecidos no prego de cláusulas administrativas da licitación. O importe de adxudicación sen IVE foi de **297.037,93 euros** (359.415,90 euros con IVE), cun prazo de execución de 36 meses.

A proposta da empresa baséase nunha análise de tendencias actuais de deseño, organización e funcionalidades de sitios web análogos de institucións españolas e internacionais para, despois, desenvolver unha descrición das funcionalidades que se incorporarán no portal da Galicia Film Commission unha explicación da árbore de contidos e unha presentación do deseño proposto.

Os contidos están pensados para ofrecer unha experiencia integral, relevante e útil para profesionais e empresas do sector audiovisual e calquera persoa interesada:

- Páxinas de información sobre a Film Commission e o sector audiovisual.
- Espazo para procura de localizacións de rodaxes e gravacións.
- Guía de produción para profesionais e empresas do sector.
- Sección con información de rodaxes e gravacións.
- Espazo para coñecer festivais e certames relacionados co audiovisual.
- Información sobre colectivos vinculados ao sector.
- Apartado dedicado aos centros de formación que teñan que ver co sector.
- Noticias, informes e documentación relevante sobre o audiovisual.
- Apartado destinado a ofertas de emprego.
- Outros (preguntas frecuentes, consulta de información xeral, etc.).

3.11. Dixitalización de fondos audiovisuais da Filmoteca de Galicia

Datos xerais

Denominación.
Contratación do servizo de dixitalización de fondos audiovisuais do arquivo histórico da filmoteca de Galicia.

Dotación.
O contrato tivo asignado un crédito de 91.643 euros (110.888,03 euros con IVE), cun único pagamento que se correspondeu coa realización dos traballos obxecto do contrato e a entrega da documentación e material correspondente.

Obrigas xenéricas da adxudicataria.
As obrigas da empresa foron:

1. Cumprir as disposicións vixentes en relación á actividade desenvolvida, así como a seguridade e a protección da saúde no lugar de traballo.
2. Cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme o Convenio Colectivo sectorial de aplicación, ademais das obrigas fiscais e da seguridade social.
3. Ter persoal necesario para a realización do obxecto do contrato (tanto cobertura dos postos como a categoría e aptitude do persoal asignado), tendo en conta as disposicións en materia de igualdade de oportunidades e non discriminación.
4. Manter a confidencialidade de calquera dato de carácter persoal derivado do proxecto.

Persoal mínimo.
En total catro persoas: unha persoa, con experiencia profesional de polo menos 5 anos, para a xefatura do proxecto, con perfil de restauradora dixital e un mínimo de 440 horas de dedicación; e 3 perfís técnicos de restauración, con labores de operador de microimaxe cunha experiencia mínima de 3 anos na categoría indicada e unha suma total de 2.700 horas de dedicación.

Duración do contrato.
Inicialmente a data de inicio estaba prevista para o 15 de maio de 2023 e a data de finalización o 31 de outubro de 2023 (un total de 24 semanas). No periodo de adxudicación a data de inicio foi finalmente o 18 de xullo de 2023.

Obxecto e alcance do contrato

Obxecto do contrato:

Dixitalización de 32 películas, cun total de 21.210 metros e unha duración que supera os 1.075 minutos, en soporte acetato, pertencentes aos fondos do arquivo histórico da Filmoteca de Galicia. En concreto:

- **18 películas rodadas en 35 mm**, cun total de 17.203 metros e 707 minutos de entre 1915 e 1966, e de 13 directores o produtores diferentes (José Gil, Vicus Films, Ramón Barreiro...). Deste grupo, tres contan con son óptico e unha é en cor.
- **14 películas rodadas en 16 mm**, cun total de 4.007 metros e uns 370 minutos do período entre 1929 e 1972, e de tres directores distintos (Ángel Durán, Eligio González e Manuel Arís) . Deste grupo, dúas son en cor e unha delas, ademais, ten son magnético

Alcance do contrato:

Realización das tarefas necesarias para acadar a dixitalización das 32 películas, que consistiu nos seguintes traballos:

- Recollida e devolución das copias orixinais para dixitalizar, e entrega dos materiais resultantes.
- Repaso e limpeza de todas as películas para o seu escaneado.
- Escaneado en resolución 2K das 14 películas en soporte 16 mm e en resolución 4K para as 18 películas en 35 mm.
- Dixitalización en audio .wav (48Khz e 24 bits) do son das películas.
- Restauración dixital e corrección de cor de todas as películas.
- Conformado final das 32 películas a 24 fotogramas por segundo e con mestura de son en distintas versións (DCDM, DCP 2K, ProRes 444 para as películas en cor e 422HQ para as películas en branco e negro, H264, HD e SD.
- Exportación a discos ríxidos de todos os materiais xerados no proceso.

Adxudicación

Tras a publicación do procedemento na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, constatouse a presentación tres ofertas de participación na licitación no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX).

O 18 de xullo de 2023, a Mesa de Contratación propuxo como adxudicataria do contrato á empresa **Reproutlet, S.L.** por resultar a mellor oferta tras aplicar os criterios de valoración establecidos no prego de cláusulas administrativas da licitación. O importe de adxudicación sen IVE foi de **89.112,00 euros** (107.825,52 euros con IVE), cun prazo de execución de 23 semanas (5 meses e 9 días).

CAPÍTULO 4

FICHAS DE PROXECTOS BENEFICIADOS

MENU
CANCEL
Av
Rec
MF
AWB
RAW
AEB
Exp.SIM
SLOT
SELECT
DISP. /
BATT. INFO
INDEX
REMOTE
CHECK
0
100%
Intelligent Li-ion Battery
HDMI
DC IN
8.4V

4.1. Introdución

O presente capítulo reúne cada un dos proxectos que se beneficiaron dunha axuda ou subvención procedente do Hub Audiovisual – Industria Cultural Galega, co obxectivo de achegar información precisa das accións desenvolvidas en cada un deles. Cada unha das fichas contén información básica sobre a persoa física ou xurídica que realizou o proxecto beneficiado, imaxes das accións ou resultados obtidos e outra información técnica relevante. Deste xeito, recóllese e sistematízase a información proporcionada con respecto aos resultados do investimento e do traballo de numerosas persoas (as entidades beneficiarias, a Axencia Galega das Industrias Culturais e o resto de administracións implicadas no proceso) para cumprir cos obxectivos estratéxicos establecidos no Hub Audiovisual.

As fichas están distribuídas por cores e temas, representando diversos sectores culturais (produción audiovisual, exhibición cinematográfica, sector da música, do videoxogo...). A súa vez, cada unha das liñas do Hub vai ilustrada cunha icona representativa para establecer de forma rápida unha ordenación de proxectos.

Os 109 proxectos desenvolvidos nas liñas do Hub entre 2021 e 2023 aparecen descritos neste capítulo.

Os proxectos seleccionados divídense en varios ámbitos da produción ou exhibición audiovisual, artes musicais, videoxogos ou dotación de equipamentos e activos.

A información dos proxectos dá unha idea das accións desenvolvidas e os resultados obtidos.

CT207G
Fomento e promoción de rodaxes audiovisuais

RAPA (T1)

Produción executiva: Domingo Corral, Alfonso Blanco e Susana Herreras
Guión: Pepe Coira e Fran Araújo
Dirección: Jorge Coira

Descrición:
Para a gravación da primeira temporada de *Rapa*, Portocabo contratou profesionais audiovisuais de proximidade. En concreto, oito de cada dez persoas profesionais técnicas, así como outros servizos de posprodución de imaxe e son, figuración, etc., foron contratación galega. Os plans de rodaxe contaron tamén coa participación de bolseiras acabadas de graduar, seguindo as obrigas das axudas. A rodaxe da primeira temporada da serie comezou o 27 de setembro de 2021 e durou 78 días, principalmente en localizacións de Ferrol, Cedeira e as súas contornas.

Sinopse:
A trama de *Rapa* comeza co asasinato da alcaldesa (Amparo Seoane) da vila galega da Capelada, nunha terra antiga de altos acantilados, onde os cabalos viven libres agás no día da Rapa das Bestas. A investigación do crime correrá a cargo de Maite, sarxento da xudicial, que tentará resolver quen e por que mataron a alcaldesa. Tomás, un profesor frustrado, é a única testemuña dos feitos, converténdose nunha persoa fundamental para Maite na investigación do asasinato.

Portocabo nace na Coruña en 2010, situándose neste tempo como produtora de referencia nos principais mercados europeos e establecendo unha rede de alianzas para producir ficción para o mercado global, abrindo España á coprodución internacional de ficción televisiva.

Tipo de produto
Serie de ficción (thriller)

Categoría
Produción audiovisual

Duración
600 minutos (12 episodios de 50 minutos)

Idioma orixinal
Castelán

Portocabo Tv, S.L.

Pza. Zalaleta, local 4, baixo esquerda
(15002 – A Coruña)
https://portocabo.com
portocabo@portocabo.com

RAPA - Imaxes do proxecto

CT207G
Fomento e promoción de rodaxes audiovisuais

HASTA EL CIELO. LA SERIE

Produción executiva: Emma Lustres
Guión: Jorge Guerricaechevarría
Dirección: Daniel Calparoso

Descrición:
Produción encargada por Netflix á produtora Vaca Net, S.L. A rodaxe realizouse en máis do 60% en Galicia, entre o 13 febreiro e o 28 de xuño de 2022, cunha duración de rodaxe de 11 semanas en lugares como A Coruña, Neda, Oleiros, Ferrol, Carballo, Santiago de Compostela, etc. Contou con máis de 60 actores e 150 técnicos. Na produción incorporouse alumnado graduado en réxime de prácticas, nos departamentos de produción, dirección e fotografía. A serie continúa o argumento da película homónima de 2021.

Sinopse:
O destino de Sole cambia cando Ángel, o seu marido e líder dunha banda de roubos, morre nun accidente. Convertida nunha viúva nova cun fillo ao cargo e un negocio con problemas, Sole non está disposta a volver baixo a tutela do seu pai Rogelio, un dos maiores traficantes de obxectos roubados de Madrid. Decidida a buscar a vida por si mesma e a darlle un futuro ao seu fillo, Sole retoma o contacto coa banda do seu marido e logra gañar a súa confianza para levar a cabo roubos coma nos vellos tempos. Pero nin a policía nin as distintas mafias coas que terá que competir, entre elas a do seu pai, estarán dispostas a poñerlle fácil o seu camiño para chegar ata o ceo.

Vaca Net é unha empresa de Vaca Films Studio, dedicada á produción audiovisual e cinematográfica, incluíndo a produción para televisión e todos os servizos e plataformas relacionados.

Tipo de produto
Serie (thriller de atracos)

Categoría
Produción audiovisual

Duración
280 minutos (7 capítulos de 40 minutos)

Idioma orixinal
Castelán

Vaca Net TV, S.L.

Rúa Nicaragua, 16 (15005 – A Coruña)

HASTA EL CIELO. LA SERIE - Imaxes do proxecto

CT207G
Fomento e promoción de rodaxes audiovisuais

OS ARGONAUTAS E A MOEDA DE OURO

Produción executiva: Alfonso Blanco e Borja Gálvez
Guión: José Rubio, Alexis Barroso, Sara Gómez, Carlota Dans e Nina Hernández
Dirección: Toño López e Lucía Estévez

portocabo

Portocabo Tv, S.L.

Pza. Zalaleta, local 4, baixo esquerda
(15002 – A Coruña)
https://portocabo.com
portocabo@portocabo.com

Descrición:
A axuda concedida tivo como o obxectivo a rodaxe da produción infantil de imaxe real para o canal Clan (RTVE). A serie foi producida en Galicia e localizada na Coruña e en Laxe. A produción comezou a rodarse o 27 de xuño de 2022, estendéndose ata o 27 de setembro do mesmo ano. Debido á idade do elenco protagonista, o horario de rodaxes foi reducido. Así mesmo, e cumprindo coas condicións da axuda, incorporáronse ás áreas de dirección, son e fotografía un total de cinco persoas novas alumnas ou graduadas recentemente en centros de estudos audiovisuais regrados ou universitarios.

Sinopse:
Cando comeza o verán en Rodas, unha pequena vila de pescadores, Alba chega para quedar na casa da súa tía Helena. Alba non está moi contenta, agardando un verán aburrido con alguén que case non coñece. Pero pronto chegarán á súa vida novos amigos marabillosos: Lucas, Salike, Olivia e Nil. Xuntos farán o descubrimento máis extraordinario, que os levará ao rastro dun incrible tesouro perdido hai tempo. Porén, serán seguidos de preto pola maléfica Nina, disposta a roubarlles o tesouro.

Portocabo nace na Coruña en 2010, situándose neste tempo como produtora de referencia nos principais mercados europeos e establecendo unha rede de alianzas para producir ficción para o mercado global, abrindo España á coprodución internacional de ficción televisiva.

Tipo de produto
Serie de ficción (infantil)

Categoría
Produción audiovisual

Duración
440 minutos (20 episodios de 20 minutos)

Idioma orixinal
Castelán

OS ARGONAUTAS E A MOEDA DE OURO - Imaxes do proxecto

CT207G
Fomento e promoción de rodaxes audiovisuais

13 EXORCISMOS

Produción executiva: Ramón Campos e Teresa Fernández-Valdés
Guión: Ramón Campos, Carlos Ruano, Gema R. Neira, Salvador S. Molina e David Orea
Dirección: Jacobo Martínez

Descrición:
A axuda tivo como obxectivo a produción da longametraxe *13 exorcismos*, que obtivo 18 candidaturas aos premios Goya na súa edición de 2023 e un nomeamento a mellores efectos especiais. Rodouse en Galicia entre os días 20 de abril e 10 de xuño de 2022. As produtoras que participaron no filme, ademais da A.I.E. cun 69%, foron Atresmedia Cine (co 30%), e mais Bambú Producciones e Mr. Fields and Friends Cinema (1%). Foi distribuída por Beta Fiction Spain, S.L. en España e, segundo os datos do Catálogo de Cine Español, tivo preto de 160.000 espectadores nas salas de exhibición de España.

Sinopse:
Laura Villegas comeza a sufrir estrañas aparicións tras unha sesión de espiritismo cos seus amigos de clase. Pouco e pouco, a rapaza entrará nunha espiral na que non poderá distinguir realidade de loucura. O único alivio é Lola, a nova psicóloga do instituto. A partir dese momento, e coa intervención do clero para tentar solucionar a súa situación, unha serie de fenómenos estraños envolverán aos personaxes protagonistas da historia.

A Agrupación de Interese Económico foi creada para a produción, dirección, organización, distribución e explotación, tanto no territorio nacional como no estranxeiro, da obra audiovisual *13 exorcismos*, incluíndo a súa explotación secundaria mediante distribución de soportes sonoros ou audiovisuais.

Tipo de produto
Longametraxe de terror

Categoría
Produción audiovisual

Duración
103 minutos

Idioma orixinal
Castelán

13 E Movie A.I.E.

Rúa Pontevedra, 26 (15200 – Noia)

13 EXORCISMOS - Imaxes do proxecto

CT207G
Fomento e promoción de rodaxes audiovisuais

AMIGOS HASTA LA MUERTE

Produción executiva: Javier Veiga, Marta Hazas, Álvaro Pérez Becerra, Xosé Manuel Barreira
Guión e dirección: Javier Veiga

Descrición:
A rodaxe, que tivo lugar integramente en territorio galego (Ourense, O Grove e Santiago de Compostela), comezou o día 18 de xullo de 2022, con labores previas de preprodución. O filme contou cun equipo maioritariamente galego, así como con servizos auxiliares de empresas establecidas en Galicia. Tamén se contou coa promoción do talento de profesionais novos, formados de xeito maioritario en centros de estudos de Galicia. A rodaxe finalizou o 22 de agosto de 2022. Foi estreada en cines o 22 de setembro de 2023 en máis de 100 salas de toda España.

Sinopse:
Amigos hasta la muerte é unha comedia romántica con toques de drama sobre a relación de amor e amizade que une a tres amigos que provén da obra de teatro homónima. Conta a historia de María, Nacho e Suso, tres amigos que viviron xa, aos seus corenta anos, moitas cousas xuntos. Algunhas destas cousas uníronos moitos e outras separáronos. De súpeto, a vida fai que teñan que enfrontarse á morte anunciada dun deles por causa dunha enfermidade terminal. Pero antes, quedan moitos asuntos por pechar: plans, promesas, risas, reconciliacións, desculpas, lembranzas, máis risas, choros, risas doutra volta, temas pendentes e algún segredo que, se cadra, é hora de contar.

Undodez traballa desde 2012 na produción de contidos audiovisuais en Galicia. Ten participado en decenas de proxectos audiovisuais de produción propia ou en colaboración con outras produtoras, centrando o seu negocio nos contidos publicitarios, de ficción, de viaxes e culturais, con especial interese no patrimonio lingüístico galego. En colaboración con Ainé Producións, tamén realiza proxectos de artes escénicas de éxito.

Tipo de produto
Longametraxe de ficción (comedia romántica / drama cómico)

Categoría
Produción audiovisual

Duración
97 minutos

Idioma orixinal
Castelán

Undodez, S.L.U.

Rúa Enrique Mariñas, 32G (15009 – A Coruña)
https://undodez.gal/
ola@undodez.gal

AMIGOS HASTA LA MUERTE - Imaxes do proxecto

CT207G
Fomento e promoción de rodaxes audiovisuais

OPERACIÓN MAREA NEGRA (T2)

Produción executiva: Mamen Quintas, Julio Casal, Daniel Calparsoro, Luís Ismael e JD Duarte
Guión: José Rodríguez, Natxo López e Patxi Amezcua
Dirección: Daniel Calparsoro, Igor Legarreta e Luís Ismael

ficciō-n

Ficción Producciones, S.L.

Rúa das Hedras, 41, Polígono Novo Milladorio (15895 – Ames)
http://ficcion-producciones.com/
comunicacion@ficcion-producciones.com

Descrición:
A preprodución de *Operación Marea Negra* comezou en abril de 2022 coa procura de localizacións en Galicia e Portugal. A rodaxe tivo lugar entre o 20 de xuño e o 21 de outubro de 2022, con 43 días de gravación en Galicia e 10 en Portugal. Polo equipo de rodaxe pasaron uns 100 perfís profesionais técnicos de diferentes departamentos. Na parte de posprodución, a montaxe fíxose de xeito paralelo á gravación. Tras os procesos de VFX e posprodución de son, subtitulado e dobraxe, a estrea da temporada tivo lugar en Lisboa, Madrid, Brasil e Santiago de Compostela entre xaneiro e febreiro de 2023. O 10 de febreiro de 2023 estrouse a temporada na plataforma Amazon Prime Video. Seguindo as bases das axudas, contouse con persoal de prácticas externas provenientes na súa meirande parte da Universidade da Coruña.

Sinopse:
Pasaron dous anos e Nando cumpre condena á espera de sentenza firme. A súa popularidade entre reixas creceu, gañando o respecto de presos comúns e de faccións de narcotraficantes que buscan controlar o cárcere. Esta situación saltará polos aires cando un asasinato fai que as sospeitas recaian sobre el, obrigando a Nando a tomar unha decisión: defenderse entre os muros que o rodean, ou escapar e cambiar as regras do negocio que o levou a cumprir condena.

Ficción Producciones nace en 2003 como empresa dedicada á produción audiovisual de contidos de ficción e animación para o mercado nacional e internacional. Está constituída por un equipo humano e creativo con formación empresarial. Nos seus 20 anos de existencia, conseguiu un constante crecemento e colocación no sector. Ademais de contidos de ficción, nos últimos anos está dedicando unha parte do seu esforzo na animación.

Tipo de produto
Serie de ficción

Categoría
Produción audiovisual

Duración
225 minutos (5 capítulos de 45 minutos)

Idioma orixinal
Castelán e portugués

OPERACIÓN MAREA NEGRA - Imaxes do proxecto

CT207G
Fomento e promoción de rodaxes audiovisuais

TRATAMOS DEMASIADO BIEN A LAS MUJERES

Produción executiva: Mamen Quintas, Julio Casal e Mateo Gil
Guión: Miguel Barros
Dirección: Clara Bilbao

Descrición:
A preprodución da longametraxe comezou en xaneiro de 2023 coa planificación do calendario de rodaxe e coa procura das principais localizacións en Galicia (San Simón, Vilalba e A Pobra de Parga). A rodaxe comezou o 20 de marzo de 2023, prolongándose ata o 27 de abril. Un total de 29 xornadas de gravación con máis de 90 perfís profesionais técnicos de diferentes departamentos. A montaxe comezou de xeito paralelo, coa estrea no ano 2024. Para este proxecto asinouse un convenio para acoller persoal de prácticas procedentes dos CPR O Raio Verde e TIC de Lugo.

Sinopse:
Remedios Buendía defende a súa patria e loitará por riba de todo. Un fatídico día de outono de 1945, un grupo de maquis á fuga ten a mala idea de tomar a estafeta onde Remedios, ilusionada, proba o vestido de noiva. Hoxe será o día no que demostrará ata onde pode chegar defendendo os seus valores. E ninguén poderá parala. Nin sequera este batallón de rebeldes con fusís fumegantes e puños en alto.

Ficción Producciones nace en 2003 como empresa dedicada á produción audiovisual de contidos de ficción e animación para o mercado nacional e internacional. Está constituída por un equipo humano e creativo con formación empresarial. Nos seus 20 anos de existencia, conseguiu un constante crecemento e colocación no sector. Ademais de contidos de ficción, nos últimos anos está dedicando unha parte do seu esforzo na animación.

Tipo de produto
Longametraxe de ficción (comedia negra)

Categoría
Produción audiovisual

Duración
90 minutos

Idioma orixinal
Castelán

ficciō-n

Ficción Producciones, S.L.

Rúa das Hedras, 41, Polígono Novo Milladorio (15895 – Ames)
http://ficcion-producciones.com/
comunicacion@ficcion-producciones.com

TRATAMOS DEMASIADO BIEN A LAS MUJERES - Imaxes do proxecto

RAPA (T2)

Produción executiva: Domingo Corral, Alfonso Blanco e Susana Herreras
Guión: Pepe Coira e Fran Araújo
Dirección: Jorge Coira

Descrición:
A segunda temporada contou cunha media de 100 profesionais, na súa maioría de Galicia, e máis de 500 extras, coa participación da veciñanza das localizacións de rodaxe. O plan de rodaxe durou 74 días e transcorreu entre o 31 de agosto e o 16 de decembro de 2022, con localizacións en Ferrol e zonas da contorna (Narón, Valdoviño, Fene, Cedeira, Ortigueira...). Recibiuse o apoio da Armada para permitir a rodaxe dentro do Arsenal Militar de Ferrol.

Sinopse:
Na segunda temporada de *Rapa*, Maite e Tomás volven unirse cando deben trasladarse a Ferrol para investigar dous misteriosos casos sen resolver. Maite entra no Arsenal, un mundo moi pechado cunhas normas moi estritas, onde unha oficial desapareceu sen deixar rastro. Pola súa parte, Tomás céntrase na investigación dun caso de asasinato, ocorrido 20 anos atrás, que está a piques de prescribir.

Tipo de produto
Serie de ficción (thriller)

Categoría
Produción audiovisual

Duración
300 minutos (6 episodios)

Idioma orixinal
Castelán

portocabo

Portocabo Tv, S.L.

Pza. Zalaleta, local 4, baixo esquerda
(15002 – A Coruña)
https://portocabo.com
portocabo@portocabo.com

Portocabo nace na Coruña en 2010, situándose neste tempo como produtora de referencia nos principais mercados europeos e establecendo unha rede de alianzas para producir ficción para o mercado global, abrindo España á coprodución internacional de ficción televisiva.

RAPA - Imaxes do proxecto

CT207G
Fomento e promoción de rodaxes audiovisuais

LOS ENVIADOS (T2)

Produción executiva: Javier Veiga, Marta Hazas, Álvaro Pérez Becerra, Xosé Manuel Barreira
Guión e dirección: Javier Veiga

Descrición:
A rodaxe da serie comezou o 19 de setembro de 2022 e desenvolveuse na zona de A Guarda, con visitas a diferentes vilas de Galicia (Forcarei, Nigrán, Tui, Oia, Pontevedra e Santiago de Compostela). A rodaxe da serie rematou o 21 de decembro de 2022. Durante os meses de xaneiro e febreiro rematan as últimas xestións da parte de produción. A estrea na plataforma Paramount+ produciuse o 7 de decembro de 2023.

Sinopse:
Na segunda temporada da de *Los enviados*, os sacerdotes Pedro Salinas e Simón Antequera introdúcense nunha trama de misterio e asasinato nun convento de Galicia. Tres monxas cegas son testemuñas dunha suposta milagre e, a medida que desenvolven a súa investigación, a traxedia desátase coa súbita morte do seu anfitrión, Joaquín. Situados nunha dobre investigación, os sacerdotes enfróntanse non só ao místico, senón tamén a unha realidade moito máis terreal. A loita entre a mentira e a fe intensifícase cunha fusión de misterio, asasinato e suspenso.

Tipo de produto
Serie de ficción (thriller)

Categoría
Produción audiovisual

Duración
400 minutos (8 capítulos de 50 minutos)

Idioma orixinal
Castelán

portocabo

Portocabo Tv, S.L.

Pza. Zalaleta, local 4, baixo esquerda
(15002 – A Coruña)
https://portocabo.com
portocabo@portocabo.com

Portocabo nace na Coruña en 2010, situándose neste tempo como produtora de referencia nos principais mercados europeos e establecendo unha rede de alianzas para producir ficción para o mercado global, abrindo España á coprodución internacional de ficción televisiva.

LOS ENVIADOS - Imaxes do proxecto

CT207H
Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais

FICCIÓN PRODUCCIONES SLATE

Descrición:
As tres obras audiovisuais seleccionadas para formar parte do paquete de Ficción Producciones están en fase de desenvolvemento e preprodución no que se refire á procura de financiamento, a elaboración de entrevistas previas e documentación, elaboración de materiais de promoción e de difusión, localizacións e guións.

- *La rubia*. Serie dramática en castelán e portugués, que consta de 6 capítulos de 50 minutos de duración, dirixida por Luís Ismael, con guión de Guilherme Mesquita e Filipe Santos, e produción executiva de Mamen Quintas, Julio Casal e Luís Ismael. O proxecto conta cun perfil internacional, co apoio do ICA e do PIC (Portugal), así como dous socios coprodutores e distribuidoras (televisións e plataformas de *streaming*).
- *Ya no te acuerdas*. Longametraxe dramática en castelán con guión de Nacho Ozores, dirección de Juan Barbazán e produción executiva de Mamen Quintas. Actualizouse o seu guión e realizouse un *teaser*, ademais de contar xa coa proposta do equipo artístico e mais o equipo técnico.
- *Vagos y maleantes*. Longametraxe de traxedia romántica en castelán de 180 minutos de duración, con dirección e guión de Julio Medem e produción executiva de Mamen Quintas. Tras os traballos de prospección no mercado, diversas distribuidoras teñen interese en colaborar, así como diferentes entidades públicas e privadas.

Tipo de produto

Paquete de propostas audiovisuais (series e longametraxes)

Categoría

Preprodución audiovisual

ficciō-n

Ficción Producciones, S.L.

Rúa das Hedras, 41, Polígono Novo Milladorio (15895 – Ames)
http://ficcion-producciones.com/
comunicacion@ficcion-producciones.com

FICCIÓN PRODUCCIONES SLATE

Sinopse:

- *La rubia*. A serie segue as vidas entrelazadas de diversos personaxes no tráfico internacional de droga: tres mulleres humildes que transportan cocaína de Venezuela a Portugal; un reporteiro descobre o circuíto ilegal de transporte de arte en Madrid. O destino uniraos en Portugal.
- *Ya no te acuerdas*. Riki, tras 15 anos do suicidio do seu amigo "O Chino", revisita os anos tumultuosos da súa xuventude. A historia comeza cun pasado conflitivo, amizades no mundo do narcotráfico e traizóns. Riki, cansado dese estilo de vida, cuestiona as súas eleccións e reflexiona sobre a súa transformación e o tráxico destino do Chino.
- *Vagos y maleantes*. Baseado na novela homónima. Manuel, de 86 anos e parapléxico, vive nunha residencia de Madrid. Tras ser diagnosticado de Alzhéimer, decide contarlle ao seu coidador e á súa moza a experiencia traumática cando foi recluído con 18 anos por homosexual nun campo de concentración de Forteventura, en 1954.

Ficción Producciones nace en 2003 como empresa dedicada á produción audiovisual de contidos de ficción e animación para o mercado nacional e internacional. Está constituída por un equipo humano e creativo con formación empresarial. Nos seus 20 anos de existencia, conseguiu un constante crecemento e posicionamento no sector. Ademais de contidos de ficción, nos últimos anos está dedicando unha parte do seu esforzo na animación.

CT207H
Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais

SLATE DE VACA FILMS

Vaca Films Studio, S.L.

Rúa Nicaragua, 16 (15005, A Coruña)
https://www.vacafilms.com/
info@vacafilms.com

Vaca Films Studio é unha empresa dedicada á produción audiovisual e cinematográfica, incluíndo a produción para televisión e todos os servizos e plataformas relacionados.

Descrición:
O *Slate* de Vaca films estivo formado por 5 proxectos variados e diversos, con novos xéneros e públicos obxectivo que ampliaron os seus horizontes empresariais. As producións elixidas neste paquete de propostas foron:

- *Eres el siguiente*, serie de misterio creada e escrita a catro mans por Juan Beiro e Leire Albinarrate, pensada para a súa estrea en plataformas co obxectivo posto no público xuvenil e adulto novo.
- *Troya*, thriller de corte actual na que se aborda o crime dixital, está escrita pola guionista Gemma Ventura, e pon cara aos hackers, así como ás mafias internacionais que dominan este negocio.
- *Sonámbulo*, longametraxe comercial con aspiracións de exhibición comercial do director Pedro C. Alonso e escrita por Ángel Romero, baseada na lenda galega da Santa Compaña.
- *La fosa*, longametraxe de ficción escrita e dirixida por Rafa Cobos, e baseada en feitos reais a partir das verteduras radioactivas que varios países europeos realizaron na década de 1980 fronte ás costas galegas.
- *Séptimo mandamiento*, serie documental, escrita e dirixida por Marcos Nine, que se mergulla na historia non contada do Códice Calixtino.

Todos os proxectos están pensados para reforzar a posición comercial da compañía como produtora de cine, consolidando as relacións cos socios nacionais e europeos para unha comunicación moito máis fluída no futuro. Pero o principal obxectivo é dar resposta ao auxe do consumo dixital destes produtos e ao foco que está posto en España para a súa produción, cun *slate* de proxectos de calidade.

Tipo de produto

Paquete de propostas audiovisuais (series e longametraxes)

Categoría

Preprodución audiovisual

SLATE DE VACA FILMS

A axuda recibida serviu para avanzar nas escrituras dos guións e mais nas partes relacionadas coa documentación e visita a arquivos e outras fontes de información, supervisado os servizos xurídicos contratados os plans de financiamento e outros datos de carácter fiscal.

Sinopse:

- *Eres el siguiente*. Neste drama xuvenil mesturado con *thriller*, un grupo de ricos herdeiros corren perigo por culpa dos pecados dos seus pais, os cales lles porán uns gardacostas, cos que se crearán unha serie de conflitos. Unha historia sobre o poder e a identidade, pero, sobre todo, sobre pais e fillos, marcados por herdanzas envelenadas.
- *Troya*. A investigación de movementos bancarios sospeitosos en Tenerife levará á inspectora Mar a descubrir que as mafias non só están completamente comprometidas xa co cibercrime, senón que sempre foron varios pasos por diante da policía.
- *Séptimo mandamiento*. Serie documental de 5 episodios que conta a historia detrás do roubo do século en España que acaba como un sainete: o Códice Calixtino. Un percorrido en clave de investigación eclesiástica que nos conduce de maneira aditiva por unha intrahistoria chea de personaxes, comportamentos e relacións que, por momentos, rozan o surrealismo.
- *Sonámbulo*. Longametraxe de terror na que Sara tenta coidar de Álex, o seu fillo sonámbulo, o cal pretende que ela volva co seu pai, David, que cometeu unha infidelidade. A raíz dun enfrontamento cunha curandeira, David queda en coma e, ao mesmo tempo, Álex comeza a ter episodios de somnambulismo moi violentos con sonos nos que é perseguido pola curandeira, a cal resulta ser unha bruxa. Sara deberá enfrontarse á situación e realizar dolorosos sacrificios para salvar o seu fillo.
- *La fosa*. Este *thriller* dramático comeza en 1981. Antía embárcase nun pequeno pesqueiro galego para evitar que dous buques holandeses boten pola borda residuos radioactivos á fosa atlántica, fronte ás costas de Galicia. Catro décadas máis tarde, unha xornalista axuda a Antía a contar a súa historia e tentar lograr que a Unión Europea investigue as consecuencias das verteduras.

CT207H
Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais

MARUXIÑA SLATE

Descrición:
Para os tres proxectos seleccionados, os labores realizados foron o desenvolvemento dun traballo de escritura de guión, procura de localizacións, a elaboración dos diferentes *teaser*, a creación de documentación e *dossieres*, así como elaboración de cronogramas e memorias de produción, análise do equipo técnico, ou a preparación dun plan de promoción e comercialización, co obxectivo de buscar socios e financiamento.

- *1994*. Longametraxe producida por Sara Horta, e guión de Alfonso Zarauza e Líua Vilas, ten por obxectivo a estrea no Festival de Málaga, con forte impulso en salas comerciais galegas e con estrea doméstica a través de Filmin e TVG.
- *Auga*. Longametraxe dramática de 90 minutos de duración, con guión e dirección de Ledicia Sola e produción executiva de Sara Horta. Asistiu a diversos laboratorios e residencias de desenvolvemento e actualmente está na fase de contactos con distribuidoras coas que xa traballou a empresa.
- *La nube del no saber*. Con guión e dirección de Lois Patiño, e produción executiva de Sara Horta, esta longametraxe de ficción musical de 100 minutos de duración avanzou en aspectos de documentación musical, vestiario e estratexias de difusión e promoción específicas.

Tipo de produto

Paquete de propostas audiovisuais (longametraxes de ficción)

Categoría

Preprodución audiovisual

Maruxiña Film Company, S.L.

Rúa Entrepexigos, 14
(15703 – Santiago de Compostela)
sofia@maruxinafimcompany.com

MARUXIÑA SLATE

Sinopse:

- *1994*. Simón, estudante de dereito en Compostela, vive unha vida introvertida ata que a súa familia perde todo. O caos familiar afecta os seus estudos e a relación coa súa moza, Leonor. Simón enfronta a crise coa axuda dun coñecido que propón facer unha curtametraxe. Tras o desafiuzamento, un accidente grave da súa nai que a deixa con secuelas fai que se reconcilie co seu pai. Simón estrea a súa curtametraxe, comezando un novo ciclo vital.
- *Auga*. Leo, nunha crise vital, retorna á casa dos seus avós en Verín buscando curación. As amigas Marina e Nadia únense a ela, cada unha co seu pasado e dós. Xuntas, deciden ter un fillo cada unha para crear a súa propia e atípica familia, rompendo coas expectativas sociais e atopando a súa esencia na fonte da súa infancia.
- *La nube del no saber*. Nunhas montañas sagradas, varios místicos ermitáns viven en covas e cabanas desde hai séculos na procura dunha revelación espiritual, algúns desde a mirada contemplativa e outros desde a escoita e a música. Niño de Elche acaba de chegar e busca a espiritualidade desde a exploración da voz cantada.

Os irmáns Alfonso e Rubén Zarauza son os responsables da creación da produtora, que naceu coa intención de poder rodar os seus propios proxectos con liberdade creativa, pero coa posibilidade de que poidan chegar ás salas de cine. Entre as producións máis destacadas están *Malencolía* ou *Ons*.

CT207H
Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais

UN MUNDO ANIMADO

Descrición:
Baixo o nome de "Un mundo animado", o proxecto presentado por Abano Producións presenta un paquete de cinco producións de animación:

- *Carne*. Serie documental de animación 2D e técnicas mixtas baseada na curtametraxe homónima e cuxa autora é Camila Kater. O labor principal foi o da cesión de dereitos para comezar a elaboración do guión e do *teaser*, co traballo de produción e produción executiva.
- *Decorado*. Película de animación 2D baseada na curtametraxe de Alberto Vázquez. Durante esta fase desenvolvéronse labores de cesión de dereitos, asesoría de guión, elaboración do *teaser* e dirección de produción
- *Titan Tofu*. Serie de animación infantil 2D e 3D creada por María Luquero e coescrita con Lúa Testa. Os labores realizados foron os dereitos e traballos de guión, a dirección e deseño de personaxes e fondos e a elaboración dun *teaser*.
- *Os camiñantes*. Trátase dunha produción experimental entre longametraxe documental e realidade virtual que precisou de persoal profesional específico. Os labores desenvolvidos foron a cesión de dereitos, produción executiva, elaboración do *teaser*, etc.
- *Rokia no deserto*. Longametraxe de animación con autoría italiana e desenvolvemento conxunto entre Italia, Francia, Luxemburgo e España. Realizáronse labores similares ás anteriores producións.

Tipo de produto

Paquete de propostas audiovisuais (animación)

Categoría

Preprodución audiovisual

Abano Producións, S.L.

Urbanización Pena Grande, 2 (15590 – Ferrol)
https://abano.es
info@abano.es

UN MUNDO ANIMADO

Sinopse:

- *Carne*. A través de relatos íntimos e persoais, mulleres de China, Brasil, Palestina, Nixeria e España compartirán historias sobre a relación cos seus propios corpos desde a infancia á terceira idade a partir de diversos contextos socioeconómicos.
- *Decorado*. Arnold, un rato de mediana idade, non é feliz, encerrado nun barrio estándar dun bosque calquera e cun matrimonio cheo de resentimento con María. Tanto el como o seu amigo Ramiro senten que todo é irreal e falso, e que están sendo vixiados, polo que idean un plan de fuga. A partir dese momento, nada volverá a ser como antes.
- *Titan Tofu*. Titán esperta sobresaltado nunha noite de treboada para descubrir con sorpresa unha enorme criatura con manchas de cores ao carón da cama, nacido dun raio caído nun anaco de tofu. Xunto a Pepe, unha ave non voadora que soña con voar, emprenden como amigos inseparables numerosas aventuras, descubrindo o seu propio interior no proceso.
- *Os camiñantes*. Cóntase, a partir do uso de lentes de realidade virtual, catro historias das viaxes a Europa e Estados Unidos de persoas que tiveron que imaxinar un futuro alén das súas fronteiras, fuxindo da fame e da guerra.
- *Rokia no deserto*. Rokia, rapaza de voz encantadora, cruzará o deserto para recuperar a alma que o Príncipe da Cidade de Area, que odia os narradores de historias, roubou ao avó de Rokia, Makuté, gran contador de historias.

Abano Producións é unha empresa dedicada á produción audiovisual e especialmente á produción de animación, con máis de 300 premios internacionais, 2 premios Goya, un premio Gaudí, 9 Mestre Mateo, etc.

CT207H
Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais

SOMADROME SLATE

Descrición:
Para este proxecto elixíronse catro obras audiovisuais, das que se desenvolveron diversas tarefas, como compra de dereitos, guión, contratación do equipo técnico e artístico, deseño e maquetaxe de grafismos e material de difusión (carteis, *dossieres*, *teaser*, etc.) co fin de buscar o financiamento axeitado para cada obra.

- *A pegada baleira*. Do produtor executivo Alphonse de la Puente, incorporouse como documentalista e asesora artística a Plácida Molina. Fixéronse tamén labores de localización e entrevistas cos familiares dos artistas, contratouse a Carmen Bellas como directora e iniciáronse contactos cunha produtora canaria e varias plataformas e televisións para a súa distribución.
- *Soñando por outros*. Documental de 90 minutos da directora e guionista María Chao e coa produción executiva de Ruth Chao e Alphonse de la Puente.
- *Neurocosmos*. Documental de animación de 80 minutos. Con dirección de Ruth Chao e guión de Alphonse de la Puente. Ambos os dous, xunto con Alicia Veira, tamén son produtores executivos.
- *Destino*: *Próxima Centauri*. Documental de ficción e non ficción de dous capítulos de 52 minutos da directora e produtora Ruth Chao e con guión de Alphonse de la Puente, Luis G. Juanes e Ruth Chao. Realizáronse contactos con AMC, Canal Odisea ou a TVE (entre outros), así como con outras distribuidoras internacionais.

Tipo de produto

Paquete de propostas audiovisuais (documentais)

Categoría

Preprodución audiovisual

SOMADROME

Somadrome Films, S.L.

Lugar de Vilacide, 14B (15688 – Oroso)
https://somadrome.com
contact@somadrome.com

SOMADROME SLATE

Sinopse:

- *A pegada baleira*. Un grupo de artistas é recrutado na posguerra para decorar as igrexas dun proxecto urbanístico coñecido como "os pobos de Franco". En aparencia un claro servizo ao Réxime e á Igrexa, converteuse nun laboratorio creativo que impulsou o arte abstracto español nunha sorte de contracultura, convertendo 300 pobos da Península Ibérica nun valioso museo de arte contemporánea.
- *Soñando por outros*. Galicia é retratada neste documental explorando posibilidades de futuro vencelladas á sostibilidade ambiental. A través de entrevistas ao arquitecto David Chipperfield e testemuñas diversas, destácase a conexión co territorio, tecnoloxía, tradición e cine galego e construír así un futuro común de calidade a partir dun proxecto da Fundación Ría.
- *Neurocosmos*. O cerebro e a inmensidade do universo comparten relacións sorprendentes, vinculados por fíos evolutivos invisibles: procesamento de información, as compoñentes "escuras", a influencia da física cuántica... Preguntas e conceptos fascinantes sobre a orixe e significado das cousas.
- *Destino*: *Próxima Centauri*. A nave "Centaury Dream" emprende a primeira viaxe tripulada ao planeta Próxima B, a 4,22 anos luz. A tripulación, crioxenizada, enfrontará desafíos técnicos e ameazas espaciais (radiación, falta de gravidade...). A serie explora iniciativas como a "Breakthrough Starshot" e as tecnoloxías para protexer a tripulación.

Somadrome é unha empresa de produción audiovisual creada en 2017 e enfocada ao xénero documental. Gañadora de diversos premios do xénero, levan producido e emitido títulos en canles e plataformas de todo o mundo.

CT207H
Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais

CTV DESENVOLVEMENTO

Descrición:
Os títulos que conforman o proxecto teñen o obxectivo de tratar conceptos narrativos e estéticas universais desde unha perspectiva e un espazo galegos. Os labores desenvolvidos foron de escritura de guión, acordos con equipo técnico e artístico, elaboración dos plans de comunicación, promoción, financiamento e produción, así como os orzamentos de produción e tres *teaser* promocionais.

- *O círculo de Gaia*. Serie dramática paranormal de 6 capítulos de 50 minutos de duración. Conta coas guionistas Lidia Fraga e Alba Araújo e co director Alex Sampaio.
- *Islamización*. Serie de comedia romántica de 6 capítulos de 45 minutos de duración. Coa idea orixinal e dirección de Ghaleb Jaber Martínez, conta como guionista con Alba Araújo.
- *Doutor Cunqueiro*. Serie dramática fantástica de 6 capítulos de 45 minutos de duración. Eligio Rodríguez é o creador da adaptación e guionista da obra de Álvaro Cunqueiro *Os outros feirantes*.

Tipo de produto

Paquete de propostas audiovisuais (series de ficción)

Categoría

Preprodución audiovisual

CTV, S.A.

Rúa de Montero Ríos, 25-27
(15701 – Santiago de Compostela)
https://www.ctv.gal
info@ctv.gal

CTV DESENVOLVEMENTO

Sinopse:

- *O círculo de Gaia*. Cinco alumnos da Universidade de Compostela atopan un misterioso libro no soto da facultade. Coa axuda de Valeria, a nova profesora, e do doutor Durán, xa retirado, o grupo investigará os fenómenos paranormais recompilados no vello volume.
- *Islamización*. A raíz dunha aposta co seu amigo Nadim, Antón, un mediocre enxeñeiro informático, convértese ao islam para conquistar a Farah, a nova compañeira da oficina e a súa xefa. A pesar de meterse en situacións ridículas, cando está a piques de conquistala, Farah descobre a aposta.
- *Doutor Cunqueiro*. Na máxica vila de Gaula, a morte do xuíz Amelio Cunqueiro mergulla o seu sobriño César nun mundo surrealista. Ao substituílo, descobre unha comunidade con series mitolóxicos, poderes e obxectos falantes. Acompañado do espírito do seu tío, enfróntase á confusión entre realidade e fantasía.

Fundada en 1985, CTV é unha destacada produtora audiovisual especializada en series, documentais e longametraxes. Gañou numerosos premios, destacando na escena internacional con *O segredo das margaridas*. Con apoio ao audiovisual galego, promove tamén a cultura árabe e hispanoamericana.

CT207H
Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais

ZEITUN SLATE

Descrición:
Os títulos que conforman o proxecto de Zeitun cubriron unha serie de etapas da preprodución como a procura de localizacións, labores de documentación, escrita de guión, desenvolvemento de documentación, financiamento do proxecto, proposta dos equipos técnicos, artísticos e de actores, etc.

- *Algo distinto ao frío*. Longametraxe de misterio e fantasía en galego e castelán que conta con Feyrouz Serhal como directora e guionista, e a Felipe Lage como produtor executivo. Coprodutora Paraiso Production (Francia).
- *El alumbre*. Longametraxe de ficción en galego, castelán e outros idiomas que conta como director e guionista con Alejandro Tarraf, e a Felipe Lage como produtor executivo. Coproducida xunto con Viento Cine (Arxentina).
- *Memoria de anxos*. Longametraxe de ficción en galego do director e guionista Vicente Vázquez e coa produción executiva de Felipe Lage.

Tipo de produto
Paquete de propostas audiovisuais (longametraxes de ficción)

Categoría
Preprodución audiovisual

zeitun films

Zeitun Films, S.L.

Praza da Gaiteira, 2 (15006 – A Coruña)
https://zeitunfilms.com
info@zeitunfilms.com

ZEITUN SLATE

Sinopse:

- *Algo distinto ao frío*. Na ficticia cidade de Vigo vive Tamara, unha músico e membro dun movemento suburbano que se rebela contra o novo sistema que quere cambiar e socavar o seu mundo. Na mesma cidade vive Gael, fillo do empresario que lidera a reconstrución de Vigo. Cando Tamara e Gael se atopan, colidirán dous mundos opostos.
- *El alumbre*. Tras varias semanas sen poder cicatrizar unha ferida no seu xeonllo, Lucas, de 28 anos, atopa unha comunidade de marxinados unidos co obxectivo de crear luz eléctrica a partir da corrente do río. Mentres está co grupo descobre que posúe a capacidade de sandar coas súas mans.
- *Memoria de anxos*. A longametraxe percorre en clave de fábula amorosa a comarca dos Ancares, concretamente as montañas dos Olmos, onde a tradición oral conta que "un morto foi capaz de matar catro vivos".

Zeitun Films, fundada en 2010, lidera a internacionalización do cine galego con producións destacadas e premiadas en festivais de renome como Cannes, Berlín e Toronto. O seu enfoque artístico e cultural procura conectar co público global, combinando éxito crítico, comercial e de festivais. A empresa adoptou un modelo compacto e dinámico, dando prioridade á calidade nas súas producións. Mantendo o compromiso con novos directores e colaboradores, aspira a duplicar o seu nivel de produción e seguir sendo unha produtora galega de referencia no mundo.

CT207H
Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais

PORTOCABO SLATE

portocabo

Portocabo Tv, S.L.

Pza. Zalaleta, local 4, baixo esquerda
(15002 – A Coruña)
https://portocabo.com
portocabo@portocabo.com

Descrición:
O proxecto permitiu traballar nos guións de 4 series de ficción, así como xerar a documentación necesaria para a difusión e a procura de financiamento e distribuidoras.

- *Weiss & Morales*. Serie de drama policial en castelán de 4 episodios de 90 minutos, con guión de Lidia Fraga e Jacobo Díaz, baixo a dirección de Jorge Coira e produción executiva de Alfonso Blanco. Con localización nas illas Canarias, conta co Nadcon, e coa posible participación doutras canles e distribuidoras nacionais e internacionais.
- *Alter Ego*. Serie de xénero *thriller* psicolóxico en castelán, con 6 capítulos de 50 minutos localizada en Lisboa e na Coruña. Guión de Lida Fraga, director Toño López e produtor executivo Alfonso Blanco, iniciáronse os contactos con Atresmedia e Netfilx.
- *Todo puede salir mal*. Serie de comedia en castelán composta de seis capítulos de 30 minutos e localizada en Galicia. Guión de Araceli Gonda. Directora Lucía Estévez. Produtor executivo Alfonso Blanco, con posible distribución nunha plataforma de vídeo baixo demanda.
- *Caminos*. Serie dramática de adolescentes en castelán rodada en España composta inicialmente de 6 capítulos de 50 minutos. Guión de Carlota Dans e Lucía Estévez (que tamén é a directora). Produtora executiva Nina Hernández, está en trámite de conseguir unha coprodución internacional e axudas diversas.

Tipo de produto

Paquete de propostas audiovisuais (series de ficción)

Categoría

Preprodución audiovisual

PORTOCABO SLATE

Sinopse:

- *Weiss & Morales*. Nina S. Weiss, unha policía da BKA, enfronta un asasinato dun turista alemán que trastorna as súas vacacións coa súa nai en Canarias. Uníndose ao sarxento Morales, formarán un tándem peculiar. A serie reinterpreta os clásicos do xénero, dándolle prioridade á evolución dos personaxes e destacando a singularidade das Illas Canarias como pano de fondo.
- *Alter Ego*. Lucía, unha limpadora, e Ada, unha *influencer* de moda, descobren a súa semellanza física e trocan as súas identidades por unha semana. O xogo, inicialmente divertido, revela capas máis escuras e perigosas, transformando o intercambio nun misterioso pacto, explorando o desexo humano de ser outra persoa e os límites do control.
- *Todo puede salir mal*. Belén, con case 50 anos, acepta converterse na *showrunner* dunha serie de encarga para unha plataforma que non desexa, chea de adolescentes con extraterrestres e vampiros. Con dúas amigas que lle achegan algo de sensatez e loucura e outros personaxes, a súa paciencia porase ao límite.
- *Caminos*. Inés, con 13 anos, leva xogando como base ao baloncesto desde os cinco. No seu camiño, marcado polos demais, nunca tivo a opción de preguntarse o que ela quere. O seu talento empeza a ser avaliado por observadores da selección galega ao mesmo tempo que a chegada dunha nova compañeira de equipo na súa vida provocará unha viaxe de autodescubrimento.

Portocabo nace na Coruña en 2010, situándose neste tempo como produtora de referencia nos principais mercados europeos e establecendo unha rede de alianzas para producir ficción para o mercado global, abrindo España á coprodución internacional de ficción televisiva.

CT207H
Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais

CÓSMICA SLATE

Descrición:
O proxecto de Cósmica Producións consistiu nun paquete de tres propostas en forma de longametraxes. Os distintos traballos desenvolvidos grazas á axuda pasaron por pechar versións máis maduras do guión, procuras de coproducións, asistencia a mercados internacionais, elaboración de materiais (*mood-teaser*, localizacións, plans de promoción e comercialización, estratexias de festivais e distribución...) e deseño do equipo artístico e técnico. Os títulos foron:

- *Terás que saltar*. Longametraxe de ficción de 100 minutos de xénero dramático en galego e portugués, con guión e dirección de Irene Pin e produción executiva de Nati Juncal.
- *Trinta graos de separación*. Longametraxe documental de 75 minutos de duración, coa dirección e guión de Paula Veleiro e a produción executiva de Nati Juncal, en galego, castelán e francés.
- *Historia dun amor*. Longametraxe de ficción dramática en galego cunha duración de 90 minutos, con dirección e guión de Sonia Méndez e produción executiva de Nati Juncal.

Cósmica é unha produtora fundada en 2008 pola produtora Nati Juncal Portas e a directora Sonia Méndez Alonso. As súas producións exploran o universo feminino desde diferentes posicións estéticas, puntos de vista, problemáticas, roles e xéneros.

Tipo de produto

Paquete de propostas audiovisuais (longametraxes de ficción e documental)

Categoría

Preprodución audiovisual

Cósmica Producións, S.L.

Praza de Sofía, 3 baixo
(15707 - Santiago de compostela)
https://www.cosmicaproducions.gal
producion@cosmicaproducions.gal

CÓSMICA SLATE

Sinopse:

- *Terás que saltar*. Elisa decide entre seguir a súa vida en Compostela ou estudar cinema en Lisboa. Tras unha infidelidade do seu mozo decide mudarse a Lisboa, onde coñece a Dinis e os problemas de habitar unha cidade xentrificada, involucrándose co señor Afonso, a piques de ser desafiuzado, e aprendendo a confiar en si mesma.
- *Trinta graos de separación*. José Luis e María sepáranse en 1989 en Galicia, tras anos de relación. 30 anos despois, a súa filla Paula e a súa moza Joy rematan unha relación de dez anos. A través das miradas e das gravacións destas dúas parellas, a obra parte á procura dos vestixios do amor.
- *Historia dun amor*. Manuela coñece a Daniel na residencia da terceira idade onde acaba de ingresar o seu marido Lauro, afectado de demencia. Mentres coida e asiste ao progresivo deterioro de Lauro, comeza a ter sentimentos por Daniel. A morte de Lauro precipitará a situación ante o rexeitamento da familia á posibilidade dunha nova vida.

CT207H
Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais

FÍLMIKA GALAIKA SLATE

Descrición:
A axuda recibida serviu para que a empresa puidese desenvolver diversos labores con respecto a tres obras audiovisuais, como a elaboración e asesoría dos guións, realización dos *teaser*, asesoría de estratexia e promoción comercial, coprodución internacional, labores de tradución, deseño de *dossieres* para festivais, etc. Tamén se contou con persoas en prácticas procedentes de varios centros de estudo de Galicia e se propuxeron os distintos equipos técnicos e artísticos. Os tres títulos que formaron parte do proxecto foron:

- *Aracne*. Longametraxe de ficción de 100 minutos en galego e castelán con guión e dirección de Javier Camino e produción executiva de Beli Martínez.
- *Insectos*. Longametraxe de ficción (comedia dramática) de 90 minutos en galego e francés con guión e dirección de Alfonso Cortizo e produción executiva de Beli Martínez e Roi Carballido.
- *Vastaliike*. Longametraxe de ficción de 80 minutos en galego, castelán e finés, con dirección de Andrea Zapata e produción executiva de Beli Martínez e Roi Carballido.

A empresa fúndase en 2009 para promover a realización de filmes con clara vocación de autor, converténdose en referente na creación cinematográfica galega debido á produción de obras destacadas do Novo Cinema Galego. Fílmika Galaika atópase en fase de internacionalización do seu traballo con diversos proxectos en coprodución ao mesmo tempo que se consolida na escena nacional.

Tipo de produto
Paquete de propostas audiovisuais (longametraxes de ficción)

Categoría
Preprodución audiovisual

Filmika galaika

Fílmika Galaika, S.L.

Rúa Rei Abdullah, 16 (15004 – A Coruña)
https://filmikagalaika.com
info@filmikagalaika.com

FÍLMIKA GALAIKA SLATE





Sinopse:

- *Aracne*. Pepa e o seu pai Ramiro, neoluditas nun "Campamento Dióxenes" realizan accións antiturísticas. Cansos da falta de atención, planean un atentado. Ingresada nun centro psiquiátrico, tras unha intervención policial na que descobre que Ramiro non é o seu pai, enfronta un mundo estrafalario. Tentará fuxir e, desilusionada, converterase en Aracne, a muller araña dos bosques galegos.
- *Insectos*. Aurora vive nunha aldea de montaña, entregada á observación de insectos tras regresar de Francia, e enfrontada ás obras dunha nova estrada que poñen en perigo o seu fogar. Unha noticia fai que tome a decisión de camiñar á cidade ao reencontro da memoria do seu amor falecido, Bernadette. Nese periplo, descobre, na periferia da cidade, unha comunidade de desherdados.
- *Vastaliike*. Mario, fillo de exiliados chilenos en Finlandia, enfronta unha depresión ao saber que será pai. Reflexiona sobre a súa falta de pertenza a ambos países e roles. Tras non encaixar en Finlandia nin en Chile, a onde regresa, acaba atopando apoio entre emigrantes en Galicia, cuestionando as causas da súa depresión e asumindo unha nova identidade.

CT207H
Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais

SLATE DE FRIDA

Descrición:
As producións elixidas para formar parte do proxecto en forma de paquete de propostas foron:

- *Como en casa* da directora realizadora galega María de Castro e da guionista Tamara Canosa. Conseguiu a axuda ao desenvolvemento do goberno de Canarias. É unha coprodución nacional cunha das compañías que Frida ten en Canarias (Mararia Films).
- *Pínkala*, de Juanjo Giménez como director e guionista. Trátase dunha coprodución coa produtora italiana Rosamont. Presentouse no programa ACE Producers a inversores internacionais, e contará cun terceiro coprodutor europeo.
- *Leo & Lou*, de Carlos Solano como director e guionista. Presentouse no segundo comité de TVE e constitúe a primeira colaboración de Frida coa empresa ZETA STUDIOS, produtora de series como *Élite* (Netflix) ou películas como *Superlópez* ou *Mortadelo y Filemón*.
- *Slow*, da directora e guionista Marija Kavtaradze, é a terceira coprodución coa compañía lituana M-Films, e conseguiu o Slate Fund ao desenvolvemento de MEDIA, así como a axuda á produción Lithuan Film Centre. Recibiu un galardón na Sundance Film Festival 2023. A súa estrea produciuse a principios de 2024.

Esta selección tivo como obxectivo asegura a visibilidade entre programadores de festivais, axentes de vendas e distribuidoras e, na súa fase de desenvolvemento, garantir a asistencia a mercados durante todo o ano, establecendo relacións comerciais con socios internacionais. Tamén permitiu mellorar certos aspectos da produción dos filmes.

Tipo de produto

Paquete de propostas audiovisuais (longametraxes)

Categoría

Preprodución audiovisual

Frida Films Studio, S.L.

Rúa da Rosa, 34 (15701 – Santiago de Compostela)
https://www.fridafilms.com/
info@fridafilms.com

SLATE DE FRIDA

Sinopse:

- *Como en casa* (90 minutos). Filme dramático de tres xeracións de mulleres que se unen para cumprir o soño de Sara de abrir unha pastelería no corazón de Barcelona. A súa nai, a súa filla e a súa mellor amiga terán que superar o dó, as dúbidas e as súas propias diferenzas para sacar adiante un proxecto de amor, esperanza e pasteis.
- *Pínkala* (90 minutos). Filme dramático. Sam é telépata, pero o seu poder converteuno nun home solitario. Coida do seu pai, nunha residencia, usando o seu poder no casino para poder pagala. Nunha das viaxes coñece a Alicia, bailarina operada do cerebro, á que é incapaz de lle ler a mente. Os celos e unha serie de circunstancias levarán a Alicia ao hospital nunha situación irreversible, momento en que Sam comeza a escoitar os pensamentos dela por vez primeira, e baila para ela.
- *Leo & Lou*. Producción ao estilo *road movie*. Leo é unha nena orfa e muda que non encaixa, foxe do centro de acollida a unha vila próxima para participar nun torneo de pesca. Lou, un home arisco ao que lle custa conectar. Os dous atoparanse de camiño ao torneo e emprenderán unha viaxe na que descubrirán o extraordinario significado da palabra familia.
- *Slow* (108 minutos). Neste drama romántico, Elena, bailarina profesional, coñece a Dovydas, intérprete de lingua de signos, nun proxecto artístico. Establécese unha intensa relación, pero Dovydas lle confesa que é asexual. Os protagonistas mergúllanse nunha situación descoñecida, tanto emocional como física que os levará a tomar decisións complicadas.

Frida Films destaca na produción cinematográfica desde 2008. Enfocada en longametraxes e documentais de autor de alta calidade, a compañía exhibe un historial de recoñecementos e estreas en importantes festivais. A firma ten varios proxectos en desenvolvemento, destacando a súa colaboración internacional para fortalecer a presenza galega no panorama audiovisual.

CT207H
Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais

MIRAMEMIRA SLATE

Descrición:
En todos os títulos que compoñen a proposta de Miramemira, desenvolvéronse traballos de acompañamento ao proceso creativo na parte de guión e dirección, creando unha estratexia paralela de coprodución internacional, nalgúns casos máis avanzada.

- *Strange Fruit*. Longametraxe documental, con guión de Santiago Fillol e Mauro Herce, dirección tamén de Mauro Herce e produción executiva de Andrea Vázquez. En codesenvolvemento con El Viaje Films, o que vai permitir maior tempo de traballo en localizacións, documentación ou *casting*.
- *Querer vivir un grito*. Longametraxe dramática de ficción con guión de Diana Toucedo e Fernando Pomares, dirección de Diana Toucedo, e produción executiva de Andrea Vázquez e Analía G. Alonso. Salienta o traballo documental e entrevistas realizadas sobre o proceso migratorio en Europa.
- *Ana e mais nós*. Longametraxe documental dirixida por María Yáñez, con guión de María Yáñez, María Villamarín e Cibrán Tenreiro, con produción executiva de Andrea Vázquez e Analía G. Alonso. O traballo de entrevistas, documentación e as mentorías de desenvolvemento, así como o deseño gráfico e a escrita do guión, foron os puntos clave de traballo.
- *Ugeres*. Serie de xénero thriller psicolóxico que conta inicialmente con 5 episodios de 50 minutos. Coproducida coa portuguesa Bando Á Parte, ten guión de Carlos Amaral e Lídia Fraga, e produción executiva de Rodrigo Areias e Xavi Font. Realizouse un *teaser* e documentación específica para a presenza da serie en mercados europeos e distribuidoras.
- *Los invisibles*. Longametraxe de ficción (drama naturalista) con guión de Óliver Laxe e Ida Molund, e dirección de Óliver Laxe. Coa produción executiva de Andrea Vázquez, a colaboración con produtoras noruguesas permitiu contar cos dereitos da novela, abrindo portas no traballo de guión e localizacións.

Tipo de produto

Paquete de propostas audiovisuais (longametraxes e serie)

Categoría

Preprodución audiovisual

miramemira

Miramemira, S.L.

Rúa do Home Santo, 45
(15703 – Santiago de Compostela)
www.miramemira.com
info@miramemira.com

MIRAMEMIRA SLATE

Sinopse:

- *Strange Fruit*. Na selva, un grupo de gorilas revela unha conexión emocional profunda, protexéndose da choiva. Cazadores furtivos escapan coas súas presas, mergullándose nunha cidade para vendelas ilegalmente. Nunha mansión, burgueses realizan un ritual, entrando nun estado primitivo para, ao rematar, relaxarse en luxosos cuartos con vistas a un zoolóxico privado.
- *Querer vivir un grito*. Lola Sar, arquitecta galega en París, dedica a súa vida a proxectos humanitarios tras conflitos bélicos, enfrontándose á destrución e impotente de non poder facer nada. Asfixiada e enferma, identifica unha muller siria nas noticias e emprende un percorrido vital, transitando campos de refuxiados nun mundo esgotado.
- *Ana e mais nós*. Documental biográfico de Ana Kiro, dignificándoa como referente cultural galego. A través da potencia extraordinaria do personaxe e da súa música, diversas entrevistas e imaxes de arquivo, coñeceranse detalles da traxectoria vital e artística e o legado que nos deixou.
- *Ugeres*. En dous liñas temporais diferentes (unha na década de 1980 e outra na actualidade), a serie segue as historias de Fernando, médico, e Uxía, arqueóloga, mentres tratan de desvelar os segredos da rexión Gerês / Xurés, onde subitamente se abre unha terceira liña temporal que conecta coa antigüidade castrexa e prerromana.
- *Los invisibles*. Eir crece nunha pequena illa do norte de Noruega a principios do século XX. O mar é a súa aventura. Entre a pesca, as treboadas e a pobreza, é dona das estacións, dos paxaros e do horizonte.

Miramemira é unha produtora de cinema e vídeo que nace en 2006 como un estudio de imaxe e comunicación formada por un grupo de profesionais que proveñen de áreas diversas como o audiovisual, a xestión cultural, o deseño gráfico e a arte. Colabora con diversas entidades públicas e privadas en proxectos diversos que comprenden desde longametraxes cinematográficas, documentais de ficción, eventos culturais, vídeos de promocións, campañas de acción cultural, etc.

CT207H
Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais

SÉTIMA SLATE

Descrición:
Os tres títulos que conforman o paquete de propostas de Sétima son obras noveis que se atopan en diferentes estados de desenvolvemento:

- *As cárcavas*. Longametraxe de ficción de realismo máxico en galego de 90 minutos de duración. Con dirección e guión de Sara Traba, recibiu asesorías contable, de produción de guión e de márketing. Tamén se elaboraron materiais para a participación en mercados e procura de financiamento e se pechou parte do equipo técnico e das localizacións.
- *Fame e febre*. Longametraxe de ficción en galego de 90 minutos de duración. Drama intimista con guión e dirección de Javier Ferreiro e produción executiva de Silvia Fuentes e Andrea H. Catalá. Presentada como produción nacional xunto á produtora catalá Amor&Lujo. Realizáronse labores de tradución, gastos de persoal, asesoría de guión, márketing ou contable. Tamén se elaboraron materiais como o *teaser* ou *dossieres* para a procura de financiamento.
- *As aspas*. Longametraxe documental experimental en galego de 75 minutos de duración, con guión e dirección de Berio Molina e coa produción executiva de Anxos Fazáns. Contouse cunha guionista novel en prácticas para colaborar co guión ademais de desenvolver asesorías de guión e a elaboración de materiais (*teaser*, *dossieres*, etc.) para a participación en mercados. Tamén se pechou gran parte do equipo técnico, artístico e localizacións.

Tipo de produto

Paquete de propostas audiovisuais (longametraxes de ficción e documental)

Categoría

Preprodución audiovisual

sétima

Sétima Sociedade Cooperativa Galega

Camiño Balbarda, 57 (36216 - Vigo)
www.setima.gal
info@setima.gal

SÉTIMA SLATE

Sinopse:

- *As cárcavas*. Forastera nunca visitou a parcela que súa nai ten en Galicia onde nacera e medrara. Este bosque é a súa herdanza, e última conexión coas orixes da súa nai. Sente a necesidade de viaxar desde Alemaña para coñecer o lugar. Este percorrido levaraa a descubrir o que en realidade estaba a buscar.
- *Fame e febre*. Cando a súa irmá Clara é hospitalizada por un trastorno alimentario, Afonso vese obrigado a enfrontarse a todos eses demos que mantiña durmidos mentres coidaba dela.
- *As aspas*. O conflito reflíctese a través de tres amigas: Sara, Amalia e Silvo. Sara ten a síndrome de Asperger e Amalia un autismo leve que lle afecta á fala. A pesar de ser diagnosticadas con discapacidade, fan a súa vida con independencia e rebeldía.

Sétima é unha empresa nacida en 2018 e dedicada á produción de cinema de ficción e non ficción, así como á prestación de servizos de produción e á ensinanza a través de talleres de creación e narrativa audiovisual. Realizan un cine europeo de carácter actoral con narracións innovadoras e visión comprometida, diversa e inclusiva, que aposta polo talento emerxente en Galicia.

CT207B
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

ALEVOSÍA



Produción executiva: Sara Horta
Dirección e guión: Sara Casasnovas

Indígena Films, S.L.

Alto do Rial, 10 (15966 – Ribeira)
hola@indigenafilms.es
www.indigenafilms.es

Descrición:
A axuda serviu para desenvolver labores de documentación e reescritura de guión de *Alevosía*, incorporando no proceso ao guionista Álvaro Pastor. Tamén se buscou un coprodutor nacional de Madrid, e xerouse un *teaser* aproveitando as imaxes recurso obtidas no proceso. Finalizouse a estrutura da longametraxe e está previsto acudir a distintas feiras para configurar socios que permitan iniciar a rodaxe a finais de 2024. En canto ás localizacións, se ben a historia transcorre en Madrid, a idea é traer todo o posible da rodaxe en interiores a Galicia.

Sinopse:
Alevosía é unha película de corte autoral a cabalo entre documental e ficción sobre o fenómeno fan, os danos colateirais da fama e a industria do espectáculo. Retrata o acoso a artistas mediáticos, coa perda progresiva de liberdade persoal a través dun caso real real dun intento de secuestro dunha actriz por parte dun fan obsesionado polo personaxe protagonista dunha telenovela que interpreta.

Indígena Films nace coa vocación de crear historias de mulleres contadas por mulleres, e da necesidade de promover valores e abrir fronteiras á multiculturalidade. A empresa nace en Castiñeiras (Ribeira), e interésase por proxectos contemporáneos, o realismo máxico, o fomento dun mundo sostible, etc.

Tipo de produto
Longametraxe documental experimental

Categoría
Preprodución audiovisual individual

Duración
70 minutos

Idioma orixinal
Castelán

CT207B
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

AS VOCES DO LENZO



Produción executiva: Carlos Fernández, Laura Fernández e Inmaculada Castaño
Dirección: Vanessa García Sampedro
Guión: Clara Coira Suárez

Producións A Fonsagrada, S.L.

Polígono de Fontiñas, 57
(15703 – Santiago de Compostela)
https://filmax.com
filmax@filmax.com

Descrición:
As actividades realizadas na produción *As voces do lenzo* correspóndense coa slección de presentador (liña editorial, posibilidades transmedia, selección dun segundo asesor en arte), redefinición de contactos (selección de museos e obras, presenza femenina, entrevistas...) e enfoque da dirección (escada, estilo, realización, imaxe dixital...).

Sinopse:
As voces do lenzo é un programa que busca achegar a arte á xente. Xoga coa idea de que todas esas obras que vemos nos grandes museos agardan colgadas para falarnos, para nos dicir algo e provocar a reflexión. Mediante técnicas de animación 2D e 3D, xunto con efectos sonoros extraídos da obra e das persoas pintadas, preténdese darlle vida a estas obras e propiciar o diálogo cos visitantes. A partir de obras concretas no Museo Nacional Thyssen-Bornemisza, o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, o Museu Nacional d'Art de Catalunya, o Museo del Prado, o Museo de Belas Artes da Coruña e o de Bilbao, o presentador, Miguel Ángel Cajigal ("El Barroquista"), serve de fío condutor entre as obras e o público.

Filmax / Producións A Fonsagrada é unha das principais empresas audiovisuais españolas, constituíndose como o primeiro estudio independente de cine e televisión creado no país. Desde a súa fundación en 1953, a empresa produciu máis de 80 longametraxes, algunhas de relevancia internacional (*Darkness*, *O maquinista*, *O perfume*, *[REC]*...). Ademais de produtora, Filmax conta cunha ampla experiencia no ámbito da distribución.

Tipo de produto
Miniserie documental de televisión

Categoría
Preprodución audiovisual individual

Duración
156 minutos (6 episodios de 26 minutos)

Idioma orixinal
Galego e castelán

CT207B
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

MIL OURELAS. MEMORIAS DUN AMIGO QUE SE VAI

Produción executiva: Olaia Ledo
Dirección: Sebastián Uría
Guión: Sebastián Uría e Margarita Ledo

Descrición:
Para este proxecto, as actividades realizadas foron, principalmente, labores de documentación e arquivo (CGAI, arquivos históricos, filmotecas española e de Galicia, etc.), busca de localizacións e contactos cos espazos elixidos, desenvolvemento do cronograma, asesoramento de produción, elaboración do *teaser* e de varios *dossieres* (produción e vestiario), etc.

Sinopse:
Mil ourelas é un filme de ficción que recolle documentos reais para engarzar con contos e lendas. Lisandro cae gravemente enfermo e o seu veciño Eladio convértese nos seus ollos e pés. Xuntos, comparten historias dos lugares que lles son queridos, mentres unha voz narradora reflexiona sobre as historias que rememoran. Cando os outros veciños da aldea, Felicitas e Xacobo, deixan a aldea, a historia remata por converterse nunha elexía, un canto por aquilo que marchou, pero tamén un canto de xúbilo polo que sobrevivirá.

Nós, Produtora Cinematográfica, S.L. naceu no ano 2000 co compromiso de apoiar e promover a cultura e lingua galegas mediante a realización de programas de televisión, documentais etnográficos e históricos, filmes, etc.

Tipo de produto
Longametraxe de ficción

Categoría
Preprodución audiovisual individual

Duración
80 minutos aproximadamente

Idioma orixinal
Galego

Nós, Produtora Cinematográfica Galega, S.L.

Rúa Estrada, 71 (15702 - Santiago de Compostela)
www.noscinema.gal
nosprocinegal@gmail.com

PORTO ALEGRE

Produción executiva: Mireia Graell e Silvia Fuentes
Guión e dirección: Álvaro Gago

Descrición:
Investimento no desenvolvemento da preprodución da rodaxe de *Porto Alegre*. Incluíu como conceptos os dereitos de guión e a súa tradución, a busca de localizacións e a produción executiva, asesoría de guión e de marketing, a elaboración de *dossieres* e os gastos de loxística e participación en mercados e foros, así como outros gastos xerais.

Sinopse:
Álvaro e a súa familia, xunto con outros residentes dun asentamento en San Cibrao, encaran o último día do seu permiso para acampar nun saínte rochoso. Despois de máis de trinta anos no lugar, a policía lémbralles que deben abandonar as ruínas dunha antiga fábrica de salgadura. Neste contexto, Álvaro viaxa 31 anos atrás, ata a súa infancia dourada en 1991, cando vivía momentos de felicidade con súa nai Rosi, o seu pai Alberto, e súa irmá Mariña. O falecemento repentino de Rosi sumiu á familia nun período doloroso, pero seis anos despois, regresan a San Cibrao máis unidos. No presente, Álvaro, Alberto e Mariña despídense do lugar que foi testemuña das súas vidas, deixando entrever que, a pesar das perdas, levarán consigo a música a onde vaian.

Ringo Media é unha produtora independente creada por Mireia Graell co obxectivo de desenvolver películas de mirada xenuína, con especial atención ás historias de mulleres.

Tipo de produto
Longametraxe de ficción (drama)

Categoría
Preprodución audiovisual

Duración
100 minutos

Idioma orixinal
Galego

RINGO MEDIA

Ringo Media S.L.

Avda de Madrid, 63 (08028 – Barcelona)
https://www.ringomediabcn.com/
info@ringomediabcn.com

CT207B
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

MARÍA CASARES, A DIVA ESTRANXEIRA

Produción executiva: Zaza Ceballos
Dirección: Paula Cons
Guión: Rosa Castro

Descrición:
Para o proceso de escritura do guión, ademais da idea orixinal de Zaza Ceballos e Rosa Castro, leváronse a cabo diversas tarefas de documentación e procura de información para obter a maior rigorosidade na recreación da época. Tamén se traballou no deseño de produción, coa dispoñibilidade de localizacións onde transcorre a trama. Por outra banda, realizouse unha análise e concreción de diversas estratexias e fórmulas de financiamento para facer fronte ao proxecto. Por último, confirmouse o elenco para o proxecto (Lidia Veiga, Alicia Armenteros, Catuxa Leira, Sabela Hermida, Victoria Teijeiro...).

Sinopse:
O filme narra unha historia do triunfo da tenacidade sobre a adversidade da man de María Casares no inicio da súa carreira profesional e do seu amor clandestino con Albert Camus.

Tipo de produto
Longametraxe de ficción

Categoría
Preprodución audiovisual individual

Duración
Duración mínima de 60 minutos (sen determinar)

Idioma orixinal
Galego

Zenit Televisión, S.A.

Rúa da Xesta, 82-A (15895 – Ames)
zenit@zenittv.com

Produtora audiovisual fundada en 1998 e dirixida por Zaza Ceballos. Conta con máis de 2.500 horas de produción realizada e dedícase principalmente á creación, desenvolvemento e produción de ficción, documentais e programas de realidade e entretemento.

CT207B
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

PREFIRO CONDENARME

Produción executiva: Olaia Ledo
Dirección: Margarita Ledo Andión
Guión: Margarita Ledo e Eva Veiga

Nós, Produtora Cinematográfica Galega, S.L.

Rúa Estrada, 71 (15702 - Santiago de Compostela)
www.noscinema.gal
nosprocinegal@gmail.com

Descrición:
Para este proxecto desenvolvéronse labores de elaboración de guión e preprodución do filme documental *Prefiro condenarme*. Entre outros, realizouse un traballo de consulta de arquivo na televisión de Galicia, ademais de dixitalizar material "caseiro" da época na que se desenvolveron os feitos que narra *Prefiro condenarme* (década de 1970). Tamén se estudaron os arquivos da filmoteca española e da CGAI, contratándose unha persoa para levar a cabo este labor.
Por outra banda, realizáronse as primeiras localizacións, para o cal se contou co labor do director de fotografía, Alberte Branco. Por último, mantivéronse contactos coa protagonista do filme documental e coa súa familia, e montouse un avance (*teaser*).

Sinopse:
Prefiro condenarme relata a historia vital e o xuízo que sufriu a súa protagonista, Sagrario, ante o Tribunal Eclesiástico Metropolitano de Compostela en 1972, acusada de adulterio polo seu marido, nun momento en que a violencia contra a muller estaba normalizada. Gañou grazas á valentía e á verdade, pero a súa historia todavía aínda ten capítulos que contar.

Nós, Produtora Cinematográfica, S.L. naceu no ano 2000 co compromiso de apoiar e promover a cultura e lingua galegas mediante a realización de programas de televisión, documentais etnográficos e históricos, filmes, etc.

Tipo de produto
Documental creativo

Categoría
Preprodución audiovisual (guión e documentación)

Duración
90 minutos (estimado)

Idioma orixinal
Galego

CT207B
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

LUCY E OS POTTOKAS

Produción executiva: Sara Horta
Dirección e guión: Susana Sotelo

Descrición:
Lucy e os Pottokas é un proxecto de longametraxe documental de autor que, grazas á axuda recibida, puido desenvolver algúns dos seus obxectivos. O máis importante foi contar con tempo para entrevistarse e convivir coa protagonista principal, Lucy Rees, e para coñecer outros personaxes. Isto permitiu elaborar un primeiro borrador de guión que, apoiado en traballo documental sobre a protagonista e traballos de reescritura con Chema Montero e Sara Horta, alcanzou o punto de madurez para comezar a buscar socios. Neste sentido, iniciáronse as consultas para buscar financiamento e formalizar unha coprodución.

Sinopse:
A galesa Lucy Rees é unha eminencia no estudo do comportamento do cabalo. Traballa na serra de Estremadura nunha reserva de cabalos salvaxes Pottoka (os cabalos máis prehistóricos do planeta). As distintas intervencións humanas boicotean este proxecto, e a incomprensión dunha sociedade incapaz de vivir en harmonía coa natureza, xunto coa avanzada idade da súa protagonista, poñen en perigo a continuidade dos máis de 20 anos da súa investigación. Pero... Quen é realmente Lucy? Hai posibilidade de que o proxecto sobreviva neste mundo? Quizais os pottokas teñan a resposta.

Indígena Films nace coa vocación de crear historias de mulleres contadas por mulleres, e da necesidade de promover valores e abrir fronteiras á multiculturalidade. A empresa nace en Castiñeiras (Ribeira), e interésase por proxectos contemporáneos, o realismo máxico, o fomento dun mundo sostible, etc.

Tipo de produto
Longametraxe documental

Categoría
Preprodución audiovisual individual

Duración
-

Idioma orixinal
-

INDIGENA films

Indígena Films, S.L.

Alto do Rial, 10 (15966 – Ribeira)
hola@indigenafilms.es
www.indigenafilms.es

LUCY E OS POTTOKAS - Imaxes do proxecto

CT207B
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

ADEUS, BERTA

Produción executiva: Alba González Gallego
Dirección: Fernando Rodríguez Tato
Guión: Ángela Andrada e Fernando Rodríguez Tato

Kraken Media, S.L.

Rúa de Santiago del Estero, 5
(15701 – Santiago de Compostela)
https://krakenmedia.es
info@krakenmedia.es

Descrición:
Para este proxecto, elaboráronse e asináronse os distintos contratos coas persoas profesionais integrantes da produción e cesión de dereitos. Tamén se realizaron distintas fases de escritura de guión, que resultou gañadora do XX Premio SGAE de guión de longametraxe Julio Alejandro. En canto a dirección, desenvolvéronse distintos *dossieres* de venda, realizáronse procuras de localización e elaboración da lista do equipo técnico e proposta de equipo artístico. Por último, as actividades da produción executiva pasaron pola procura de mercados e concursos, traballo coa asesoría, a produción dun *teaser*, etc.

Sinopse:
Na cidade, Alicia triunfa coa súa axencia de *catering* e coa súa nova vida con Pablo. Non obstante, a chegada da súa irmá Berta, expulsada da rehabilitación, altera a aparente perfección. Alicia debe afrontar a realidade oculta: o seu pai non está ben e Berta é unha yonqui. A revelación cambia a dinámica do fogar, levando a Alicia e Pablo a instalarse na Pobra do Caramiñal, onde Berta loita coa súa propia realidade. A crúa natureza da ría de Arousa será o escenario onde as irmás enfrontan as súas feridas e buscan a redención, descubrindo o poder do amor e da reconciliación.

Kraken Media é unha produtora creativa que basea o seu estilo de traballo no guión e nas interpretacións. Tamén é un laboratorio de creación cinematográfica para actores, directores, escritores, directores de fotografía ou de arte, produtores e editores. Un lugar de confluencia de artistas cuxo obxectivo é contar boas historias.

Tipo de produto
Longametraxe de ficción (drama social)

Categoría
Preprodución audiovisual individual

Duración
90 minutos

Idioma orixinal
-

ADEUS, BERTA - Imaxes do proxecto

CT207B
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

VILLAMISERIA

Produción executiva: Paula Cons
Dirección: Paula Cons
Guión: Paula Cons e Victoria Teijeiro

Descrición:
O proxecto pretende estudar a violencia exercida contra as mulleres no tardofranquismo, sobre o trauma e as torturas e dar visibilidade á idiosincrasia das mulleres galegas, ao tempo que se establecen nexos de unión entre España e Arxentina. As actividades realizadas foron, por unha parte, un proceso de documentación e investigación, con encontros, entrevistas a vítimas e expertos. Tamén se traballou na escada, na definición de personaxes e contidos, no proceso de investigación escénica, e, especialmente na escritura de guión. Finalmente, tamén se fixeron gravacións de varias escenas que serviron para montar un avance (*teaser*).

Sinopse:
A historia transcorre en Galicia, en 2022. José Antonio, antigo policía franquista, é secuestrado por Gloria e Olvido, as cales buscan xustiza polos crímenes de tortura de José Antonio. A pesar de difundir un vídeo internacionalmente, enfróntanse a obstáculos legais. Revelan ser as fillas dunha das vítimas de José Antonio, pero el nega a súa culpabilidade. Co desacordo das irmás sobre os seguintes pasos, buscan xeitos de que confese as atrocidades cometidas. A trama desenvólvese en torno á loita pola verdade e a xustiza.

Agallas Films creouse no ano 2009 en Galicia co obxectivo de sacar adiante produtos audiovisuais con marcado acento galego e a aspiración de traspasar as nosas fronteiras, pegados á realidade, coas mulleres en primeiro plano, e dándolle a oportunidade a novos realizadores.

Tipo de produto
Longametraxe documental de ficción

Categoría
Preprodución audiovisual individual

Duración
90 minutos aproximadamente

Idioma orixinal
Castelán

Agallas Films, S.L.

Rúa Santo André, 143 (15003 - A Coruña)
https://agallasfilms.es/
paula@agallasfilms.es

VILLAMISERIA - Imaxes do proxecto

CT207B
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

ATLÁNTICO CEO

Produción executiva: Tamara Canosa
Dirección: Xacio Baño
Guión: Roberto G. Méndez

Descrición:
Para o proxecto, Rebordelos traballou en 2022 e 2023 na concepción da forma fílmica e na ancoraxe técnica. Tamén se deseñou a estratexia de produción e a selección de elenco nuclear. Por outra banda, procurouse financiamento privado, o reenfoque e reescritura do guión, baseado en feitos reais, para que alcanzase a madurez que requiría o proxecto, cunha asesoría de guión de Zeitun Films e, por último, unha procura tamén de localizacións.

Sinopse:
Rodrigo, un controlador aéreo novo pero experimentado, recibe do seu superior a estraña orde de facerse cargo dun único avión, un vello bombardeiro da Segunda Guerra Mundial desviado no seu camiño a Canadá por mor dunha forte treboada e que, irremediablemente, acabará caendo ao mar. Incapaz de deixar o piloto á súa sorte, Rodrigo acompáñao nos seus últimos momentos co relato da súa vida, a dun poeta que hai moito que deixou de escribir. Porque a poesía era inútil. Ata hoxe.

Rebordelos é un espazo de exploración e traballo no que se desenvolven proxectos artísticos propios e colectivos. Un viveiro de pezas cinematográficas e teatrais que investigan linguaxes propias, a memoria e as voces infrarrepresentadas coa vocación de achegar un patrimonio común.

Tipo de produto
Longametraxe de ficción

Categoría
Preprodución audiovisual individual

Duración
75 minutos

Idioma orixinal
Galego, con partes en castelán e inglés

rebordelos

Rebordelos, S.L.

Rúa Pensamientos, 6
(15008 – Santiago de Compostela)
https://rebordelos.com
rebordelos@rebordelos.com

ATLÁNTICO CEO - Imaxes do proxecto

CT207B
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

SOMBRAS DE AGOSTO

Produción executiva: Tamara González
Dirección e guión: Manane Rodríguez

Descrición:
A axuda recibida permitiu desenvolver a idea orixinal de *Sombras de agosto* e rematar o guión de Manane Rodríguez coa axuda de análise de guión e diálogos adicionais por parte de Francisco Javier Sánchez Bermúdez. Tivo lugar tamén a sinatura do contrato coa directora e un acordo para a promoción en mercados con Nova Media, que levou a diversas achegas (as produtoras DC Media e Malcontenta). Para a distribución, chegouse a un acordo coa distribuidora uruguaia ENEC CINEMA (a rodaxe transcorrerá entre Uruguai e Galicia), mentres que en España a situación está en negociacións. Por último, desenvolveuse o plan comercial, o plan de lanzamento, a creación da imaxe promocional e un *teaser*.

Sinopse:
Emilio, un perseguido, pasa os seus días pechado nun apartamento coidando a filla pequena do matrimonio que lle dá acubillo. Cando por fin sae á rúa goza da cidade e dos encontros que propicia: o da súa tía Pepa, A Galega, unha cinéfila empedernida que, tras o seu aire soñador e afastado da realidade, está ao tanto de todo o que sucede; o do seu compañeiro Fabián, que vende maquinaria de oficina de local en local. Pero Emilio é detectado polos seus seguidores e, tras un violento tiroteo, é ferido e detido.

Fundada na Coruña en 1994, Xamalú Filmes é unha compañía de produción e distribución independente, contemplando o apoio a outras iniciativas que van desde a produción, a coprodución e a realización de diversos servizos como a análise de guión, a organización da rodaxe ou a edición da imaxe.

Tipo de produto
Longametraxe de ficción

Categoría
Preprodución audiovisual individual

Duración
90 minutos aproximadamente

Idioma orixinal
Castelán

xamalúfilmes

Xamalú Filmes, S.L.

Rúa Río de Monelos, 2 (15006 – A Coruña)
www.xamalufilmes.com
xamalu@xamalufilmes.com

SOMBRAS DE AGOSTO - Imaxes do proxecto



CT207B
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

LECCIÓN DE BOTÁNICA

Produción executiva: Xiana Gómez Díaz (Xiana do Teixeiro)
Dirección: Xiana do Teixeiro
Guión: Elvira Antonia Díaz e Xiana do Teixeiro

Descrición:
Desde a solicitude da axuda, afondouse no desenvolvemento de distintos ámbitos para facer viable o proxecto cinematográfico. En primeiro lugar, traballouse no guión, que permitiu establecer unha escada e sinopse máis accesibles. Tamén se elaborou un orzamento de produción e un plan de financiamento grazas aos asesoramentos recibidos. Por outra parte definiuse un plan de promoción cunha estratexia de difusión e lanzamento, así como as distintas etapas de distribución. En definitiva, o proxecto avanzou o suficiente para ser presentado ante novas fontes de financiamento, contactos que tamén se levaron a cabo durante o período de vixencia da axuda, coa xeración de informes e tamén un *teaser*.

Sinopse:
Ao final da súa carreira, unha profesora de botánica e a súa filla cineasta colaboran nun filme que entrelaza as súas vidas profesionais e persoais. Abordando as relacións entre humanos e plantas na investigación botánica, o diálogo reflexiona sobre o papel da academia e a conexión das plantas coa humanidade. A historia, marcada por xénero e dinámicas familiares, segue a profesora na xubilación e traslado de arquivo, buscando superar roles tradicionais. A participación de investigadoras amplía a conversa sobre mulleres na ciencia, conciliación, olladas científicas e a fusión ciencia-arte, explorando o fascinante mundo vexetal.

Xiana do Teixeiro é doutora en Comunicación, investigadora e cineasta, especializada en documentais creativos e experimentais. Desenvolveu labores de técnico e posprodución de son, operadora de cámara, montadora, etc. Cofundadora de Wlakie Talkie Films en 2008.

Tipo de produto
Longametraxe documental experimental

Categoría
Preprodución audiovisual individual

Duración
75 minutos

Idioma orixinal
Galego

Xiana Gómez Díaz

Adeza, 60 (15621 – Cabanas)
https://www.walkietalkiefilms.com/
xiana@walkietalkiefilms.com

LECCIÓN DE BOTÁNICA - Imaxes do proxecto

CT207B
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

A MÚSICA

Produción executiva: Manane Rodríguez
Dirección e guión: Xavier Bermúdez

Descrición:
Para este proxecto, desenvolvéronse varias partes da preprodución. Por unha parte atendeuse ao guión, contando co argumento de Víctor Erice. Xunto con Xavier Bermúdez, desenvolvéronse ata seis reescrituras para enriquecer o texto. En canto á produción, seguíronse dúas liñas con capacidade de confluencia: unha coprodución integramente española ou unha coprodución internacional, sen desbotar acordos cunha produtora-distribuidora. O proxecto seguiu a medrar coa produción dun *teaser* e evolucionou o suficiente para pasar ao ámbito da captación de financiamento.

Sinopse:
Jacinto e Emilia son unha parella casada que forma parte da Grande Orquestra Juanito Heredero en 1943. Coa escusa dunha viaxe fóra da cidade, Jacinto establécese nunha habitación do hotel fronte á súa casa para seguir a Emilia. A piques de regresar, dá a volta e decide ocultarse dela durante oito anos. Arrepentido e querendo volver con ela, decide enviarlle unha carta, pero, antes de enviala, se atopa corpo a corpo con Emilia nun tranvía.

Tipo de produto
Longametraxe de ficción

Categoría
Preprodución audiovisual individual

Duración
Entre 90 e 110 minutos

Idioma orixinal
Castelán

xamalúfilmes

Xamalú Filmes, S.L.

Rúa Río de Monelos, 2 (15006 – A Coruña)
www.xamalufilmes.com
xamalu@xamalufilmes.com

Fundada na Coruña en 1994, Xamalú Filmes é unha compañía de produción e distribución independente, contemplando o apoio a outras iniciativas que van desde a produción, a coprodución e a realización de diversos servizos como a análise de guión, a organización da rodaxe ou a edición da imaxe.

A MÚSICA - Imaxes do proxecto

CT207B
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

O PÚBLICO NON VAI AO CINE PARA VER CRISTAIS ROTOS

Produción executiva: Enrique Otero e Xacobe Sineiro
Dirección e guión: Xosé Antón Moure

Descrición:
Para o desenvolvemento do proxecto, iniciáronse contactos coa Filmoteca da UNAM (Universidade Nacional Autónoma de México), custodios de gran parte da filmografía de Juan Orol e materiais de promoción. Tamén se avanzaron as negociacións relacionadas cos dereitos patrimoniais e as entrevistas coas persoas expertas no tema. Pola parte de financiamento, contactouse con diversas produtoras mexicanas en procura de asesoramento. Finalmente, o avance no guión e a creación do *teaser* fixeron posible o establecemento de contactos con distribuidoras especializadas no tipo de cinema do proxecto.

Sinopse:
O documental enfócase na vida de Juan Orol, un emigrante galego en México, que presenta, no fondo, a relación entre realidade e destino. Percorre de xeito subxectivo a biografía do cineasta encarnado de forma ficticia na gran pantalla en cada un dos seus momentos vitais. Mesmo o seu final, coa súa morte solitaria, retirado do cine e arruinado, borrado do recordo dos espectadores.

Tipo de produto
Longametraxe documental

Categoría
Preprodución audiovisual individual

Duración
70 minutos

Idioma orixinal
Galego e castelán

CONTROL Z

Pulsa Control Z, S.L.

Piñeiro do Carballal, 1
(15820 – Santiago de Compostela)
https://www.grupocontrolz.com/
estudiocontrolz@gmail.com

Pulsa Control Z é unha produtora nacida en 2007 que desenvolve proxectos de longametraxes, programas de televisión, documentais, publicidade e espectáculos, entre outros.

O PÚBLICO NON VAI AO CINE PARA VER CRISTAIS ROTOS - Imaxes do proxecto

"De hoxe en diante deixarei de ser honrado, porque a honradez non é máis ca un estorbo. Voume vingar do que pasou coa miña nai, morta mendigando. Voume vingar da fame que pasei. De agora en diante deixarei de ser bo, e serei ruín."

Juan Orol interpretando a Jonhy Carmenta
en *Los misterios del hampa* (1944)



CT207B
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

AQUAGYM

Produción executiva: Felipe Lage
Dirección e guión: Iria Sobrado

Primer Beat Films, S.L.

Rúa Fernando III O Santo, 1
(15701 – Santiago de Compostela)
primerbeatproduccion@gmail.com

Descrición:
Para o desenvolvemento do proxecto, leváronse a cabo os labores de reescritura do guión ata a versión definitiva que se utilizará para a rodaxe, así como a formación e asistencia a Laboratorios, a procura de localizacións e un proceso de audición. Con todos eses aspectos, rodouse un *teaser* que servirá para a venda posterior do proxecto, así como a elaboración de *dossieres* que permitan acudir a foros e mercados na procura de financiamento, aspecto que se produciu de forma parcial, con reunións principalmente con produtoras portuguesas durante 2023. *Aquagym* foi seleccionado na primeira edición do ConectaLab (CREA) en abril de 2023.

Sinopse:
Yoli, de 40 anos, leva unha vida aparentemente tranquila como monitora de *aquagym* polas mañás e adestradora de natación sincronizada polas tardes. Xunto a Carlos, goza dun nivel de vida cómodo. A través das súas clases, estabelece relacións próximas con mulleres como Amelia, Carmela e Simona, cada unha coa súa historia. A trama desvela a vida destas mulleres nos vestiarios, na piscina, na cafetería e nas súas casas, explorando o seu renacemento cara á liberdade e a identidade. A historia tamén aborda a adicción de Carlos, que destrúe a relación de Yoli e revela unha conmovedora historia de sororidade.

Empresa de produción audiovisual creada en 2014, cuxo obxectivo social é a xestión, organización e promoción de eventos socioculturais, espectáculos, festivais, etc., así como tamén a produción e exhibición audiovisual.

Tipo de produto
Longametraxe de ficción

Categoría
Preprodución audiovisual individual

Duración
-

Idioma orixinal
Galego

AQUAGYM - Imaxes do proxecto

CT207B
Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais

PARAÍSO

Produción executiva: Enrique Otero e Xacobe Sineiro
Dirección: Enrique Otero
Guión: Andrés Mahía

Pulsa Control Z, S.L.

Piñeiro do Carballal, 1
(15820 – Santiago de Compostela)
https://www.grupocontrolz.com/
estudiocontrolz@gmail.com

Descrición:
Entre os labores destacados do proxecto están o desenvolvemento do guión con Andrés Mahía, cun proceso de sete meses para elaborar un texto sólido. Ademais da articulación das tramas, tamén comezaron a construírse os personaxes e un fondo traballo de documentación e asesoramento externo para todas estas fases (Socialdocs, Miramemira...). A partir deste punto, realizáronse contactos coa distribuidora madrileña AVALON e comezaron a valorarse diversas liñas de investimento, para o cal se destinou parte do traballo á elaboración de *dossieres* e materiais de traballo, así como un *teaser*, para futuros encontros con televisións e plataformas.

Sinopse:
A longametraxe sitúase na década de 1980 en España, Galicia e Vigo. Segue a vida de Alicia Paraíso, unha moza de 16 anos que descobre o camiño cara á madurez nun contexto social e cultural en pleno cambio. Alicia recorda un bico da súa adolescencia e reflexiona sobre a experiencia. Orfa de nai e en conflito co seu pai, atopa en Armando e Roque cómplices inesperados na súa procura da identidade. Xuntos forman un grupo de punk e comezan a vivir de acordo cos tempos.

Pulsa Control Z é unha produtora nacida en 2007 que desenvolve proxectos de longametraxes, programas de televisión, documentais, publicidade e espectáculos, entre outros.

Tipo de produto
Longametraxe de ficción

Categoría
Preprodución audiovisual individual

Duración
90 minutos

Idioma orixinal
Galego

PARAÍSO - Imaxes do proxecto



CT207M
Desenvolvemento de proxectos de empresas de exhibición cinematográfica comercial

CINEMA NUMAX 2015-2023 | 8 ANOS DE CINEMA INDEPENDENTE

Descrición:
O proxecto presentado buscou apoiar a recuperación da actividade do cinema NUMAX despois da pandemia da Covid-19, dándolle prioridade ao reforzo da programación de cinema independente, europeo e de terceiros países, así como a captación de novos públicos, especialmente o público mozo.

Co gallo da celebración do oitavo aniversario do cinema, mantívose o compromiso de ofrecer estreas de cinema independente e de autor en versión orixinal, cun enfoque particular na cinematografía de terceiros países. Cun total de 50 exhibicións, a programación alternativa apoiou miradas non dominantes (cinema de mulleres ou persoas racializadas). Por outra banda, realizouse unha ambiciosa campaña publicitaria de atracción de novos públicos, xunto con xornadas de portas abertas, proxeccións ao aire libre, concertos, obradoiros, etc.

Na primavera de 2015, o cinema e a libraría NUMAX abrían as súas portas para dar a coñecer un novo proxecto cooperativo e cultural. Neste tempo situouse como unha das principais ventás de acceso da cinefilia santiaguesa e galega con estreas procedentes de terceiros países e culturas non hexemónicas.

Tipo de produto

Actividades culturais, ciclos de cine

Categoría

Exhibición audiovisual

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega

Rúa Concepción Arenal, 9
(15702 – Santiago de Compostela)
https://numax.org
info@numax.org

CINEMA NUMAX 2015-2023 | 8 ANOS DE CINEMA INDEPENDENTE - Imaxes do proxecto

CT207M
Desenvolvemento de proxectos de empresas de exhibición cinematográfica comercial

PROGRAMACIÓN CINEMA DUPLEX

Descrición:
Para o proxecto desenvolvéronse actividades de comunicación, márketing e difusión, coa prestación de servizos do xornalista cinematográfico Víctor Paz Morandeira, envío de notas de prensa e boletíns informativos ás persoas inscritas e pegadas de carteis na cidade. Tamén se contrataron espazos publicitarios na revista *Aí* da comarca de Ferrol terra, así como un *banner* publicitario en *Ferrol 360*. Por último, organizouse unha programación especialmente centrada no cinema europeo e de terceiros países, con atención destacada ao cinema galego, con títulos como *As bestas*, *Matria* ou *Unicorn Wars*, entre outros.

Tipo de produto

Actividades culturais, ciclos de cine

Categoría

Exhibición audiovisual

DUPLEX Cinema

Nocturama, S.L.

Rúa Travesía Moreno, 3 (15403 - Ferrol)
www.duplexcinema.com
info@duplexcinema.com

A empresa ten por obxecto a promoción e difusión cultural, especialmente a exhibición e distribución cinematográfica de cinema e audiovisual, así como outros servizos culturais. Por outra parte, tamén a edición de produtos e servizos culturais para a súa comercialización. Pola súa banda, DUPLEX Cinema iniciou a súa andaina en 2019 cunha programación de cine comercial e independente, dándolle prioridade á presenza da versión orixinal subtitulada con espazos preferentes.

PROGRAMACIÓN CINEMA DUPLEX - Imaxes do proxecto

CT207M
Desenvolvemento de proxectos de empresas de exhibición cinematográfica comercial

PROGRAMACIÓN CINES VIVEIRO

Descrición:
Para o proxecto desenvolvéronse actividades de comunicación, márketing e difusión co obxectivo de potenciar Cines Viveiro e darlle máis visibilidade, especialmente en radio (Cadena Cope), prensa (*La Voz de Galicia* ou *Heraldo de Viveiro*) e plataformas tecnolóxicas (programación dunha aplicación dedicada).

Por outra banda, organizouse unha programación especialmente centrada no cinema europeo e de terceiros países en versión orixinal, con atención destacada ao cinema galego, e con campañas de desconto de entradas a prezo reducido.

Tipo de produto

Difusión e carteleira de cine

Categoría

Exhibición audiovisual

VIVEIRO CINES by Proyecfilm

Cine donde no hay cine, S.L.

Calle Paraguay, 5. Polígono Industrial Los Villares
(37184 – Villares de la Reina)
www.cinesviveiro.com
info@cinesviveiro.com

A empresa ten como obxecto social a distribución, exhibición e comercialización de películas cinematográficas e de vídeo, así como a prestación de servizos e organización de eventos audiovisuais.

CT207M
Desenvolvemento de proxectos de empresas de exhibición cinematográfica comercial

PROXECCIÓN DE CINE GALEGO E EUROPEO

Descrición:
Códex cinema desenvolveu un programa de proxeccións de cine europeo e galego, con máis do 90% de filmes proxectados en versión orixinal. Entre os filmes galegos estiveron *Sica*, *Matria* ou *A praia dos afogados*. Tamén proxectou uns 30 filmes europeos (Francia, Alemaña, España, Portugal, Italia, Austria...) e unhas 10 películas doutras nacionalidades (Chile, Rusia, O Xapón, Colombia...).

Por outra banda, desenvolvéronse actividades de difusión da actividade de exhibición, con campañas de radio e en xornais dixitais cunha finalidade de captación de público (inserción dun *banner* durante dous meses no xornal dixital "xornaldelugo.com" e 5 cuñas diarias durante 30 días en LugoSiRadio (107.4 da FM).

Tipo de produto

Actividades culturais, ciclos de cine

Categoría

Exhibición audiovisual

Sons Galiza Comunicación, S.L.

Praza de Viana do Castelo, 3 (27003 – Lugo)
https://www.sonsgaliza.gal/
https://codexcinema.info/
codexcinema@caldiae.gal

Fundada en 1988 como un proxecto cultural para a comunicación, edición e difusión da cultura galega, Sons Galiza Comunicación conta no seu catálogo con máis de 300 producións. A empresa tamén desenvolve actividades de exhibición cinematográfica a través de Códex Cinema, unha sala de cine que proxecta cine de calidade, coa colaboración de Europa Cinemas.

CT207M
Desenvolvemento de proxectos de empresas de exhibición cinematográfica comercial

CICLO CINE EUROPEO E GALEGO

Descrición:
A axuda serviu para organizar un ciclo de cine galego e europeo en versión orixinal e con forte presenza feminina durante os meses de abril a xuño que, doutra forma, dificilmente terían cabida na carteleira nun espazo das características dos multicines Odeón de Narón. Alcanzouse o obxectivo achegarse á cifra de 2.700 espectadores na duración do ciclo de cine, xerando suficiente interese entre o público asistente para poder organizar ciclos periódicos a partir deste momento, cumprindo co obxectivo secundario de captación de novos públicos.

En canto á comunicación, xeráronse diversas estratexias de difusión e márketing coa compra de espazos publicitarios (*La Voz de Galicia*, *Diario de Ferrol*, Radio Popular e noutras plataformas en liña).

Tipo de produto

Campañas de difusión e ciclos de cine

Categoría

Exhibición audiovisual

Atlántico Multicines, S.L.

Calle Manufactura, 2
(41927 – Mairena del Aljarafe)
https://www.atlanticocin.es/
https://odeonmulticines.com/
info@atlanticocin.es

A empresa é a sociedade que explota os complexos cinematográficos de Odeón Multicines de Narón e de León. De capital español, caracterízase por implantar nos seus cines as últimas tecnoloxías e dar un servizo de calidade ao cliente, buscando xerar experiencias e facendo que a cadea sexa un foco de atención.

CICLO CINE EUROPEO E GALEGO - Imaxes do proxecto

CT207M
Desenvolvemento de proxectos de empresas de exhibición cinematográfica comercial

PROXECCIÓN CINEMATOGRÁFICA GALEGA E EUROPEA

Descrición:
A axuda permitiu que os cines CINEXPO de Pontevedra puidesen programar na súa carteleira cine galego e tamén cine europeo ou doutros países con baixa representación en pantalla. O obxectivo foi dar a coñecer as producións e profesionais de Galicia e tamén doutros países e do equipo de profesionais que as fixeron realidade. Entre o cine galego proxectáronse filmes como *As bestas*, *Matria* ou *Sica* en versión orixinal en galego.

Tipo de produto

Exhibición de producións, galegas, europeas e internacionais

Categoría

Exhibición audiovisual

galicine

Exhibiciones cinematográficas Pato & Miguel, S.L.

Paseo de Ronda, 26 – baixo (15011 – A Coruña)
https://galicine.es/
administracion@galicine.es

A empresa, creada en 2013, ten como obxecto social a explotación de negocios e industrias de hostalería, salas de cine, espectáculos, etc. Ademais dos cines CINEXPO de Pontevedra, xestiona outros dentro de Galicia (Ourense, Vilagarcía de Arousa, Carballo, Ribeira e Monforte de Lemos).

CT207M
Desenvolvemento de proxectos de empresas de exhibición cinematográfica comercial

PROXECCIÓN CINEMATOGRÁFICA GALEGA E EUROPEA

Descrición:
Solicitáronse axudas para diversos cines da xeografía galega que xestiona a empresa. En concreto, resultaron beneficiados os Cines Pontevella, os Cines Gran Arousa, os Cines Bergantiños e os Cines Barbanza. Para todos estes espazos, incorreuse en investimentos de programación regular de actividades de exhibición de cine galego, europeo e de terceiros países con baixa representación. No que respecta a cine galego, algunhas das películas proxectadas foron *Sica* ou *Matria* en versión orixinal en galego, e *Copito de Nieve* ou *Donkeyxote* en versión dobrada ao galego.

Tipo de produto

Exhibición de producións, galegas, europeas e internacionais

Categoría

Exhibición audiovisual

galicine

Coruña Films, S.L.

Paseo de Ronda, 26 – baixo (15011 – A Coruña)
https://galicine.es/
administracion@galicine.es

A empresa, constituída en 1996 en Ferrol, ten como propósito a explotación de negocios e industrias de hostalería e está dada de alta en actividades de exhibición cinematográfica. Entre outras, a empresa asume as salas de cine en cidades como Carballo, Ourense, Vilagarcía de Arousa, Monforte de Lemos, Pontevedra e Vigo.

CT207K
Promoción de videoxogos

CAISSA

Descrición:
A finalidade deste proxecto foi a creación dun videoxogo de propósito educativo, proporcionando ao profesorado de primaria e secundaria unha ferramenta didáctica para ser utilizada na aula. Utilizando o concepto de minixogos de xadrez e lóxica permite traballar temas transversais ás súas materias como son a concentración, motivación e focalización da atención. No deseño do videoxogo e as súas interfaces tívose especial sensibilidade coa diversidade e a multiculturalidade. O profesorado pode xestionar e personalizar a plataforma segundo as necesidades de aprendizaxe do alumnado.

O proxecto pasou por cinco fases. A primeira foi xerar vínculos empresariais, educativos e asociativos e realizar unha toma de contacto para medir a aceptación dun produto baseado no xadrez. A segunda foi o desenvolvemento da aplicación, o deseño da arquitectura software e o deseño gráfico do videoxogo. A terceira fase serviu para xerar a estrutura de minixogos e desenvolvemento web, ademais de seguir co deseño gráfico e cos contactos comerciais. A cuarta fase serviu para rematar o desenvolvemento da plataforma do videoxogo na web e a implantación coa xestión de usuarios e o motor do xogo. Na última fase realizáronse probas finais de escalado e finalización do proxecto.

Chessforedu nace en 2021 co obxectivo o desenvolvemento de edición de programas informáticos, o procesamento de datos e actividades auxiliares relacionadas coa educación. Os seus integrantes son expertos no mundo do xadrez, a psicoloxía e o desenvolvemento de programas educativos.

Tipo de produto
Videoxogo de xadrez educativo

Anos de desenvolvemento
2022 e 2023

Desenvolvemento
Finalizado

Chessforedu, S.L.

Calle Batlle Pons, 1 (07720 - Es Castell)
https://www.chessforedu.com/
info@chessforedu.com

CAISSA - Imaxes do proxecto





CT207K
Promoción de videoxogos

APASIÑO

Descrición:
APASIÑO é un proxecto cuxo obxectivo é o desenvolvemento dun videoxogo con cámara isométrica no que se completan as diferentes etapas dos camiños de Santiago de Compostela de forma virtual, mediante a medición de pasos/quilómetros realizados na actividade do xogador. A través do exercicio físico, permítelle ao seu avatar peregrino desprazarse camiñando polos carreiros. Ao finalizar cada etapa, o xogador deberá enfrontarse a un desafío aleatorio (minixogo), para conseguir o 100% da travesía e unha medalla de bonificación da etapa Lince. O reto principal é completar cada unha das etapas dos diferentes camiños que conducen a Santiago de Compostela e, así, conseguir A Compostela (título que se obtén ao conseguir todos os títulos da peregrinación).

En xuño de 2023 alcanzouse a versión Alfa do videoxogo, dirixido a dispositivos Android, cos idiomas tanto en galego como en castelán.

Iseltec está conformado por un grupo de profesionais con sólida traxectoria no sector TIC, que uniron forzas para desenvolver o seu proxecto persoal. Fundado en 2015, realizan labores de consultaría de proxectos de I+D, implantación de solucións dixitais, desenvolvemento de negocios en liña ou asesoramento para a transformación empresarial.

Tipo de produto
Videoxogo de actividade física

Categoría
Produción audiovisual

Anos de desenvolvemento
2022 e 2023

Desenvolvemento
En proceso (Alfa)

Iseltec

ISELTEC

C/República de Venezuela, 7, 2ºA.
(15883 A Ramallosa - Teo - A Coruña)
https://www.iseltec.com/
info@iseltec.com

APASIÑO - Imaxes do proxecto

UNIÓN EUROPEA

Financiado como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

APASIÑO®



CT207L
Promoción e difusión de proxectos musicais profesionais

XABIER DÍAZ - 2022/2023

Descrición:
O proxecto englobou dous bloques de acción:

- Unha xira de 11 concertos de ámbito nacional e internacional (Logroño, Toledo, Valladolid, Valencia, Oporto....) entre 2022 e 2023 que, de xeito adicional, contaron con ensaios.
- Proxecto Xabier Díaz Sinfónico. Concerto sinfónico xunto coa Real Filharmonía de Galicia, ideado como concerto de gran formato na que se estiveron facendo os arranxos pertinentes para a súa estrea en 2024.

Tipo de produto
Concertos

Modalidade
Proxectos musicais unitarios

Categoría
Produción musical

Indicador de seguimento
Desenvolvemento do proxecto

XABIER | DÍAZ

Xabier Díaz Carro

(15280 – Brión)
https://www.xabierdiaz.com
prensa@xabierdiaz.com

Xabier Díaz é un dos nomes propios da música tradicional galega. Entre outros, formou parte de Berrogüetto e participou no proxecto aCadaCanto. Ten recibido numerosos premios polo seu traballo (Martín Códax, Rebuldir...) e as súas actuacións alcanzan o ámbito nacional e internacional.

XABIER DÍAZ - 2022/2023 - Imaxes do proxecto

CT207L
Promoción e difusión de proxectos musicais profesionais

GUADI GALEGO - *ROIBÉN*

Descrición:
Desde Culturactiva realizouse a produción e promoción do traballo discográfico *Roibén* de Guadi Galego, publicado a finais de 2022. En concreto, realizáronse as seguintes actuacións:

- Produción do traballo discográfico, coa gravación de 3 vídeos musicais, creación de materiais de promoción, aluguer de espazos e gravación do disco.
- Deseño do plan de comunicación en redes sociais e plataformas de *streaming*, correos, circuítos, etc.
- Promoción en distintos espazos como feiras (MUMi, Womex en Bilbao e Lisboa, MUM de Estremadura, etc.). Tamén promoción da saída do disco, presentacións en directo, e outras accións similares.
- Xira de 5 concertos fóra de Galicia, con traballos previos de planificación escénica e ensaios da banda de música, directos, etc.

Culturactiva é unha cooperativa de xestión cultural con máis de 20 anos de experiencia no sector que traballa a prol da lingua e cultura galegas. O ámbito de actuación engloba a distribución musical, a produción e distribución de artes escénicas, a creación, dirección e asesoramento de proxectos, comunicación cultural, etc. Traballan en exclusiva con numerosos artistas galegos, eventos de gran magnitude, xiras musicais, etc.

Guadi Galego é unha das artistas máis relevantes da escena galega actual. Vocalista, pianista e gaiteira de Berrogüetto, publica en 2009 *Benzón*, primeiro álbum en solitario. Gañadora de premios como o Martín Códax ou o Premio da Crítica, ata 2020 produce cinco discos, ademais doutras colaboracións con diferentes artistas.

Tipo de produto
Traballo discográfico *Roibén*

Modalidade
Proxectos musicais unitarios

Categoría
Produción musical

Indicador de seguimento
Alcance e escoitas nas listas de reprodución de plataformas de *streaming* e rendemento en prensa e redes sociais

CULTURACTIVA

Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega

Rúa Triacastela, 3
(15703 – Santiago de Compostela)
https://culturactiva.org
info@culturactiva.org

GAUDÍ GALEGO - *ROIBÉN* - Imaxes do proxecto

CT207L
Promoción e difusión de proxectos musicais profesionais

CREACIÓN, DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DO NOVO TRABALLO DISCOGRÁFICO DE BUDIÑO

Descrición:
O proxecto serviu para desenvolver de forma integral a produción do novo traballo discográfico de Budiño, baixo o título de *Branca Vela* (produción, espectáculos, vídeos musicais e promoción). Entre as actuacións realizadas están:

- Produción, co aluguer de espazos para ensaios e gravacións, aluguer de estudios para a gravación dos dez temas do disco, así como a realización de tres vídeos musicais con máis de 250.000 reproducións ata outubro de 2023 en distintas plataformas). Para a parte da promoción mediante concertos adquiríronse equipamentos de son, vídeo e iluminación e tamén se alugou material adicional para o total de 24 concertos realizados entre xuño de 2022 e outubro de 2023 (22 en Galicia, un en Portugal e un en Getxo).
- Promoción e comunicación e distribución dixital en diversos medios.
- Consultaría, con asesoría legal de dereitos de autor.
- Contratación de cinco persoas profesionais (técnicos, produción, músicos, etc.).

A empresa, creada en 1988, ten por obxectivo as actividades musicais, incluídas a gravación e edición de soportes musicais. Xosé Budiño é músico, creador e innovador; inspírase nos pequenos sabores da musica tradicional pero sempre coa intención de crear unha música con estilo propio. Entre 1997 e 2019 publicou sete traballos discográficos e percorreu máis de 25 países cos seus espectáculos e creacións, recoñecidos con numerosos premios de prestixio.

Tipo de produto
Traballo discográfico *Branca Vela*

Modalidade
Proxectos musicais unitarios

Categoría
Produción musical

Indicador de seguimento
Alcance e escoitas nas listas de reprodución de plataformas de *streaming* e rendemento en prensa e redes sociais

Lospregos S.L.

Lospregos, S.L.

Barrio A Bouza, 1 (36950 – Moaña)

CREACIÓN, DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DO NOVO TRABALLO DISCOGRÁFICO DE BUDIÑO - Imaxes do proxecto

CT207L
Promoción e difusión de proxectos musicais profesionais

A PEDREIRA

Descrición:
O proxecto consistiu na contratación e produción fonográfica da Pedreira a partir de catro bloques:

1. Composición, ensaios, gravación, e edición para unha distribución dixital dunha colección de oito cancións. Ugia Pedreira ideou, compuxo e produciu en estudios de Galicia e do País Vasco os temas do traballo discográfico *Basal* xunto a outras artistas colaboradoras. A fase de distribución quedou fóra do calendario do proxecto.
2. Residencia artística e obradoiros. Encontros cos músicos participantes en *Basal* coa celebración de talleres de musicoterapia, de escrita persoal e creativa, etc.
3. Plan de comunicación e márketing. Creación do sitio web da artista (*https://apedreira.eu*), desenvolvéndose labores de asesoramento e colocación, plans de comunicación, campañas de promoción internacional, a gravación dun vídeo para Culturas360, etc.
4. Concertos e presentacións en directo. Tiveron lugar un total de 10 actos de presentación e concertos durante o proceso de *Basal* en Oxford, Xixón, Vegadeo, etc. Contouse co traballo da poeta e creadora Marina Oural como asistente de produción e artística.

Empresa fundada en 1996 coa misión de establecer e fortalecer lazos entre as diversas culturas do mundo, impulsando actividades no sector musical e nas artes escénicas. Especializados no deseño e produción de eventos artísticos, con máis de 2.500 concertos realizados.

Tipo de produto
Residencias, gravación e edición musical

Modalidade
Proxectos musicais unitarios

Categoría
Produción musical

Indicador de seguimento
Venda de discos, concertos, presenza en feiras e redes sociais

Nordesía Producións, S.L.

Rúa do Horreo, 32
(15702 – Santiago de Compostela)
https://nordesia.com/
comunicacion@nordesia.com

A PEDREIRA - Imaxes do proxecto

CT207L
Promoción e difusión de proxectos musicais profesionais

PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO PROXECTO MUSICAL DE PAULIÑA

Descrición:
O proxecto serviu para realizar a xira "Testemuñas" do grupo Pauliña por toda Galicia entre 2022 e 2023. Entre os indicadores de seguimento indicouse que a cifra óptima de concertos de Pauliña debería estar en 25 ou máis durante os anos 2022 e 2023 para alcanzar unha categoría óptima. Desenvolvéronse un total de 34 concertos, 13 durante 2022 e 21 en 2023, todos en Galicia. O importe da subvención dedicouse na súa meirande parte ao pagamento de músicos profesionais para a xira, así como outros gastos do proxecto como aloxamento e manutención, e os servizos técnicos para a montaxe de salas, etc.

Xonix Records é unha discográfica, axencia de *manágement*, editorial e produtora audiovisual que aposta por apoiar e potenciar bandas e artistas de Galicia, especialmente os proxectos de mulleres da cultura galega e potenciando a lingua do país. Entre 2017 e 2022 o seu selo discográfico acolleu uns 20 lanzamentos e 15 vídeos musicais dunha ducia de artistas diferentes.

Pauliña comeza a súa andaina en 2018 cun directo potente onde mesturan o country coa música folk, rock e blues. Con máis de 200 concertos por toda España, colaborou en traballos con outros grupos e artistas, sendo das bandas emerxentes máis importantes dos últimos anos.

Tipo de produto
Concertos

Modalidade
Proxectos musicais unitarios

Categoría
Produción musical

Indicador de seguimento
Número de concertos do proxecto

Xonix Records, S.L.

Rúa Ramón de Valenzuela, 12 (36570 – Bandeira)
https://xonixrecords.wixsite.com/
xonixrecords@gmail.com

PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO PROXECTO MUSICAL DE "PAULIÑA" - Imaxes do proxecto



CT207L
Promoción e difusión de proxectos musicais profesionais

PLAYPLAN

Descrición:
A proposta de PlayPlan foi o desenvolvemento de proxectos diferentes para cinco bandas e artistas:

- Tanxugueiras. A empresa encargouse do desenvolvemento dos proxectos de espectáculo en directo para 2022 e 2023, xunto coa fase de promoción, comercialización, internacionalización e distribución do disco *Diluvio* na xira "Midas" en 2022 (con 42 concertos) e en 2023 (con 27 concertos). Tamén se fixeron campañas de venda en puntos físicos e dixitais do disco, con vídeos de promoción e tarefas intensivas de promoción e difusión, redes, axentes culturais, etc. Por último, fixéronse tarefas de *manágement* e *booking* en distintas feiras de música de España e Europa.
- Laura LaMontagne & Pico Amperio. Fase de promoción e lanzamento do seu novo disco *Algo que sinalar*. Editáronse vídeos de promoción e vídeos musicais en diversos formatos audiovisuais, ademais dunha xira de 22 concertos en 2022 e 15 concertos en 2023. Así mesmo, promocionouse o grupo en feiras de música de España e Europa e en redes sociais e prensa.
- SonDaRúa. Relanzamento do seu traballo *Eterno Combate*. Editáronse dous vídeos musicais e un directo da xira de presentación que tivo un total de 13 concertos en 2022 e 11 concertos en 2023. Así mesmo, fíxose unha promoción do grupo en feiras de música de España e Europa, en redes sociais e en prensa.

Tipo de produto
Promoción musical de bandas e artistas

Modalidade
Proxectos musicais colectivos

Categoría
Produción e distribución musical

Indicador de seguimento
Crecemento de seguidores en redes, asistencia a concertos, interacción de prensa e venda de discos

PLAYPLAN



- García MC & Nación Quilombo. Relanzamento do seu traballo *Arquipélago Quilombo*. Editáronse tres vídeos musicais e tamén de promoción, con dez concertos e promocións en prensa e redes sociais, sesións de fotos, etc. Adicionalmente, como en grupos anteriores, tamén se fixo unha promoción en nove feiras de música de España e Europa.
- Pakolas. Redifusión do seu último CD *Ramona órbita, a dona do tempo*. Para este proxecto editáronse dous vídeos karaoke e un vídeo de promoción, ademais dunha xira de concertos en escolas e concellos, con 87 actuacións en 2022 e 72 en 2023.

PlayPlan Cultural, S.L.U.

Rúa Ramón Bares, 42 (36930 – Bueu)
https://playplan.es
jordi@playplan.es

PlayPlan é unha axencia de xestión e consultaría cultural desde a que se crean e idean experiencias orixinais, marcas e proxectos de apoio a artistas, centrada na produción, distribución e comercialización de produtos culturais. Pon o acento na cultura e na música feitas desde Galicia, transmitindo o patrimonio e as novas sonoridades a outros ámbitos. Tamén bota luz sobre bandas emerxentes e artistas novas.

CT207L
Promoción e difusión de proxectos musicais profesionais

PROMOCIÓN E POSICIONAMENTO DE MERCADO DO CATÁLOGO DE ARTISTAS GALEGOS DE KALDERÓN

Descrición:
O proxecto consistiu no desenvolvemento de promoción e posición de mercado de 5 bandas e artistas musicais galegas entre 2022 e 2023. As accións previstas foron, de xeito xeral, a creación e posta en marcha dunha campaña de ampliación, publicidade e colocación en redes, unha campaña de márketing estatal ou internacional, promoción dixital, asistencia a diversas feiras para promocionar os grupos do proxecto, creación de vídeos musicais, e xiras de concertos. Os grupos ou artistas son:

- Sés. Ademais das actuacións comúns, realizouse a produción do seu novo disco *Diante un eco*.
- Quico Comesaña. Adicionalmente, creouse un novo deseño e imaxe de marca, a produción e promoción do seu novo disco *MÃE* e unha pequena xira con tres concertos en Vigo, A Coruña e Íllora.
- Luar na Lubre. Ademais das actuacións comúns, produciuse e promocionouse o seu novo disco (*Luar na lubre XX. Encrucillada*), cunha xira por América do Sur e Cabo Verde, cun total de oito concertos.
- Astarot. A xira de sete concertos do grupo foi pola Península Ibérica, celebrando o seu 40 aniversario.
- Ailá. Adicionalmente, creouse un novo deseño e imaxe de marca, a produción e promoción do novo disco *Sansolimón!* e a xira de 16 concertos que percorreu a Península Ibérica e Francia.

Empresa para a creación de proxectos culturais e producións de artistas a escala internacional baixo a marca comercial Mirmidón. Desde 2015 ata a actualidade é responsable da produción e dirección de concertos, xiras internacionais e campañas de promoción e difusión de 13 bandas e artistas da música.

Tipo de produto
Promoción musical de bandas e artistas

Modalidade
Proxectos musicais colectivos

Categoría
Produción e distribución musical

Indicador de seguimento
Crecemento de seguidores en redes, asistencia a concertos, interacción de prensa e venda de discos

KALDERÓN PRODUCCIONES CULTURALES

Kalderón Producciones Culturales, S.L.

Praza de Curros Enríquez, 1 (36002 – Pontevedra)

PROMOCIÓN E POSICIONAMENTO DE MERCADO DO CATÁLOGO DE ARTISTAS GALEGOS DE KALDERÓN - Imaxes do proxecto

CT207L
Promoción e difusión de proxectos musicais profesionais

DESENVOLVEMENTO DE ARTISTAS DE ESMERARTE – INDUSTRIAS CREATIVAS

Descrición:
O obxectivo principal do proxecto foi o de gañar competitividade a través da creación de contidos para catro bandas ou artistas. Para conseguilo, deseñáronse estratexias personalizadas de influencia mediante xiras, plans de comunicación, etc. Tamén se facilitou a publicación en plataformas de distribución musical e de *streaming* para achegar a obra ao público final.

- Xoel López. A xira deste artista consistiu en 37 espectáculos e concertos nacionais, así como o lanzamento dun sinxelo e presentación do seu disco *Caldo espírito* en xuño de 2023. Potenciouse a súa presenza en redes sociais e nas distintas plataformas de contidos.
- Eladio y los seres queridos. A xira contou con 18 concertos (un deles internacional) e coa estratexia posta en aumentar a súa presenza en redes sociais e nas plataformas de distribución.
- Pablo Lesuit. A xira deste artista contou con 33 concertos (sete deles internacionais), o lanzamento dun vídeo musical e o aumento da súa presenza en redes e na creación e distribución de contido.
- Furious Monkey House. Con 11 concertos, tamén publicaron tres vídeos musicais e varios sinxelos. A súa estratexia de difusión baseouse no ámbito dixital (redes, contidos, publicidade, etc.).

Con máis de 20 anos no sector, Esmerarte traballa na xestión e desenvolvemento de carreiras de diversas bandas e artistas musicais, desde o *manágement*, o *booking*, a produción fonográfica, os dereitos intelectuais, etc. Tamén traballan nun plan de produción de xiras, concertos, festivais e iniciativas privadas, así como a produción de documentais e lanzamentos discográficos.

Tipo de produto
Promoción musical de bandas e artistas

Modalidade
Proxectos musicais colectivos

Categoría
Produción e distribución musical

Indicador de seguimento
Crecemento de seguidores en redes, asistencia a concertos, interacción de prensa

esmerarte INDUSTRIAS CREATIVAS

Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U.

Rúa Urzáiz, 5 (36201 – Vigo)
https://esmerarte.com
info@esmerarte.com

DESENVOLVEMENTO DE ARTISTAS DE ESMERARTE – INDUSTRIAS CREATIVAS - Imaxes do proxecto

CT207L
Promoción e difusión de proxectos musicais profesionais

ARTISTAS MUSICARTE

Descrición:
O proxecto consistiu na xira de concertos Artistas Musicarte 2022-2023 para catro bandas e artistas galegas, así como a promoción e publicidade en redes sociais e medios, e gravación de vídeos musicais.

- Robert Pier. Con catro concertos realizados presentando o seu terceiro disco baixo o título de *Todo sanará*.
- Sheila Patricia. Ademais do concerto celebrado en Miño, tamén se realizou un vídeo musical, "Canto de Moscoso".
- Adhara & Ritman. Realizaron un total de cinco concertos (tres na Coruña e o resto fóra de Galicia) e realizouse contido audiovisual relacionado coa presentación do Festival Rosalía.
- La Casa de los Ingleses. Ademais de catro concertos (un deles na Coruña), editáronse tres vídeos musicais.

Fundada en 2010, a empresa de creación e difusión musical creouse con recursos locais para conseguir un produto de calidade e proxectos modernos, onde se combinan influencias e colaboracións. Tamén organizan espectáculos, ensinanza e formación musical (con cursos, seminarios, conferencias...) e dedican parte do seu esforzo á recuperación do patrimonio musical.

Tipo de produto
Promoción musical de bandas e artistas

Modalidade
Proxectos musicais colectivos

Categoría
Produción e distribución musical

Indicador de seguimento
Crecemento de seguidores en redes, asistencia a concertos, interacción de prensa, interaccións en *streaming*

MusicArte

Music Arte Rey Saavedra, S.C.

Rúa San Ignacio, 7 (15001 – A Coruña)
https://musicarte.gal
contacto@musicarte.gal

ARTISTAS MUSICARTE - Imaxes do proxecto

CT302D
Proxectos de programación musical na Rede Galega de Música ao Vivo

UNHA CAIXA DE MÚSICAS

Descrición:
O proxecto desenvolvido por Laroom Producións consistiu na realización de 15 concertos con grupos galegos, cunha elevada porcentaxe de actuacións femininas ou con mulleres liderando os grupos, e respectando as remuneracións artísticas que cubrían sobradamente a nómina mínima obrigatoria por cada músico compoñente da banda. Os concertos tiveron unha asistencia superior ás 700 persoas, situándose por debaixo das expectativas debido a factores como a sobrecarga de oferta de eventos culturais e festivos en multitude de concellos e dun ano especialmente prolífico en concertos con artistas importantes de ámbito nacional e internacional. Súmase a esta situación factores externos como as datas e o aumento de prezos que limitou o consumo de lecer na cidadanía.

Os grupos que actuaron na sala La Room de Ferrol foron Cora Velasco dúo (01/10/2022); Mad Martin Trío (15/10/2022); Cherry Sweet (21/10/2022); Blues do País (04/11/2022); Eladio y los Seres Queridos (05/11/2022); Broa (11/11/2022); Fransy Davide Cibrán (19/11/2022); Andhrea & The Black Cats (25/11/2022); Espiño Band (28/01/2023); Lou Reyes con los Rockin´ Corsarios (25/02/2023); Faltriqueira (04/03/2023); Iria Segade (10/03/2023); The Lákazans (11/03/2023); Sr. Salvaje (18/03/2023); e Nastasia Zurcher (15/04/2023).

Laroom Producións, S.L. é unha empresa creada en 2018 que organiza eventos lúdico-culturais e concertos, exposicións, teatro, danza e similares. Desenvólvense na sala La Room de Ferrol, un local de hostalería con licenza de café concerto que permite organizar actuacións de música ao vivo.

Tipo de produto
Exhibición musical

Categoría
Concertos de música

Número de concertos
15

Laroom Producións, S.L.

Rúa Sol, 142 (15401 – Ferrol)
laroom@laroomproducions.com

UNHA CAIXA DE MÚSICAS - Imaxes do proxecto

CT302D
Proxectos de programación musical na Rede Galega de Música ao Vivo

REDE GALEGA MÚSICA AO VIVO SALA GUIÓN CLUB

Descrición:
O obxectivo do proxecto foi a realización dun total de 16 concertos entre o último cuadrimestre de 2022 e o primeiro semestre de 2023, no que se procurou promover as bandas de música galegas e os grupos emerxentes.

Desenvolvéronse seis concertos durante o ano 2022 e 10 concertos en 2023, con grupos como A banda da Balbina (22/10/2022); Cró! (05/11/2022); Carla Green & The Demons (19/11/2022); Laura Lamontagne & Pico Amperio (26/11/2022); Catuxa Salóm (03/12/2022); Mad Martin Trío (10/12/2022); Belém Tajes (11/02/2023); Cherry Sweet (11/03/2023); Pauliña (25/03/2023); O cadelo lunático (22/04/2023); Faltriqueira (29/04/2023); Elephants e Paw (13/05/2023); Los jinetes del trópico (25/05/2023); Moura (27/05/2023); e Mascada (27/05/2023).

O número de artistas que participaron nos concertos foi de 65, e o público asistente superou as 840 persoas.

Dois, S.C. é a responsable da sala de concertos "Guiōn" de Pontedeume, con capacidade de ata 250 persoas.

Tipo de produto
Exhibición musical

Categoría
Concertos de música

Número de concertos
16

Guiōn

Dois, S.C.

Rúa San Agustín, 6 (15600 – Pontedeume)
guiondois@gmail.com

REDE GALEGA MÚSICA AO VIVO SALA GUIÓN CLUB - Imaxes do proxecto

CT302D
Proxectos de programación musical na Rede Galega de Música ao Vivo

CLAVICÉMBALO

Descrición:
O proxecto serviu para potenciar a programación do Club Clavicémbalo de Lugo con 14 concertos en total, procurando unha maior presenza feminina, e bandas e artistas emerxentes: Mintons (29/07/2022); Nicotine Swing (12/08/2022); Bike Lonesome (13/08/2022); The Lonely Tracks (20/08/2022); Magical Colors (27/08/2022); Radio Zapa (27/08/2022); Ju Yong & Martín Otero (03/02/2023); A dolve vita (17/02/2023); Cuarta xusta (18/02/2023); Brais Morán & Nasafunk (24/03/2023); Maryland (13/04/2023); Andrhrea and The Black Cats (29/04/2023); Leticia Rey Trío (30/04/2023); e Diego Alonso (30/04/2023).

A maiores, o proxecto contemplou tamén a programación complementaria da Rede Galega de Música ao Vivo, con 64 concertos entre 2022 e 2023 (durante o período de vixencia da axuda).

O Club naceu en 1987 como espazo musical onde predominan estilos como o jazz, o blues, o funky, o flamenco ou o rock. O escenario, ademais de intérpretes, tamén acolleu diversas actuacións e artistas: humoristas, contacontos, poetas, actores e actrices, etc.

Tipo de produto
Exhibición musical

Categoría
Concertos de música

Número de concertos
14 (adicionalmente outros 64 na categoría de programación complementaria)

Club Clavicémbalo, S.L.

Rúa Paxariños, 23 (27002 – Lugo)
https://clavicembalo.com
club@clavicembalo.com

CLAVICÉMBALO - Imaxes do proxecto

A ARCA DA NOE

Descrición:
Realizáronse un total de 12 concertos entre 2022 e 2023, contratando bandas de diversos estilos musicais, sempre procurando potenciar o foco nas artistas femininas. Nos concertos participaron Los jinetes del Trópico (30/07/2022); Gin Tonis (13/11/2022); Comando Curuxás (19/11/2022); Mónica de Nut (20/11/2022); Nacho Faia Lar (03/12/2022); Son da Rúa (18/03/2023); Ailá (08/04/2023); Pauliña (05/05/2023); Davide Salvado (21/05/2023); Madalena Gamalho (09/06/2023); e Elephants e Paw (29/07/2023). O público destes concertos superou as 700 persoas (houbo tres concertos ao aire libre, polo que o número é estimado).

Tipo de produto
Exhibición musical

Categoría
Concertos de música

Número de concertos
12

A Arca da Noe é unha sala de concertos que abriu as súas portas en 2014 nunha vila de menos de 1.000 habitantes. Durante ese tempo e ata o ano 2022 organizáronse máis de 100 concertos, dando sempre prioridade ás músicas galegas. En 2016 gañou o premio Martín Códax á mellor sala de concertos, con nomeamentos tamén en 2018 e 2019.

Noemí Vázquez Nogueiras

Rúa do Forno, 13 (32650 – Vilar de Santos)
arcadanoe@gmail.com

A ARCA DA NOE - Imaxes do proxecto

CT302D
Proxectos de programación musical na Rede Galega de Música ao Vivo

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO NA SALA PUB GATOS

Descrición:
O proxecto serviu para potenciar a programación de concertos da Sala pub Gatos, coa organización de 16 concertos repartidos entre 2022 e 2023 dos seguintes grupos e artistas: The Teta´s Van (14/10/2022); Nuada (14/10/2022); ITH (29/10/2022); Los mecánicos (04/11/2022); Solrain (12/11/2022); Diego Castro (25/11/2022); Cuarta xusta (26/11/2022); Zënzar (03/12/2022); Pauliña (27/01/2023); Ukestra do medio (03/02/2023); Broa (11/02/2023); Eladio y los seres queridos (15/04/2023); Cantometrics (21/04/2023); Igloo (12/05/2023); Radio Zapa (20/05/2023); e Barbitúricos (07/07/2023).

Nos 16 concertos participaron un total de 66 artistas e houbo máis de 400 persoas asistentes.

Tipo de produto
Exhibición musical

Categoría
Concertos de música

Número de concertos
16

Fernando Casal Neira

Rúa Galicia, 15 (15800 – Melide)
nanigatos@yahoo.es

Fernando Casal é o propietario do pub Gatos de Melide, un local de música ao vivo con máis de 35 anos de traxectoria, en especial de música rock.

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO NA SALA PUB GATOS - Imaxes do proxecto

CT302D
Proxectos de programación musical na Rede Galega de Música ao Vivo

A POUSADA DA GALIZA IMAXINARIA

Descrición:
O proxecto beneficiario incluíu un calendario de 12 concertos cos obxectivos reforzar o papel de intérpretes e grupos musicais, a promoción e fomento da cultura galega, promover un tecido capitalizado e competitivo e fomentar a creación e comercialización de bens e servizos culturais de calidade. Conseguiuse, ademais, potenciar a imaxe de artistas e bandas e da propia sala.

Os 12 concertos desenvolvidos foron Pablo Lesuit (30/09/2022); Belém Tajes (28/10/2022); Davide Salvado (30/10/2022); Sheila Patricia (04/11/2022); Stormy Trucks (18/11/2022); Maryland (25/11/2022); Nastasia Zurcher (25/03/2023); Pauliña (11/03/2023); Da Trio Narci Rodríguez (02/04/2023); The Rapants (15/04/2023); Sinestesia (29/04/2023); Marcos Teira & Ton Risco (18/07/2023).

Tipo de produto
Exhibición musical

Categoría
Concertos de música

Número de concertos
12

A Pousada da Galiza Imaxinaria

Santamaría Somoza, S.L.

Rúa Pablo Iglesias, 14 (15930 – Boiro)

A Pousada da Galiza Imaxinaria é unha das salas de concerto máis punteiras de Galicia en canto a programación cultural e convocatoria desde a súa apertura, en 1998. Ademais de concertos no seu escenario, polo cal pasaron gran cantidade de artistas, tanto de renome como emerxentes, o local tamén dá visibilidade a outras artes (escultura, pintura, teatro...).

A POUSADA DA GALIZA IMAXINARIA - Imaxes do proxecto

CT302D
Proxectos de programación musical na Rede Galega de Música ao Vivo

BORRIQUITA DE BELÉM - PROXECTO JAZZ & LOVE

Descrición:
O proxecto consistiu na da organización de 12 concertos centrados na música jazz, un xénero de altura técnica que precisa dun esforzo continuado. Neste proxecto en concreto indicouse que a presenza feminina no jazz resulta aínda hoxe en día minoritaria, procurándose de forma activa ampliar a visibilidade nos concertos organizados.

Noar (20/10/2022); Suelen Estar & The Soul Machín (*Satélite Salitre* - 05/11/202); Udra (10/11/2022); David Lojo Quartet (23/11/22); Valentín Caamaño Quartet (30/11/2022); Gabriel Peso Trío (01/12/2022); Trilitrate (15/02/2023); Pablo SanMamed Trío (02/03/2023); Límbico (15/03/2023); Mauricio Caruso-Atravessia presenta a Lidia India (29/03/2023); The Swinging Flamingos (12/04/2023); e Paul Álvarez Project (26/04/2023).

Tipo de produto
Exhibición musical

Categoría
Concertos de música jazz

Número de concertos
12

Borriquita de Belém de Santiago de Compostela abriu a finais da década de 1980, converténdose en referente da música jazz e en estreita relación coas primeiras xeracións do jazz galego, ofrecendo o seu espazo de exhibición e na formación de públicos.

Eustaquio González Rodríguez

Carreiro Estación, 18 (15866 – Teo)

BORRIQUITA DE BELÉM - PROXECTO JAZZ & LOVE - Imaxes do proxecto

CT302D
Proxectos de programación musical na Rede Galega de Música ao Vivo

PROGRAMACIÓN MUSICAL SALA KRAZZY KRAY

Descrición:
O proxecto serviu para desenvolver un total de 20 concertos no período entre outubro de 2022 e setembro de 2023 con case 1.000 persoas asistentes. Os grupos e artistas que participaron foron:

Peña (23/10/2022); Caamaño & Ameixeiras (06/11/2022); Fuzzo (19/11/2022); Momboi (20/11/2022); La Montagne & Pico Amperio (03/12/2022); Tomás Porteiro (05/12/2022); Belém Tajes (06/12/2022); Cró! (08/12/2022); Martelo (09/12/2022); Catuxa Salóm (10/12/2022); The Rapants (05/02/2023); Mounqup (26/02/2023); Sinestesia (05/03/2023); Moura (31/03/2023); Igmig (06/04/2023); Ju Young & Martín Otero (16/04/2023); MJ Pérez Dúo (23/04/2023); Su Garrido Pombo (07/05/2023); Sanny (21/05/2023); e Rheia Gorecki (28/09/2023).

Tipo de produto
Exhibición musical

Categoría
Concertos de música

Número de concertos
20

Fonosaurios, S.L.

Rúa do Albariño, 2 (36630 – Cambados)
https://fonosaurios.com

Selo discográfico que desenvolve gravacións, programación de concertos, produción musical e labores de xestión cultural. Tamén é responsable da sala Krazzy Kray, aberta en 2018.

PROGRAMACIÓN MUSICAL SALA KRAZZY KRAY - Imaxes do proxecto

CT302D
Proxectos de programación musical na Rede Galega de Música ao Vivo

LA FÁBRICA DE CHOCOLATE CLUB

Descrición:
O proxecto serviu para desenvolver un total de 16 concertos no período entre outubro de 2022 e xuño de 2023. Os grupos e artistas que participaron foron:

Maryland (02/10/2022); Su Garrido Pombo (12/11/2022); Mr. River (02/12/2022); French Riviera´s (02/12/2022); Vatapá Quinteto (03/12/2022); Spanish Castle Magic (09/12/2022); Maryland (03/02/2023); Los jinetes del Trópico (11/02/2023); Rodrigo Ramos (24/03/2023); Igloo (31/03/2023); Belém Tajes (04/05/2023); Cora Velasco (05/05/2023); French Riviera's (26/05/2023); Faltriqueira (02/06/2023); Sanny (03/06/2023); e Cuarta xusta (10/06/2023).

Tipo de produto
Exhibición

Categoría
Concertos de música

Número de concertos
16

LAFÁBRICA DECHOCOLATE CLUB

La sonrisa de Vigo, S.L.

Praza Rogelio Abalde, 22 (36201 – Vigo)
https://fabricadechocolateclub.com
fabricadechocolateclub@gmail.com

La Fábrica de Chocolate é un referente a nivel nacional desde 2005, cun listado de grandes artistas internacionais visitando frecuentemente a comunidade. Coa súa programación intensiva, tamén acolle artistas emerxentes, adaptando a súa oferta ás necesidades do público.

LA FÁBRICA DE CHOCOLATE CLUB - Imaxes do proxecto

CT302D
Proxectos de programación musical na Rede Galega de Música ao Vivo

CASA DAS CRECHAS – CICLO MUSICAL DA DIVERSIDADE 2022/2023

Descrición:
Para o proxecto presentouse un ciclo musical da diversidade repartidos en dúas partes (de outubro a decembro de 2022 e de febreiro a marzo de 2023). A intención é darlle voz a grupos locais e emerxentes e tamén veteranos con presenza feminina de artistas e dirixido a un público heteroxéneo.

Os 12 concertos organizados foron os de David Regueiro Trío (20/10/2022); TaTo Trío (03/11/2022); Mallou (10/11/2022); Sheila Patricia (17/11/2022); Sumrrá (20/11/2022); Catuxa Salóm (08/12/2022); La Montagne & Pico Amperio (19/01/2023); Sumrrá (29/01/2023); Ailá (16/02/2023); Abril (16/03/2023); David Regueiro convida a Román Vuillemin (23/03/2023); e Madalena Gamalho (30/03/2023).

Tipo de produto
Exhibición musical

Categoría
Concertos de música

Número de concertos
12

Casa das Crechas, S.L.

Rúa Vía Sacra, 3 (15704 – Santiago de Compostela)

A Casa das Crechas é un pub histórico na zona vella de Compostela que abriu as súas portas a finais da década de 1980. A súa programación aposta pola diversidade, programando concertos tanto de artistas locais como internacionais, ademais de promover residencias artísticas semanais.

CASA DAS CRECHAS – CICLO MUSICAL DA DIVERSIDADE 2022/2023 - Imaxes do proxecto

CT302D
Proxectos de programación musical na Rede Galega de Música ao Vivo

PROGRAMACIÓN RGMV 22-23 – AURIENSE CAFÉ CULTURAL

Descrición:
O proxecto potenciou a programación do Café Cultural Auriense dando prioridade ás bandas galegas, con preferencia de presenza de mulleres, organizando un total de 12 concertos entre outubro de 2022 e setembro de 2023 e case 500 persoas de público. Salientouse a importancia da presenza do espazo cultural dentro da Rede Galega de Música ao Vivo, coa capacidade de dar visibilidade e poñer en valor as artistas de Galicia.

Os concertos organizados foron: The Teta´s Van (29/10/2022); Eladio y los seres queridos (04/11/2022); La Montagne & Pico Amperio (19/11/2022); Habelas hainas (02/12/2022); Diana Tarín Band (05/12/2022); ITH (09/12/2022); Pauliña (10/02/2023); Sondarúa (11/02/2023); Catuxa Salóm (11/03/2023); Reviravoltas. Cinco sentidos (16/04/2023); Tandub (21/04/2023); e Nacho Faia Lar (25/04/2023).

Tipo de produto
Exhibición musical

Categoría
Concertos de música

Número de concertos
12

AURIENSE café cultural
Praza do correxedor 11
tlf.: 988 22 25 36
ourense

Taboada y Paz, S.C.

Praza do Correxedor, 11 (32005 – Ourense)
http://cafeauriense.gal/
auriense@gmail.com

O Café Cultural Auriense é o nome comercial da sala pertencente á entidade xurídica Taboada e Paz, S.C. Abriu as súas portas no ano 2000 e combina actividades culturais diferentes: música ao vivo, exposicións de pintura ou fotografía, lugar de venda de arte, actividades literarias, etc.

PROGRAMACIÓN RGMV 22-23 – AURIENSE CAFÉ CULTURAL - Imaxes do proxecto

11 de Marzo 2023 ás 21:00 h.
Bilhete: 8 €

auriensecafecultural
#vintenoauriense
AURIENSE café cultural ourense
Praza do Correxedor, 11 - OURENSE
www.cafeauriense.gal
XUNTA DE GALICIA
Unión Europea
Xacobeo 21-22
clubtura
Operación financiada pola Unión Europea, a través do FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19

25 de Abril 2023 ás 21:00 h.
Bilhete: 8 €

auriensecafecultural
#vintenoauriense
Praza do Correxedor, 11 - OURENSE
www.cafeauriense.gal

10 de Febreiro 2023
ás 21:00 h. - Bilhete: 8 €

auriensecafecultural
#vintenoauriense
AURIENSE café cultural ourense
Praza do Correxedor, 11 - OURENSE
www.cafeauriense.gal
XUNTA DE GALICIA
Unión Europea
Xacobeo 21-22
clubtura
Operación financiada pola Unión Europea, a través do FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

INVESTIMENTO EN EQUIPAMENTO PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS DE PRIMEIRA CATEGORÍA

Descrición:
Entre os elementos adquiridos figuraron equipos informáticos e programas para a xestión de contidos para eventos, combinadores, transmisores sen fíos, monitor táctil, conexións de cables ou sistemas de micrófonos (cos aparellos e distintos accesorios e equipamento adicional como receptores, soportes, etc.). O obxectivo principal foi a produción e realización de eventos como a xira das Tanxugueiras.

Tipo de produto

Dotación de equipamento de son

Categoría

Produción escénica; aluguer de maquinaria

Global Setup, S.L.

Lugar do Ceo, 4 (36847 - Fornelos de Montes)
https://global-setup.com/
global-setup@global-setup.com

Global Setup, S.L. leva desde o ano 2015 alugando material de son e iluminación para grandes eventos, apostando polo material de primeiras marcas. A empresa cobre esixencias de eventos de primeira categoría como O Son do Camiño, Portamérica, Festival da Luz ou a xira das Tanxugueiras.

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

ACONDICIONAMENTO DE INSTALACIÓNS COMO ESCENARIO DE PRODUCIÓN AUDIOVISUAL

Descrición:
Coa finalidade de aumentar a competitividade da empresa no sector, Tex 45 Producións solicitou unha axuda para realizar melloras de eficiencia enerxética e climatización, ademais de adaptación do escenario para mellorar o sistema de iluminación e reducir o nivel de ruído e as emisións acústicas. Tamén se adquiriu material para a colocación en altura, como unha tesoira eléctrica de 10 metros.

Os obxectivos foron:

- Transformación do edificio que alberga o escenario para convertelo nun escenario de televisión moderno e de última xeración.
- Adecuación técnica do espazo para transmisións de producións audiovisuais de alta calidade e profesionais.

A empresa é unha produtora audiovisual con ampla experiencia no sector que desenvolve proxectos propios, así como tamén servizos de produción de escenario nos máis de 4.500 metros cadrados de instalacións que posúe (produción para televisión, factoría de contidos, servizos para o audiovisual, etc.).

Tipo de produto

Escenario de produción audiovisual

Categoría

Produción e realización audiovisual

Tex 45 Producións, S.L.

Rúa do muíño, 34 (15680 – Ordes)
https://tex45.es/
info@tex45.es

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

TRANSFORMACIÓN E INNOVACIÓN DIXITAL ABANO

Descrición:
A axuda para a dotación de equipamentos e activos traduciuse para Abano Producións nunha transformación dixital e tecnolóxica desde unha visión adaptada ás prioridades actuais do audiovisual. Ademais, procurouse dar unha solución ás necesidades procedentes dos diferentes procesos dunha produción cinematográfica, mellorando a capacidade produtiva do equipo. Entre outros, investiuse en material de rodaxe e estacións de edición, renovación de equipos informáticos e actualización diversos programas de xestión de produción e animación.

Tipo de produto

Equipamento de produción audiovisual para animación

Categoría

Produción audiovisual

Abano Producións, S.L.

Urbanización Pena Grande, 2 (15590 – Ferrol)
https://abano.es
info@abano.es

Abano Producións é unha empresa dedicada á produción audiovisual e especialmente á produción de animación, con máis de 300 premios internacionais, dous premios Goya, un premio Gaudí, nove Mestre Mateo, etc.

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

MODERNIZACIÓN DAS ESTRUTURAS DE XESTIÓN DA COMPAÑÍA PARA FAVORECER A SÚA COMPETITIVIDADE

Descrición:
A axuda permitiulle á entidade proceder á modernización do seu equipo de iluminación, imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade escénica. En concreto, adquiriuse diverso equipo informático, xunto con programas de deseño, e un amplo equipo de iluminación para as actuacións da entidade, con accesorios, mesa de mesturas e outro equipo de control.

Tipo de produto

Equipamento de iluminación

Categoría

Produción escénica

Tanxarina, S.L.

Rúa Eidos, 51 (36800 - Redondela)
https://www.tanxarina.es
tanxarina@tanxarina.es

Fundada en 1983, a compañía converteuse nun referente destacado do teatro de marionetas galego. Especializada na produción de espectáculos para público infantil, xuvenil e familiar, destaca pola combinación de diversas técnicas de animación de monecos e traballo con actores. Desde o ano 2000, os actores-manipuladores tamén participan en montaxes teatrais e producións audiovisuais, e imparten cursos de construción e manipulación de marionetas, contribuíndo á formación no ámbito cultural.

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

INNOVACIÓN DO PROCESO PRODUTIVO

Descrición:
Para esta subvención, presentouse un proxecto para o investimento en equipos dirixido á implantación de tecnoloxía baseada en sinais de vídeo a 1080 50p, e son acorde á normativa europea e esixida no nivel nacional R128, que permite a consecución de novos proxectos e poder presentarse no mercado nacional como unha empresa competitiva tanto tecnolóxica como operativamente.

Este cambio de tecnoloxía de captación baseouse en tres liñas:

- Captación de imaxe. Dous tipos de cámara de captación de imaxe real en exteriores e en escenario, así como imaxe creada a partir de integración, co fin de abordar proxectos e formatos diferentes (televisión, ficción, animación e videoxogos). Tamén se investiu en elementos de soporte de cámara e de gravación de imaxe e son (trípodes, guindastre, sistema LTO, etc.).
- Movemento de información entre departamentos da empresa, e seguridade externa e interna, mediante o investimento nun *switch* e nun *firewall* de rede, así como accesorios de conexión.
- Arquivo e seguridade da media. Investimento en procesos de almacenado de imaxes facilmente localizables sen problemas de deterioración.

Ficción Producciones nace en 2003 como empresa dedicada á produción audiovisual de contidos de ficción e animación para o mercado nacional e internacional. Está constituída por un equipo humano e creativo con formación empresarial. Nos seus máis de 20 anos de existencia, conseguiu un constante crecemento e colocación no sector. Ademais de contidos de ficción, nos últimos anos está dedicando unha parte do seu esforzo na animación.

Tipo de produto

Dotación de equipamento para rodaxe e almacenamento

Categoría

Produción audiovisual

ficciō-n

Ficción Producciones, S.L.

Rúa das Hedras, 41, Polígono Novo Milladorio (15895 – Ames)
http://ficcion-producciones.com/
comunicacion@ficcion-producciones.com

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

ESCENA DIXITAL 23

Descrición:
O proxecto tivo por obxectivo a adquisición unha pantalla LED de 15 metros cadrados (5 metros de base e tres de altura) resistente a diferentes condicións climáticas e de iluminación, co fin de responder ás necesidades actuais nas artes escénicas, onde se incorporan materiais audiovisuais, especialmente en programacións para a infancia e xuventude ao aire libre. Xunto coa pantalla, tamén se adquiriu un sistema de control multicanle e sistemas de ancoraxe para a montaxe da pantalla.

O custo do aluguer puntual deste equipamento é elevado, limitando a inclusión eficiente de elementos audiovisuais en espectáculos e programacións. A adquisición beneficia a máis de 20 compañías e artistas, así como ás producións escénicas e audiovisuais da cooperativa, promovendo a innovación no sector en Galicia e facilitando sinerxías.

Tipo de produto
Adquisición de equipamento de exhibición (pantalla led)

Categoría
Produción escénica e audiovisual

urdime

Urdime, Soc. Coop. Galega

Avda. de Galicia, 83 (15185 – Cerceda)
www.urdime.net
info@urdime.net

Urdime nace en 2012 froito da unión e da colaboración de diversos artistas e profesionais da xestión cultural a partir de catro fíos básicos: a acción cultural, coa formulación de propostas culturais adaptadas; a asesoría cultural a entidades públicas e privadas; a comunicación das actividades e compañías; e a distribución e representación de varios proxectos e compañías de artes escénicas.

ESCENA DIXITAL 23 - Imaxes do proxecto



CT207N
Dotación de equipamentos e activos

ADQUISICIÓN DE NOVOS EQUIPOS DE SON



Descrición:
Este investimento en equipo de son supuxo para a empresa un salto cara a unha mellora na competitividade dentro do propio mercado, aumentando as competencias e esixencias por parte dos e das artistas a quen se lles prestan os servizos da empresa. En concreto, adquiriuse un recinto acústico en liña de longo alcance (*Line-Array*) da marca L-Acoustics, modelo Kara II, utilizado en concertos e en eventos ao vivo.

Tipo de produto

Dotación de equipamento de son

Categoría

Produción escénica; aluguer de maquinaria

Igmar Servicios Acústicos, S.L.

Polígono Industrial do Colo – Parcela D5/B
(15500 - Fene)
https://igmarserviciosacusticos.com
igmar@telefonica.net

Igmar Servicios Acústicos, S.L. fórmase no ano 2001 para cubrir todo tipo de servizos audiovisuais: concertos, conferencias, congresos, roldas de prensa, iluminación de espazos, etc. Nos últimos anos realizou traballos como o Festival Interfolk, FeneRock, Festas do Concello de Ferrol, Festas de Monforte de Lemos, Festival TreceRoeis, etc.

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

ACTUALIZACIÓN E MELLORA DE EQUIPACIÓN PARA NOVOS FORMATOS DE SON INMERSIVO

Descrición:
O proxecto buscou mellorar a produción de son en diferentes aspectos, desde a captación ata a posprodución. Na captación, o investimento en equipo serviu para actualizar a instalación de micrófonos, sistemas de gravación e sistemas sen fíos para capturar fontes sonoras con maior precisión e calidade. Na posprodución, a sala de mesturas foi actualizada, permitindo traballar con todas as canles precisas. Tamén se actualizou o servidor de datos para cubrir as necesidades de capacidade e velocidade na distribución de materiais. Estas melloras tiveron por obxectivo facer máis competitivo o estudio de son para traballar con formatos innovadores e diversas plataformas de difusión, sen ter que externalizar parte do proceso fóra de Galicia.

Tipo de produto

Adquisición de equipamento de son

Categoría

Produción e posprodución audiovisual

LA PANIFICADORA
ESTUDIOS

David Machado Domínguez

Campo de Santo Antonio, 10
(15703 – Santiago de Compostela)
www.lapanificadora.com
machado@lapanificadora.com

La Panificadora Estudios é un estudio de captación e posprodución de son de referencia a nivel nacional e internacional desde 2004. Traballa en son para cine e televisión, así como para servizos de plataformas como Netflix e HBO. Colaborou tamén con produtoras galegas e internacionais, recibindo recoñecementos como un Goya e diversos premios en Cannes. Actualmente participan en proxectos para A3Media, Amazon ou HBO.

ACTUALIZACIÓN E MELLORA DE EQUIPACIÓN PARA NOVOS FORMATOS DE SON INMERSIVO - Imaxes do proxecto



CT207N
Dotación de equipamentos e activos

ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO E OUTROS ACTIVOS FIXOS MATERIAIS

Descrición:
A empresa realizou adquisición dun equipo en liña de longo alcance (*Line-Array*) de nova xeración, en concreto VERA20, para aumentar a calidade das prestacións e servizos ás persoas e empresas clientas, así como de mellorar a competitividade no sector.

Tipo de produto

Dotación de equipamento de son

Categoría

Produción escénica; aluguer de maquinaria

A.S. A-Son, S.L.

Rúa López Guntín, 5 (27004 - Lugo)
asasonslu@gmail.com

A.S. A-Son, S.L. é unha empresa dedicada ao sector de son profesional, asistindo en técnica para producións de eventos e concertos.

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

ADQUISICIÓN DE NOVO EQUIPAMENTO SONORO

Descrición:
Coa finalidade de aumentar a competitividade da empresa no sector, a empresa renovou o seu equipamento de tecnoloxía sonora para o desenvolvemento de proxectos. En concreto, a meirande parte da axuda foi destinada á adquisición de equipamentos sonoros (sistema L-Acoustics Serie K3).

Obxectivos:

- Actualización tecnolóxica para cubrir as novas demandas dos clientes.
- Situarse de forma vantaxosa dentro do sector.
- Alcance de novos mercados (grandes espectáculos) no ámbito nacional e internacional.
- Creación de emprego profesional e de calidade mediante contratacións de persoal técnico na empresa.
- Mellora enerxética coa adquisición de novos equipos máis eficientes, sostibles e manexables, incluíndo unha redución de tempo de montaxe.

Tipo de produto

Dotación de equipamentos de son

Categoría

Produción escénica

Kachet Loxística, S.A.

Vía Edison, 19E (15890 – Santiago de Compostela)
https://kachet.net/
kachet@kachet.net

Kachet Loxística realiza actividades e labores loxísticas relacionadas co audiovisual para as artes escénicas e musicais, a danza, a imaxe e a comunicación pública. Desenvolve desde 1993 proxectos técnicos para eventos culturais, concertos, exposicións, feiras, congresos, etc.

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

ACTUALIZACIÓN DE EQUIPOS DE GRAVACIÓN E SON

Descrición:
Co obxectivo de crecemento a curto prazo da empresa e de mellorar a súa competitividade, detectouse como principal necesidade a realización de vídeos de pequeno formato no sector cultural, implantando a gravación en 4K e a iluminación led nos seus equipos de gravación.

Para cubrir esta necesidade, a empresa adquiriu dúas cámaras Sony, un monitor externo, catro obxectivos, tres focos led e accesorios, ordenadores portátiles, un monitor e unha gravadora de son. A finalidade foi mellorar a mobilidade e o teletraballo, ampliar a oferta de servizos e ter unha menor dependencia empresarial, ao tempo que se diminuíu a pegada ecolóxica.

Tipo de produto

Adquisición de equipamento de imaxe, iluminación e son

Categoría

Produción audiovisual

miramemira

Miramemira, S.L.

Rúa do Home Santo, 45
(15703 – Santiago de Compostela)
www.miramemira.com
info@miramemira.com

Miramemira é unha produtora de cinema e vídeo que nace en 2006 como un estudio de imaxe e comunicación formada por un grupo de profesionais que proveñen de áreas diversas como o audiovisual, a xestión cultural, o deseño gráfico e a arte. Colabora con diversas entidades públicas e privadas en proxectos diversos que comprenden desde longametraxes cinematográficas, documentais de ficción, eventos culturais, vídeos de promocións, campañas de acción cultural, etc.

ACTUALIZACIÓN DE EQUIPOS DE GRAVACIÓN E SON - Imaxes do proxecto



CT207N
Dotación de equipamentos e activos

PLANCTO ESTUDIO DE XAS FILMS

Descrición:
O proxecto serviu para transformar unha oficina situada en Moaña nunha completa sala de edición cinematográfica con capacidades para a posprodución e etalonaxe de primeiro nivel, coa posibilidade de realizar traballo a través de *streaming*. Adquiriuse equipo informático composto por ordenadores, monitores e accesorios, e periféricos, así como un proxector, un panel de control, e un acondicionamento acústico do espazo de traballo con mobiliario e equipamento de son.

Tipo de produto

Dotación de equipos para estudio

Categoría

Produción e posprodución audiovisual

Alfonso Vázquez Cortizo

Rúa Doutor Marañón, 6 (36211 – Vigo)
https://xasfilms.com
fon@xasfilms.com

Alfonso Cortizo é o profesional responsable de Xas Films, unha produtora independente aberta ao mundo que busca traballar en novos camiños e traspasar fronteiras.

PLANCTO ESTUDO DE XAS FILMS -

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

EQUIPAMENTO DE SON E ILUMINACIÓN

Descrición:
O proxecto tivo por obxectivo dotar a empresa de equipamentos de son e iluminación, así como dos complementos e accesorios necesarios, coa finalidade de non ter que depender doutras institucións ou empresas. Esta adquisición contribuíu ao abaratamento de custos de produción de eventos da empresa que, ademais, supoñen un menor gasto enerxético.

Tipo de produto

Dotación de equipos de iluminación e son

Categoría

Produción escénica

Game Over Productions, S.L.

Rúa Picarolas, 2 (27700 – Ribadeo)

Game Over Productions é unha empresa dedicada á produción, organización e promoción de eventos de música e artes escénicas. Naceu en 2014 e desenvolve o seu labor en Galicia e Asturias, con organizacións propias e coordinación de eventos alleos.

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

NOVO EQUIPAMENTO EN MIRAVEO PARA GAÑAR COMPETITIVIDADE

Descrición:
Miraveo procurou con este proxecto mellorar de xeito significativo os seus servizos mediante a adquisición de diverso equipamento para aumentar a competitividade do seu modelo de negocio. O equipamento adquirido consistiu nun proxector de alta gama e unha pantalla modular para interiores de 30 metros cadrados.

Tipo de produto

Equipamento de exhibición audiovisual

Categoría

Produción audiovisual; aluguer de equipamento

Fundada en 2018 como axencia de comunicación dixital, Miraveo ofrece xestión e produción de proxectos de comunicación, márketing e contido audiovisual grazas a un equipo profesional especializado en diversos formatos audiovisuais, desde programas en directo a eventos de grande envergadura. A empresa desenvolve tamén contidos publicitarios e eventos para clientes galegos e nacionais, traballando en colaboración con axencias publicitarias, e conta con medios técnicos propios para asegurar estándares profesionais elevados.

Miraveo Assets, S.L.

Rúa Copérnico, 6 (15008 – A Coruña)
https://www.miraveo.es/
info@miraveo.es

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS E ACTIVOS

Descrición:
Co fin de facer fronte aos retos da retransmisión en unidade móbil, tras a construción dun remolque de maior tamaño, o proxecto proposto incluíu a adquisición de novo material de filmación audiovisual e de retransmisións, como cámaras de fotografía e vídeo, monitores, lentes, trípodes, visores, etc.

Tipo de produto

Dotación de equipos de filmación

Categoría

Produción audiovisual

A empresa nace en 2005 como unha tenda de fotografía situada en Touro. De expansión rápida, pronto comezou a traballar co vídeo corporativo e industrial, co conseguinte aumento de material e equipamento, creándose o nome comercial Imaxenium. A partir de 2017, coa construción dunha unidade móbil, a oferta produtiva aumentou con retrasmisións, especialmente deportivas e de televisión.

Casa do Retrato, S.L.

Rúa Obispo Diego Reboredo, 5 (15822 – Touro)
https://acasadoretrato.es
info@imaxenium.com

DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS



CT207N
Dotación de equipamentos e activos

CREACIÓN DE CONTIDOS DE REALIDADE VIRTUAL ORIENTADOS AO ENTRETEMENTO E CON OBXECTIVOS TERAPÉUTICOS

Descrición:
O proxecto tivo como finalidade fortalecer a posición da empresa no ámbito tecnolóxico e innovador mediante a incorporación de equipamento para a creación de contidos de Realidade Virtual (RV) cun enfoque humanista. O obxectivo foi o de xerar proxectos de calidade, destacando pola súa eficiencia enerxética e técnica. A liña empresarial buscou que os contidos fosen independentes e integrados en experiencias sociais. Con este material, a empresa proxecta desenvolver experiencias inmersivas para fomentar a empatía coas emocións alleas. Ademais, explora a aplicación terapéutica da RV para contribuír á ciencia e á medicina. A empresa colabora con expertos, como David Glowacki, buscando sinerxías no sector tecnolóxico.

O material adquirido foi o seguinte: unha ampliación do espazo para o servidor NAS, distintas cámaras e obxectivos, lentes de realidade virtual, equipamento adicional (estabilizador, gravador de vídeo, trípode, etc.) e un ordenador potente para a produción audiovisual.

Tamboura Films, creada en 2017, é unha produtora audiovisual especializada en contidos orixinais para cine e televisión, destacando na produción de documentais que reflicten identidade e memoria. Consolidouse colaborando coa TVG. Con interese na coprodución, a empresa amplía a súa actividade, consolidando tanto unha posición nacional como internacional.

Tipo de produto

Dotación de equipamento de realidade virtual e almacenamento

Categoría

Produción audiovisual e multimedia

Tamboura Films, S.L.

Rúa San Roque, 24
(15705 – Santiago de Compostela)
https://tambourafilms.com
info@tambourafilms.com

CREACIÓN DE CONTIDOS DE REALIDADE VIRTUAL ORIENTADOS AO ENTRETEMENTO E CON OBXECTIVOS TERAPÉUTICOS - Imaxes do proxecto

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

CULTURAENVIVO. PROXECTO PARA A XESTIÓN INTEGRAL DOS EVENTOS CULTURAIS PROMOVENDO A DIXITALIZACIÓN

Descrición:
CulturaENVIVO é un sistema integral para eventos culturais, presenciais, en liña ou duais. Ofrece produción técnica, comunicación e planificación dual para satisfacer as necesidades en ambos os dous formatos. A plataforma web permite a cada evento ter o seu propio espazo personalizable, con contido audiovisual pregravado, *streaming* e VoD (vídeo baixo demanda). O escenario móbil facilita entrevistas e contido extra, mentres que a realización en multicámara posibilita *streaming* en directo, sumado a unha iluminación led eficiente e polivalente. Promove a creación e difusión de contidos culturais dixitais, co obxectivo de facilitar o acceso legal e crear unha marca de apoio á cultura. O proxecto tamén busca flexibilidade, mellora da experiencia de usuario e actualización dos sistemas de realización para democratizar, equiparar e facer sostible a difusión de eventos culturais. O público pode atopar información doutros eventos na plataforma, converténdoa nunha fonte de información e seguidores. Adquiríronse pantallas, lentes de realidade virtual, cámaras de estudio, equipos de realización, sistemas de almacenaxe e telefonía, ordenadores, proxectores e accesorios diversos.

Chiripa é unha produtora multidisciplinar constituída en 2011 que traballa tanto no ámbito da produción audiovisual como no das artes escénicas. Abarca o proceso completo da produción audiovisual, desde a idea orixinal ata a entrega do produto final, pasando polo desenvolvemento do proxecto, preprodución, gravación, edición e posprodución. Ademais, realizan o seu labor profesional en estreita relación con outras entidades culturais públicas e privadas do sector.

Tipo de produto

Aplicación de xestión de eventos culturais e adquisición de equipamento

Categoría

Produción escénica; aluguer de servizos e equipamentos

Chiripa Producións, S.L.U.

Rúa dos Forniños, s/n
(15703 – Santiago de Compostela)
https://chiripa.es
correo@chiripa.es

CULTURAENVIVO. PROXECTO PARA A XESTIÓN INTEGRAL DOS EVENTOS CULTURAIS PROMOVENDO A DIXITALIZACIÓN - Imaxes do proxecto



CT207N
Dotación de equipamentos e activos

AMPLIACIÓN DE EQUIPAMENTO E INFRAESTRUTURA DE GAITA FILMES E GAITA FILMES ESTUDIO

Descrición:
O proxecto presentado consistiu na renovación e ampliación de equipamentos tanto nas oficinas de Meira coma no estudio de Gaita Filmes na Ribeira de Piquín. Nos primeiros espazos investiuse en novos equipos informáticos e periféricos de almacenamento, así como na adecuación dos lugares de posprodución. No segundo espazo ampliáronse as infraestruturas do estudio de edición cinematográfica situada nunha aldea de 5 habitantes, rehabilitando un palleiro tradicional e dotándoo de equipamento para produción audiovisual. Con este cambio potenciouse a operatividade dos espazos de produción para poder atraer clientela de maior envergadura e promovendo, á súa vez, unha relación entre diferentes organismos do ámbito cinematográfico con outros entes creativos vinculados ao rural galego.

Tipo de produto

Dotación de equipamento informático e infraestruturas

Categoría

Produción e posprodución audiovisual

Produtora cinematográfica fundada en 2013 en Meira, especializada na produción audiovisual de curtametraxes e longametraxes, así como tamén documentais. Por outra banda, ademais de actividades de realización, Gaita Filmes compaxinou a actividade coa produción de anuncios publicitarios e vídeos de promoción, así como obradoiros de cine e organización de eventos, con especial atención ao rural galego, sen deixar de lado a súa proxección internacional.

Gaitafilmes, S.L.

Avda. de Lugo, 23-25 (27240 – Meira)
https://gaitafilmes.com
produccion@gaitafilmes.com

AMPLIACIÓN DE EQUIPAMENTO E INFRAESTRUTURA DE GAITA FILMES E GAITA FILMES ESTUDIO - Imaxes do proxecto

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

INVESTIMENTO PARA A INNOVACIÓN E MELLORA DA PRODUTIVIDADE, EFICIENCIA E SOSTIBILIDADE AMBIENTAL DE "A CASA VELLA"

Descrición:
O proxecto tivo como obxectivo a adquisición en equipamento audiovisual e tecnolóxico para adaptar unha sala interior, chamada "Patio", para actividades audiovisuais e *streaming*. O equipamento incluíu proxección e son de alta calidade, cámara de *streaming*, equipo fotográfico profesional, sistema de son e iluminación, e equipamento informático. A instalación requiriu tamén traballos de obra civil. Estas accións buscaron diversificar a oferta de servizos e garantir a sostibilidade ambiental do espazo cultural A Casa Vella.

Tipo de produto

Equipamento audiovisual e infraestrutura escénica

Categoría

Produción e exhibición escénica

A Casa Vella é un proxecto empresarial que fusiona danza, arte, natureza e rural vivo. Localizada en Amiadoso (Allariz), a casa de labranza rehabilitada serve como espazo cultural e social desde 2016, desenvolvendo actividades para o envellecemento activo, residencias artísticas, representacións, obradoiros e eventos de colaboración, accións de mentoría, etc. Tamén acolle actividades externas con festivais (Rede Aldear, ABANEA, etc.). A súa finalidade é a diversidade cultural, o acceso universal a través da creación artística, potenciar a igualdade de xénero e a sostibilidade ambiental.

Nuria Sotelo Rodríguez (A Casa Vella)

Lugar Amiadoso, 65 (32665 – Allariz)
https://acasavella.gal
info@acasavella.gal

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

ESCENARIO VIRTUAL DE STOP MOTION (STAGECRAFT)

Descrición:
O obxectivo deste proxecto foi o de construír en Galicia un primeiro escenario para *stop motion* que usa a técnica Stagecraft Unreal, desenvolvida inicialmente por Industrial Light and Magic de Lucasfilm. Esta técnica supón un aforro en materiais e tempo de produción, xa que a súa elaboración é completamente dixital. Tamén permite limitar a xeración de residuos contaminantes e converterse nun referente a nivel europeo como impulso para atraer producións doutros países.
O proxecto consistiu na adquisición dun completo sistema de escenario virtual para a rodaxe coa técnica de animación de *stop motion*, con utilización de pantallas led, sistemas de realidade virtual integrados e cámaras e programas de control e sincronización para a técnica de animación fotograma a fotograma. En concreto, adquiriuse:

- Sistema de leds e controladores de cor.
- Sistema de control do movemento.
- Base de pedestal e mesas de animación.
- Cámaras especiais e ópticas para a animación en *stop motion*.
- Unidade central de almacenamento para gardar e centralizar as capturas de imaxes e dos escenarios xerados en 3D.

Para a implantación deste escenario con estas novas tecnoloxías, contratáronse varios perfís profesionais (un desenvolvedor de software, un enxeñeiro industrial, un matemático, un deseñador ou animador 3D, un eléctrico, etc.).

A empresa, fundada en 2018, ofrece servizos na produción, exhibición e distribución de espectáculos teatrais, cinematográficos e televisivos, así como na comercialización audiovisual. Xosé Zapata é un profesional do sector, especializado en animación, e gañador de máis de 400 premios nacionais e internacionais.

Tipo de produto

Infraestrutura de rodaxe

Categoría

Produción audiovisual

Viva Zapata & Villar, S.L.

Lugar Igrexa (A Torre), 1
(15819 - Arzúa)

ESCENARIO VIRTUAL DE STOP MOTION (STAGECRAFT) - Imaxes do proxecto



CT207N
Dotación de equipamentos e activos

PROXECTO DE DIXITALIZACIÓN DE EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO INTEGRAL

Descrición:
O proxecto tivo como obxectivo aumentar a capacidade competitiva da empresa e a creación de novos postos de traballo baseados no coñecemento, integrando á totalidade da cadea de valor da industria audiovisual. A dotación tecnolóxica seguiu estes puntos clave:

- Cadea de cámaras. Adquisición de sistemas multiformato de transporte de sinal, con cadeas de cámaras.
- Servidor de almacenamento de vídeo de alto rendemento para fluxos de traballo de colaboración con arquitectura flexible e escalable.
- Servidores especializados NAS de almacenamento conectado a unha rede, especialmente para unidades móbiles,
- Estacións de traballo de altas prestacións para traballo técnico.
- Sistemas de intercomunicación.

Setemedia, con máis de vinte anos de traxectoria na industria audiovisual galega, destácase como pioneira na retransmisión satélite e integración de unidades móbiles de realización audiovisual. Provedora para Televisión de Galicia e canles nacionais, é líder en equipos de gravación ENG para espazos informativos e socioculturais. Presta servizos a grandes e pequenas empresas do sector e colabora tamén con entidades públicas e privadas. O catálogo de servizos inclúe realización e produción de formatos de TV, retransmisións deportivas, cobertura informativa, solucións audiovisuais para empresas, realización de concertos, servizos para televisións locais e asistencia técnica para documentais.

Tipo de produto

Adquisición de equipamento audiovisual e de almacenamento

Categoría

Produción audiovisual

setemedia

Producciones Audiovisuales Sete Media, S.L.

Rúa das Hedras (Polígono Industrial Novo Milladoiro), Nave 104-C (15895 - Ames)
https://www.setemedia.com
produccion@setemedia.com

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

COMPETITIVIDADE NO SECTOR CULTURAL GALEGO

Descrición:
O proxecto consistiu na adquisición de dúas máquinas de impresión de alta capacidade: unha impresora de calidade en rapidez, opcións impresión sobre materiais, superficies de impresión e xestión sostible de tintas (Printbox Versa 60), e unha prensa téxtil para aumentar a capacidade comercial, enfocado á venda de produtos téxtiles con capacidade de personalización.
Con este proxecto, a empresa tivo por obxectivo a mellora en todos os aspectos organizativos e de desenvolvemento da empresa, así como unha ampliación de servizos para os potenciais clientes, aumentando a súa competitividade no sector.

Tipo de produto

Adquisición de equipos de impresión

Categoría

Artes gráficas

A empresa comeza a súa andaina en 2001 vinculada ao sector cultural, desenvolvendo tarefas de edición, impresión deseño e maquetaxe, encadernación, etc. Conta cun amplo número de libros publicados en temáticas como a novela, o álbum ilustrado, a poesía, o teatro ou a música. Desenvolveu actos de promoción en moitos concellos de Galicia, así como a organización de eventos de publicación de libros para empresas e institucións.

Técnicas & Gramaxe, S.L. (Edicións Fervenza)

Rúa Santa Olaia, 18 (36540 – Silleda)
tecgrama@gmail.com

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

EQUIPAMENTOS ZEITUN FILMS

Descrición:
Con este proxecto de adquisición de equipamentos e activos, a empresa tivo por obxectivo o fortalecemento da súa posición, capitalizando a empresa no nivel empresarial e artístico, e fomentando a innovación coa súa contribución ao tecido económico galego. Ademais, a empresa buscou aumentar a eficiencia de produción, diversificar as vías de negocio, crear oportunidades na comunidade e promover a eficiencia enerxética. Esta adquisición incluíu, entre outros, a incorporación de cámaras, equipos de son, estación de edición de imaxe, proxector, sistemas de almacenaxe, etc.

Tipo de produto

Adquisición de equipamento de imaxe, son e almacenaxe

Categoría

Produción audiovisual

Zeitun Films, fundada en 2010, lidera a internacionalización do cine galego con producións destacadas e premiadas en festivais de renome como Cannes, Berlín e Toronto. O seu enfoque artístico e cultural procura conectar co público global, combinando éxito crítico, comercial e de festivais. A empresa adoptou un modelo compacto e dinámico, dando prioridade á calidade nas súas producións. Mantendo o compromiso con novos directores e colaboradores, aspira a duplicar o seu nivel de produción e seguir sendo unha produtora galega de referencia no mundo.

Zeitun Films, S.L.

Praza da Gaiteira, 2 (15006 – A Coruña)
https://zeitunfilms.com
info@zeitunfilms.com

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

INNOVACIÓN TEATRAL A XANELA DO MAXÍN

Descrición:
O proxecto presentado tivo por finalidade aumentar a competitividade da empresa e atraer novos públicos ás artes escénicas a través da innovación teatral. Para logralo, realizouse unha proposta de melloras en iluminación led, con maior eficiencia enerxética e versatilidade artística. No ámbito do son, procurouse actualizar o sistema de micrófonos sen fíos e incorporar son envolvente para traballar en experiencias máis inmersivas. Por último, buscouse introducir tecnoloxía 3D, xunto a equipos informáticos e programas de edición, e adaptarse a novas canles e plataformas de distribución para ofrecer unha experiencia contemporánea.

Tipo de produto

Dotación de equipos de iluminación

Categoría

Produción e representación artística; aluguer de maquinaria

A Xanela do Maxín é unha compañía profesional de teatro de obxectos, monicreques e formas animadas que naceu en 2007 e conta xa con máis de 26 espectáculos producidos, con asistencia a festivais tanto nacionais como internacionais. Como compañía, participa en diversas redes e circuítos escénicos de toda España. Ademais de produción escénica, a empresa tamén produciu e realizou *webseries* audiovisuais de ficción para a infancia e contaba en 2022 con sete publicacións editoriais en Guindastre Edicións.

A Xanela do Maxín, S.L.

Lugar Quintáns, 18 (15865 – Brión)
https://www.axaneladomaxin.com
info@axaneladomaxin.com

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

DOTACIÓN DE ACTIVOS E EQUIPAMENTOS DE EXCÉNTRICAS



Descrición:
O proxecto de Excéntricas abordou tres áreas:

- A modernización técnica das súas xiras, incorporando tecnoloxías ecolóxicas como iluminación led, sistema de micrófonos avanzado, así como de dispositivos enerxeticamente eficientes, fortalecendo tamén a independencia técnica da compañía.
- A eficiencia interna, coa adquisición de dispositivos informáticos modernos para produción, distribución e comunicación, facilitando o teletraballo e mellorando a competitividade administrativa.
- Accesibilidade para persoas con discapacidades auditivas ou visuais mediante a implantación do Sistema Inclusivo Teatral (SINTE) e outras medidas, abrindo a porta a novas audiencias, incluíndo a opción de gravación de audiolibros, *podcast* e exploración do *streaming*.

Tipo de produto

Equipamento escénico, equipo informático e accesibilidade (SINTE)

Categoría

Produción e representación escénica

EXCÉNTRICAS PRODUCIÓNS

Producións Teatrais Excéntricas, S.L.

Rúa Ponte do Sar, 4
(15702 – Santiago de Compostela)
https://www.excentricas.net
ruben.excentricas@gmail.com

Producións Teatrais Excéntricas é unha empresa dedicada á creación de espectáculos teatrais, de produtos de entretemento e doutros obxectos culturais. Orienta os seus traballos ao territorio da comedia e da farsa, investigando nos mecanismos do humor. Serve como plataforma de produción a marcas de diversos cómicos galegos e do resto de España. Gañadora de numerosos premios polos seus espectáculos.

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

INCORPORACIÓN DE FERRAMENTAS

Descrición:
O proxecto executado foi a creación dun sistema de recollida, tratamento e análise de datos sobre públicos e incorporación de ferramentas de márketing dixital aos procesos de promoción de espectáculos ou en calquera exhibición cultural, grazas a diversas ferramentas e programas dixitais, coa finalidade de potenciar e incorporar novos públicos, mediante:

- Material informático, composto por ordenadores e monitores, así como periféricos e material informático auxiliar.
- Tabletas e PDAs para a recollida de enquisas e de datos mediante lectura de códigos QR, fundas e teclados.
- Dispositivos telefónicos móbiles, para a incorporación de datos de enquisas nos espazos de exhibición e para a visualización de aplicacións en distintas plataformas.
- Dispositivos de almacenamento.
- Servidores e sistemas de transmisión de datos sen fíos.
- A relación de adquisición doutros activos, como licenzas de programas de edición de vídeo, de márketing dixital, de monitorización de datos, módulos, etc.
- Ferramentas de integración de bases de datos personalizables con servizos de Google, Meta, encriptación, etc.

Desde 2015, Ainé traballa na creación e produción de contidos culturais de interese público, abranguendo todas as fases da produción de espectáculos de artes escénicas, da concepción das ideas ata a súa distribución. Tamén produce outros proxectos como festivais, iniciativas audiovisuais e de publicidade, etc.

Tipo de produto

Aplicación de xestión

Categoría

Produción escénica

Ainé Producións, S.L.

Rúa Enrique Mariñas, 32G (15009 – A Coruña)
https://aine.gal/
ola@aine.gal

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA MELLORA EMPRESARIAL



Descrición:
A axuda permitiu a adquisición dunha impresora de corte e gravado e unha impresora téxtil. A finalidade deste proxecto foi acadar unha mellora en distintos puntos do proceso produtivo (calidade e tempo de resposta, innovación, posición de mercado, incremento económico, etc.). Esta mellora tecnolóxica tamén abarata custes e ten un impacto ambiental máis sostible, e permitiu recuperar parte da facturación provocada por diversas crises que afectaron o sector.

Tipo de produto

Dotación de equipos de impresión

Categoría

Artes gráficas

Desde o ano 2008, Máis Deseño Silleda desenvolve a súa actividade no ámbito da organización de eventos relacionados coa música, co teatro, presentacións editoriais e na edición gráfica e editorial. Contan con participacións e colaboracións con persoas privadas, empresas e administracións públicas de toda Galicia, achegando a infraestrutura e experiencia necesarias para levar a cabo o seu labor.

Máis Deseño Silleda, S.L.

Rúa Santa Eulalia, 18 (36540 - Silleda)
maisdeseno@gmail.com

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

ACTUALIZACIÓN DE EQUIPAMENTO E SOFTWARE CON ADAPTACIÓN DOS ESPAZOS REQUIRIDOS

Descrición:
O obxectivo principal foi a modernización do seu equipamento e a actualización de infraestruturas nas salas dispoñibles en Babalú Studios para aumentar a súa competitividade no sector, mellorando as estruturas de produción empresarial e fomentando o desenvolvemento do traballo profesional do audiovisual en Galicia.

Tipo de produto

Dotación equipamento de son

Categoría

Produción e posprodución audiovisual

BabalúStudios
Voz propia

Babalú Studios, S.L.

Rúa Julio Rodríguez Yordi, 3 (15011 - A Coruña)
https://babalustudios.com
info@babalustudios.com

Babalú Studios nace en 2007 da man de profesionais do sector de son en Galicia con dedicación laboral en xestión, traballo actoral, son, etc. Desenvolveu o primeiro estudio de gravación 100% dixital de Galicia con cinco salas de gravación e dúas de mesturas de audio dixital para cine e televisión. Tamén realiza servizos de dobraxe en lingua galega para a TVG e proxectos diversos para grandes provedores de contidos audiovisuais nacionais e internacionais (Viacom, MTV Networks, etc.).

ACTUALIZACIÓN DE EQUIPAMENTO E SOFTWARE CON ADAPTACIÓN DOS ESPAZOS REQUIRIDOS - Imaxes do proxecto

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

ETIQUETA NEGRA – PLAN DE MODERNIZACIÓN



Descrición:
Co obxectivo de non perder relevancia competitiva, adaptándose a un mercado cambiante e con novas demandas, o proxecto presentado pola empresa continúa un proceso de modernización e innovación iniciado en 2022, baseado na dixitalización de procesos internos e o uso de ferramentas tecnolóxicas debido ao cambio de paradigma tras a Covid-19. Entre as adquisicións efectuadas, atópase diverso equipo informático e periféricos para o deseño e edición, así como o desenvolvemento e implantación dunha aplicación informática para a xestión de eventos e procesos internos (contidos de artistas, eventos, tarefas, folla de ruta, calendario, mapa de eventos, estimacións de gastos e ingresos, liquidacións, informes e formularios, etc.).

Tipo de produto

Dixitalización de procesos produtivos

Categoría

Produción escénica e representación

A empresa conta con máis de 20 anos de traxectoria e experiencia na produción de eventos de gran formato. Nos seus inicios, foi unha das empresas pioneiras na produción de espectáculos de *stand up comedy* en España. Nos últimos anos Etiqueta Negra Producciones abriu novas liñas: produción de eventos, servizos de asesoría para marcas e servizos de representación e xestión de artistas.

Etiqueta Negra Producciones, S.L.

Rúa Xela Arias, 31 (27600 - Sarria)
https://etiquetanegra.org/
contacto@etiquetanegra.org

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS E ACTIVOS

Descrición:
O proxecto presentado incidiu en dous obxectivos estratéxicos de traballo. O primeiro foi a dixitalización da organización coa mellora das condicións do teletraballo, o establecemento de novas liñas produtivas de traballo, a transformación do sitio web e a renovación tecnolóxica dos equipamentos de luz e son para os espectáculos. O segundo obxectivo incidiu na transformación dixital e internacionalización da empresa, coa adquisición de tecnoloxía de tradución e adecuación dos contidos do sitio web para facilitar a accesibilidade á clientela internacional.

Tipo de produto

Dotación de equipamentos de luz e son; transformación dixital

Categoría

Produción escénica e artística

Pista Catro Productora de Soños, S.L.

Rúa das Cancelas, 125
(15703 – Santiago de Compostela)
https://pistacatro.com/
distribucion@pistacatro.com

Pista Catro é unha empresa cultural das artes vivas galegas que xorde en 2006 da onda do novo circo en Galicia, e que non renuncia a ser unha proposta híbrida con outras artes vivas como a música en directo, o teatro físico ou a danza. Composta por un grupo de artistas multidisciplinares, en 2019 recibe o premio Roberto Bolaño ao mérito escénico.

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

SERVIZOS ADICIONAIS

Descrición:
O obxectivo do proxecto foi a adquisición de equipamentos de iluminación cinematográfica e activos auxiliares para actividades audiovisuais e escénicas. A infraestrutura estivo composta por un sistema de iluminación de última xeración que permitiu mellorar experiencia do usuario, a calidade das gravacións e a eficiencia enerxética. Tamén se adquiriron accesorios de control como tabletas, sistemas de comunicación, luxímetros, xeradores de corrente e outros elementos para optimizar a produción.

Tipo de produto

Dotación de equipos de iluminación

Categoría

Produción escénica e audiovisual; aluguer de equipamento

nalgures

Nalgures Producións, S.L.

Rúa do Baluro, 8 (27004 - Lugo)
https://nalgures.gal
nalgures@nalgures.gal

Nalgures Producións nace en 2006 como unha empresa de produción e promoción de espectáculos, axencia de contratación e produción fonográfica. Desenvolveu diversas edicións de espectáculos e festivais, e tamén traballou con artistas, orquestras e grupos musicais diferentes, xestionando a súa contratación.

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

MELLORA DA COMPETITIVIDADE, EFICIENCIA E SOSTIBILIDADE DE PLAYPLAN



Descrición:
O proxecto permitiu unha optimización constante da empresa dentro do tecido empresarial galego nun ciclo de mellora continua. Entre os obxectivos estiveron:

- Converterse nun competidor destacado no mercado nacional e internacional.
- Acceder a novos clientes con necesidades e expectativas superiores.
- Aforrar en custos de tempo e recursos.
- Realizar labores de desenvolvemento intelixente e sostible a través do coñecemento e a innovación.

A empresa investiu en equipamento de iluminación interior e exterior, así como de climatización, con tecnoloxía eficiente e sostible. Tamén renovou o equipamento informático, adquiriu cabinas insonorizadas, maquinaria de transporte de mercadorías, materiais e sistemas eléctricos, etc. Na parte de activos fixos inmateriais, optouse pola renovación integral do sitio web da empresa e a adquisición de programas e aplicacións de xestión de empresa.

PlayPlan conta con servizos de produción de eventos, proxectos a medida, consultaría, creatividade, comunicación, contratación de artistas, selo discográfico, tecnoloxía para eventos ou contido audiovisual, así como material e infraestrutura para eventos. Conta, entre outros recoñecementos, co selo de Calidade Turística en Destinos (SICTED) 2021, e co premio á excelencia dos Iberian Festivals Awards 2021, así como o premio á mellor estratexia de comunicación e márketing 2022 e o premio Mestre Mateo 2022 pola coprodución da canción "Figa" das Tanxugueiras.

Tipo de produto

Infraestrutura e equipamentos

Categoría

Produción escénica

PlayPlan Cultural, S.L.U.

Rúa do Santán, 3 - 36930, Bueu
https://playplan.es/
cultura@playplan.es

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE DA EMPRESA

Descrición:
Coa finalidade de seguir sendo competitivos e evolucionar coas novas necesidades detectadas no sector, o proxecto presentado baseou os seus obxectivos na adquisición de material profesional, con novos activos para o desenvolvemento de espectáculos e a incorporación de innovacións tecnolóxicas ao servizo da industria cultural. Un segundo obxectivo, ligado ao primeiro, foi a xeración de máis postos de traballo, procurando duplicar a capacidade de resposta á demanda e aumentar, deste xeito, a competitividade da empresa para fortalecer o tecido empresarial galego.
Entre os activos adquiridos atópase un completo equipamento de son: mesa de mesturas dixital, un equipo de micrófonos de primeiras marcas e un sistema de control sen fíos, así como os accesorios relacionados.

Tipo de produto

Dotación de equipamentos de son

Categoría

Produción escénica

ERGOAUDIO

Vilas y Puga Asociados, S.C.

Rúa Príncipe, 7 (36630 – Cambados)
https://ergoaudio.es
ergoaudio@ergoaudio.es

Vilas e Puga asociados nace en 2013 da man de José Antonio Vilas e José Puga, profesionais de son de longa traxectoria en colaboracións con diferentes artistas nacionais e internacionais. O seu labor baséase na oferta de primeiras marcas complementadas co seu amplo coñecemento desenvolvido ao longo da súa carreira. A empresa explora tamén outras liñas de negocio, como o asesoramento integral na formulación de directo do artista.

ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE DA EMPRESA - Imaxes do proxecto

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

MELLORA DO FLUXO DE TRABALLO E DOS SISTEMAS DE ILUMINACIÓN EN RODAXE



Descrición:
O proxecto presentado tivo por finalidade a mellora do fluxo de traballo e dos sistemas de iluminación en rodaxe. Os estándares actuais do mercado marcan unha necesidade de actualización constante, tanto en dotación de equipamentos como en competencias profesionais e organización do traballo:

- Mellorouse o sistema de iluminación coa adquisición de equipos led polivalentes e accesorios, como trípodes, baterías e monitores.
- A cantidade de material resultante dos diferentes proxectos fixo necesaria a implantación dun sistema de arquivo de última xeración, dotado de sistemas de control específicos e adaptables, optimizando e reducindo os tempos de produción, así como sistemas físicos de almacenamento e distintos accesorios e complementos.

Tipo de produto

Dotación de equipos de iluminación e xestión de material e arquivos

Categoría

Produción audiovisual

Director, editor e colorista, desenvolve a súa actividade profesional en diferentes ámbitos, destacando a de realizador (cun premio Mestre Mateo en 2022) e director en numerosas producións de televisións, vídeos musicais, curtametraxes e documentais. Tamén realiza labores de creación audiovisual propia e colabora con moitas entidades relevantes do ecosistema audiovisual galego.

Jairo Iglesias Martínez

Rúa Paz, 8 (15174 – Culleredo)
https://jairoiglesias.com
create@jairoiglesias.com

MELLORA DO FLUXO DE TRABALLO E DOS SISTEMAS DE ILUMINACIÓN EN RODAXE - Imaxes do proxecto

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

EQUIPAMENTO DE FRIDA FILMS

Descrición:
Debido ás novas formas de traballo provocadas polo aumento de coprodución estranxeiras, o proxecto tivo por finalidade atender diversas necesidades detectadas mediante a adquisición, por unha banda, de equipo informático de oficina, así como licenzas de programas de ofimática; e, pola outra, creouse unha sala de visualización, adquirindo e instalando o equipamento e mobiliario de traballo necesarios para poñer en marcha a nova infraestrutura, que contou cunha pantalla grande, un proxector de alta calidade, un sistema de son envolvente, iluminación controlada, tecnoloxía de control remoto, etc.

Tipo de produto

Equipamento de oficina e sala de visualización audiovisual

Categoría

Produción audiovisual

Frida Films, S.L.

Rúa da Rosa, 34
(15701 – Santiago de Compostela)
https://www.fridafilms.com/
info@fridafilms.com

Frida Films destaca na produción cinematográfica desde 2008. Enfocada en longametraxes e documentais de autor de alta calidade, a compañía exhibe un historial de recoñecementos e estreas en importantes festivais. A firma ten varios proxectos en desenvolvemento, destacando a súa colaboración internacional para fortalecer a presenza galega no panorama audiovisual.

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

ADQUISICIÓN DE EQUIPOS DE ILUMINACIÓN

Descrición:
Co obxectivo de ter ferramentas para potenciar a competitividade da empresa no sector, Producciones Emsac solicitou unha axuda para modernizar parte do seu equipamento de iluminación de escenarios (focos, emisores de man, módulos de carga, etc.). Esta adquisición tivo como finalidades:

- Desenvolver producións de maior calidade, ofrecendo as últimas tecnoloxías do sector a diferentes artistas e entidades promotoras de concertos.
- Ampliar o persoal especializado para manexar os equipos.
- Aumentar a competitividade e a posición dentro do mercado audiovisual.
- Evolucionar a novos ámbitos de negocio, ofrecendo equipos modernos, competitivos, eficientes e sostibles.

Tipo de produto

Dotación de equipos de iluminación

Categoría

Produción e representación artística; aluguer de maquinaria

Producciones Emsac, S.L.

Rúa San Antonio, 25 (36191 – Barro)
https://emsac.com
producciones@emsac.com

A empresa dedícase fundamentalmente á produción e aluguer de equipos de son e iluminación, escenarios, etc., tanto en Galicia como no resto do territorio nacional e Portugal.

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

FUTURO THINKING UP

Descrición:
O proxecto presentado consistiu na adquisición dunha base de activos fixos materiais e inmateriais, clasificados en varios apartados co obxectivo de incrementar a calidade dos servizos, economizar investimentos, dar soporte a diferentes proxectos e gañar en competitividade. Entre os activos adquiridos están:

- Material de escena relacionado con diversas disciplinas artísticas.
- Elementos de escena básicos e accesorios, concibidos para ser empregados en diferentes proxectos escénicos da empresa.
- Por outra banda, investiuse en elementos inmateriais (deseño, asesoría, adquisición dun programa ERP para mellorar a competitividade desde o punto de vista da xestión), etc.

Tipo de produto

Equipamento de produción escénica e eventos

Categoría

Produción escénica

Thinkingupevents, S.L.

Edificio CEM – Fundación Cidade da Cultura, s/n
(15707 – Santiago de Compostela)
https://www.thinkingupevents.com
info@thinkingupevents.com

A empresa leva desde 2010 realizando un labor de profesionalización e achega de valor ás artes escénicas e musicais, coa produción e promoción de numerosos eventos e festivais, así como de artistas como Alejandro Sanz, Luz Casal, Placebo, etc.

CT207N
Dotación de equipamentos e activos

WOS – PLAN DE MODERNIZACIÓN – FASE 1



Descrición:
O proxecto serviu para implantar un plan estratéxico de modernización e innovación posto en marcha tras a necesidade de transformación derivada da pandemia global da Covid-19. Este proceso incluíu o desenvolvemento dun programa ERP para xestión de procesos internos e externos, así como a adquisición de equipos informáticos, accesorios e periféricos, xunto con equipos de son profesionais.

Tipo de produto

Aplicación de xestión profesional e equipos informáticos e de son

Categoría

Produción musical

WORK ON SUNDAY

Work on Sunday, S.L.U.

Rúa Calvo Sotelo, 51 (27600 – Sarria)
https://workonsunday.es
info@workonsunday.es

Fundada en 2010 en Lugo, pasou de ser unha empresa organizadora de concertos a consolidarse como promotora de eventos e consultaría creativa con alcance nacional e internacional. En 2013 desenvolveu unha liña editorial (Matapadre Discográfica), representando diferentes artistas de Galicia. En 2014 puxo en marcha o festival urbano WOS que evolucionou e se internacionalizou, colleitando varios premios. A empresa tamén fai labores culturais como exposicións e proxectos diversos.

CONCLUSIÓNS

MENU
CANCEL
Rec
MF
AWB
RAW
SLOT SELECT
DISP. / BATT. INFO
INDEX
REMOTE
AEB
Exp.SIM
CHECK
0
100%
Intelligent Li-ion Battery
DC IN
8.4V

O Hub Audiovisual – Industria Cultural Galega tivo un impacto positivo e significativo no ecosistema cultural de Galicia, segundo indican os datos cuantitativos e cualitativos amosados nesta publicación. Os resultados e as métricas rexistradas na recompilación de datos reflicten **a consecución dos obxectivos iniciais**: o incremento do investimento no sector cultural para compensar os efectos da Covid-19 e o fortalecemento do talento, a capacitación e a competitividade das industrias culturais e creativas de cara ao futuro. Todo isto foi posible grazas á xestión dinámica do programa por parte da Axencia Galega das Industrias Culturais, que lle permitiu ter unha capacidade de reacción eficiente.

Os resultados do Hub Audiovisual son froito dun **esforzo colectivo e dialogado entre a administración e axentes do sector**. Entre 2021 e 2023, 90 entidades diferentes foron beneficiarias de 109 proxectos en actuacións do sector cultural (rodaxes, propostas audiovisuais, produción e exhibición musical e cinematográfica, videoxogos ou adquisición de equipamentos). Producíronse nove rodaxes audiovisuais en Galicia, 64 preprodución audiovisuais, case 600 concertos e actuacións musicais con máis dun centenar de artistas e grupos galegos implicados, a produción de diversas obras musicais (discos, videoclips, sinxelos, etc.), aplicacións de xestión cultural, desenvolvemento de dous videoxogos, actividades de exhibición cinematográfica, dotación de activos en máis de 39 entidades culturais...

Esta diversificación **beneficiou diferentes entidades da cadea de valor da industria cultural galega**, desde a produción ata a exhibición, e desde as empresas ou entidades que desenvolven exclusivamente o seu labor no ámbito da cultura como aqueloutras auxiliares ou de servizos. Así mesmo, hai que ter en conta que **os efectos das axudas alcanzaron outros ámbitos económicos** (asesorías legais, contratación de servizos e loxísticos, contratación de persoal auxiliar, contratos de prácticas...).

Por outra banda, a revitalización e fortalecemento das industrias culturais e creativas a través de investimentos estratéxicos no sector tivo un impacto significativo na economía. A partir dun investimento inicial de 9,6 millóns de euros, activouse un **incremento da produción económica en Galicia de case 32,3 millóns de euros**. As cifras constatan, así mesmo, o impacto positivo que as políticas de axuda tiveron nos diferentes sectores culturais e tecnolóxicos de Galicia, indicando, ademais, **unha aposta diversificada**, que potencia tanto as industrias máis tradicionais como a innovación tecnolóxica.

Cabe salientar, en especial, os resultados acadados polas axudas destinadas ás **rodaxes audiovisuais en Galicia**, cun incremento significativo de actividade económica –case oito veces superior á axuda recibida–, a xeración de 651 postos de traballo e un retorno ás administracións públicas de máis do 260% do investido.

Por outra banda, as axudas a infraestruturas culturais como as salas de exhibición e aos espazos beneficiarios que están dentro da Rede Galega de Música ao Vivo, aínda que presentan datos máis modestos, son fundamentais para o mantemento e **promoción e difusión da cultura galega**, servindo como plataformas para que o talento local poida florecer e ser recoñecido tanto no ámbito nacional como internacional.

Nesta mesma liña, cómpre resaltar o papel beneficioso e de aumento potencial de competitividade empresarial da liña de Dotación de equipamentos e activos da industria cultural e creativa galega. Trátase dun **investimento para o futuro**, situando a Galicia na fronteira da innovación e asegurando que o sector cultural seguirá sendo competitivo no ámbito dunha economía globalizada.

Para conseguir estas cifras, desde a Axencia Galega das Industrias Culturais foi necesario idear e desenvolver **un uso eficiente dos fondos e recursos** do Hub Audiovisual. Xa que logo, o crédito sobrante das liñas con menor demanda foi asignado a outras con demanda superior sempre que foi tecnicamente posible. Ao reinvestir crédito sobrante entre diferentes liñas de axuda, maximizouse a eficacia do uso dos fondos europeos, permitindo mellorar o impacto e o beneficio

nas áreas que amosaron unha maior necesidade e un interese significativo por parte dos beneficiarios e aumentando, xa que logo, a eficiencia global do programa.

A pesar dos esforzos realizados e do diálogo constante co sector, a iniciativa do **Hub Audiovisual afrontou retos**. Algunhas liñas tiveron menos demanda da inicialmente prevista, polo que houbo que realizar axustes dinámicos co fin de maximizar o orzamento previsto. Tamén se detectou a necesidade de adoptar estratexias de axudas desde un formato diferente en sectores como a exhibición cinematográfica, a música ao vivo ou o sector do videoxogo. A experiencia adquirida neste programa servirá para tomar as medidas de mellora que terán como consecuencia unha maior eficiencia na planificación e foco de vindeiras axudas e subvencións.

En definitiva, os datos e estatísticas sobre o desenvolvemento do Hub Audiovisual – Industria Cultural Galega confirman o éxito da iniciativa, converténdose en exemplo de como o **apoio aos sectores estratéxicos das industrias culturais e creativas galegas**, coordinado entre distintas administracións, poden xerar un crecemento económico, emprego profesional de calidade, un aumento da competitividade e un apoio para superar contextos de crise como os causados pola Covid-19. Actuando en programas a curto, medio e longo prazo, conséguese potenciar o sector cultural con ferramentas e axudas –previa consulta con representantes de cada ámbito–, baseadas na innovación, na sostibilidade e na diversidade.

ANEXO
METODOLÓXICO

MENU
CANCEL
Rec
MF
AWB
RAW
SLOT SELECT
DISP. / BATT. INFO
INDEX
REMOTE
AEB
Exp.SIM
CHECK
0
100%
Intelligent Li-ion Battery
DC IN
8.4V

Os estudos de impacto económico

A transparencia e a rendición de contas son cruciais no contexto actual, particularmente no uso de fondos públicos. Estes aspectos son fundamentais para fomentar o desenvolvemento sostible, xa que unha maior transparencia nas decisións e deseño de políticas permite identificar e promover prácticas socialmente responsables. Ademais, ambos aspectos xogan un papel clave na construción e mantemento da confianza da cidadanía. As persoas, cada vez máis informadas e conscientes, demandan maior claridade nas actuacións públicas, o que se traduce nunha maior confianza e nunha relación máis sólida a longo prazo. Por último, estes aspectos son esenciais para o cumprimento de normativas e regulacións. Nun mundo globalizado, con regulacións cada vez máis estritas, a transparencia e a rendición de contas non só garanten a conformidade legal, senón que tamén evitan riscos de reputación e legais que poden afectar gravemente unha organización.

A sensibilidade actual dos axentes económicos -tanto públicos como privados- cara a estes aspectos está a motivar a proliferación de estudos de impacto. Estes estudos son considerados ferramentas básicas para comprender o papel que desempeñan estes axentes nos seus respectivos ámbitos de actividade. Proporcionan información cualitativa e cuantitativa sobre a incidencia económica destas actividades, permitindo así coñecer o impacto dun investimento tanto desde unha perspectiva directa coma indirecta (por exemplo, a incidencia noutras actividades), así coma os beneficios que se xeran noutros eidos de actuación.

A metodoloxía de Insumo-Produto (*Input-Output*, ou IO) adapta a teoría neoclásica do equilibrio xeral ao estudo empírico da interdependencia cuantitativa entre actividades económicas. Este modelo, desenvolvido inicialmente polo economista Wassily Leontief na década de 1930, é unha técnica fundamental para analizar as interdependencias entre diferentes sectores dunha economía.

O modelo baséase nunha matriz que describe como os insumos (ou produtos) dun sector se converten en saídas (ou produtos) doutro sector, permitindo así unha análise detallada da estrutura produtiva dunha economía.

A matriz *Input-Output* (IO) mostra as relacións entre diferentes industrias e como os produtos e servizos dunha industria son utilizados por outras, así como polos consumidores finais. Esta matriz non só axuda a entender como flúe a produción a través de diferentes sectores, senón que tamén permite identificar as industrias clave que impulsan a economía e como os cambios nun sector poden afectar outros. Baseándose en soportes estatísticos, describe o fluxo de bens e servizos entre diferentes sectores dunha economía durante un período determinado, usualmente un ano. Isto permite amosar as similitudes e diferenzas entre os sectores e cuantificar a importancia relativa de cada quen na economía, así como a relación entre eles.

Unha das aplicacións máis importantes do modelo é a análise do efecto multiplicador, que mide como un cambio na demanda nun sector (como por exemplo un aumento do investimento ou do gasto do consumidor) pode xerar un efecto en cadea a través da economía. Para calcular o efecto multiplicador da demanda final, empréganse modelos de baseados en táboas IO simétricas. Con todo, é posible tamén utilizar modelos rectangulares (de formato orixe-destino), construídos a partir de hipóteses simplificadoras que transforman funcións de produción conxunta en simples. Estes modelos rectangulares permiten establecer relacións IO equivalentes ás dunha táboa simétrica, requirindo para iso a definición de dúas relacións entre os produtos e as producións por rama de actividade: unha seguindo a estrutura por liñas da matriz de produción e outra seguindo a estrutura por columnas. Este enfoque alternativo demanda unha maior especialización para a elaboración e interpretación correcta dos modelos.

Para interpretar efectos directos ou outro tipo de relacións de primeira orde, é recomendable utilizar as táboas de orixe (que recollen as producións de bens e servizos segundo produto e tipo de provedor das distintas ramas da actividade e as importacións dos mesmos) e destino (que recollen o emprego dos bens e servizos segundo produto e tipo de emprego e todos os compoñentes do Valor Engadido Bruto), posto que se depende de menos hipóteses adicionais que o formato simétrico.

A continuación, explícase a construción dun modelo de demanda (elaborado directamente sobre as táboas de Orixe e Destino, destacando a vantaxe principal do esquema rectangular IO: a súa dimensión de produtos por industrias permite introducir a demanda final (como variable exóxena) por produtos. Estes modelos constrúense a partir de hipóteses simplificadoras que facilitan a transformación de funcións de produción conxunta, como as implícitas nas táboas mencionadas, en funcións de produción simple, similares ás empregadas nos modelos de demanda. Basicamente, o obxectivo é construír de forma implícita relacións IO equivalentes ás que se atopan nunha táboa simétrica. Para isto, é preciso establecer dous tipos de relacións entre os produtos e as súas producións por rama de actividade: unha baseada na estrutura por liñas da matriz de produción e outra na estrutura por columnas. Así, existen dous tipos de modelos:

- **Modelos Baseados na Tecnoloxía do Produto.** Neste enfoque, cada produto prodúcese empregando unha tecnoloxía característica, independente do sector económico que o elabora. Aquí, mantense a estabilidade da matriz de coeficientes de especialización, o que significa que a estrutura das columnas da matriz de produción se manteñen constantes.

- **Modelos Baseados na Tecnoloxía do Sector de Actividade.** Neste caso, cada produto elabórase seguindo a tecnoloxía propia do sector, sen diferenciar entre os produtos principais e os secundarios. O modelo considera a estabilidade dos coeficientes de mercado, o que implica que a estrutura das filas da matriz de produción permanece inalterada.

Estes modelos son fundamentais para analizar e entender as dinámicas económicas, xa que permiten contemplar tanto a especialización tecnolóxica dos produtos como as características produtivas dos distintos sectores de actividade.

Cadro. *Táboa de orixe simplificada*

Oferta	Rama de actividade	Resto do mundo	Total
Produtos	Produción por produto e rama de actividade	Importacións por produto	Oferta total por produto
Total	Produción total por rama de actividade	Importacións totais	Oferta total

Cadro. *Táboa de destino simplificada*

Empregos	Rama de actividade	Resto do mundo	Gasto en consumo final	Formación bruta de capital	Total
Produtos	Consumos intermedios por produto e rama de actividade	Exportacións	Gasto en consumo final	Formación bruta de capital	Empregos totais por produto
Compoñentes do valor engadido	Valor engadido por compoñente e rama de actividade				
Total	*Inputs* totais por rama de actividade				

Na elaboración do modelo de tecnoloxía da industria admítese que a matriz de coeficientes de mercado (D) é estable temporalmente. É dicir, sempre se utiliza o suposto de cotas de mercado do produto constantes para as distintas ramas. Polo tanto, considérase a identidade por produto:

$$q = U^d i + y^d,$$

onde q é o vector de produción por produtos, y^d é a demanda final doméstica por produtos e U^d é a matriz de consumos intermedios interiores.

A continuación, é posible substituír a demanda intermedia doméstica, $U^d i$, pola multiplicación da matriz de coeficientes domésticos e o vector de produción por ramas de actividade (enténdese sobre a base da estabilidade dos coeficientes interiores). É dicir, tense que

$$q = B^d g + y^d.$$

Agora ben, segundo a outra hipótese de traballo, pode substituírse g por $D^T q$. En consecuencia,

$$q = B^d D^T q + y^d.$$

Co cal é posible elaborar o modelo de demanda correspondente a produción por produtos:

$$q = (I - B^d D^T)^{-1} y^d.$$

Dando os resultados en termos de g, a través de

$$g = D^T q = D^T (I - B^d D^T)^{-1} y^d.$$

A partir de aquí é posible dar os efectos sobre o emprego, co mesmo criterio que o fai o IGE para a táboa simétrica. Para evitar sobreestimacións na cuantificación de impactos económicos, débese acudir ás táboas IO de fluxos domésticos; é dicir, débese prescindir dos fluxos importados. A construción dos modelos é análoga á aquí exposta.

A metodoloxía común nos estudos de impacto económico distingue tres tipos de impactos: os efectos directos, os indirectos e os inducidos:

- **Efectos Directos.** Son aqueles xerados directamente pola demanda final[14].

- **Efectos Indirectos.** Refírese aos impactos xerados noutros sectores pola demanda dos sectores que satisfán a demanda directa.

- **Efectos Inducidos.** Son os xerados polo consumo da poboación residente relacionado coas rendas xeradas na economía local pola produción de bens e servizos directa e indirectamente relacionados coa satisfacción da demanda.

A relevancia dos modelos baseados na metodoloxía *Input-Output* (IO) deriva da súa capacidade para estudar con relativa facilidade e aproximación á realidade todos estes efectos provocados polos cambios nun sector. En contraste con outros modelos, como os econométricos, que analizan efectos sobre un número limitado de sectores e estiman só efectos parciais, os modelos IO poden estimar os efectos xerais dunha política pública.

Ademais, esta metodoloxía tamén permite analizar a demanda de emprego nunha economía, distinguindo os requirimentos de emprego directos e totais. Os empregos directos reflicten a cantidade de emprego que unha rama da economía necesita nun período determinado para producir unha unidade da súa produción. Os empregos totais representan a variación do emprego cando unha rama da economía aumenta a súa demanda final nunha unidade, permitindo así a cada rama dispoñer do seu coeficiente directo e total de emprego. O cálculo é:

Coeficientes directos: $li = \dfrac{\textit{Emprego rama } i}{\textit{Produción rama } i}$

Coeficientes totais: $L = l\,(l - A) - 1$

Onde l é a matriz que recolle todos os coeficientes directos de emprego de todas as ramas da economía, e L unha matriz de igual dimensión que a anterior, na que se recollen os coeficientes totais de emprego por unidade de demanda final para cada rama.

[14] Por exemplo, se unha empresa constrúe un edificio, os efectos directos inclúen o traballo e os materiais necesarios para a construción. Se a empresa compra aceiro dunha siderurxia, os efectos indirectos inclúen a actividade económica xerada na siderurxia e os seus provedores. O efecto inducido, pola súa banda, inclúe o gasto dos traballadores da construción e da siderurxia en bens e servizos locais.

AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS

UNIÓN EUROPEA